



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 02 de febreiro de 2023 (1363/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez

D^a Elena Espinosa Mangana

D. Carlos López Font

D. Abel Losada Álvarez

D. Jaime Aneiros Pereira

D^a Yolanda Aguiar Castro

D^a Patricia Rodríguez Calviño

D^a M^a Carmen Silva Rego

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día dous de febreiro de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

O concelleiro Sr. Aneiros Pereira únese á reunión en modo virtual.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(41).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbanse as actas da sesións ordinarias do 20 e 26 de xaneiro de 2023 . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(42).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SOPORTE EN MATERIA DE PROGRAMACIÓN, ASESORAMENTO E DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS E ASISTENCIA A USUARIOS. EXPTE. 9901/113.

Visto o informe xurídico do 24/01/2023 e o informe de fiscalización do 25/01/2023, dáse conta do informe-proposta de data 24/01/2023, asinado polo xefe do Servizo de Admón. Electrónica e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 18/08/2022 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación do servizo de soporte en materia de: asesoramento, desenvolvemento de proxectos, análise, programación e asistencia a usuarios.

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 01/07/2022 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal da mesma data.
- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 02/01/2023 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 23/01/2023 asinado polo xefe do servizo de Administración Electrónica.
- Memoria económica do contrato de data 13/01/2023, asinada polo xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal .
- Memoria xustificativa do contrato de data 13/01/2023, asinado polo xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.
- Informe da Xefa do de Servizo de Contratación de data 24/01/2023, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 13/01/2023.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos



Concello de Vigo

previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polos decretos de delegación de Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 e 16/04/2021 e acordos da Xunta de Goberno Local de datas 20/06/2019, 04/07/2019, 11/07/2019, 05/09/2019 e 18/08/2020 e posteriores modificacións. A concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal mediante resolución de data 01/07/2022 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP, tramítase como un contrato de servizos.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na Memoria establécese o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e **ordinario** coa finalidade de realizar a *contratación* do servizo de soporte en materia de: asesoramento, desenvolvemento de proxectos, análise, programación e asistencia a usuarios, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 01/07/2022 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal da mesma data.
- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 02/01/2023 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 23/01/2023 asinado polo xefe do servizo de Administración Electrónica.
- Memoria económica do contrato de data 13/01/2023, asinada polo xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.
- Memoria xustificativa do contrato de data 13/01/2023, asinado polo xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.
- Informe da Xefa do de Servizo de Contratación de data 24/01/2023, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 13/01/2023.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de **600.000,00 €**, que inclúe un I.V.E. de **104.132,23 €**, dende o 1 de Maio de 2023, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Exercicio	concepto	partida/Proxecto	base	ive	total
2023	SERVIZOS E TRABALLOS TÉCNICOS	9207 2270603	165.289,26 €	34.710,74 €	200.000,00 €
2024	SERVIZOS E TRABALLOS TÉCNICOS	9207 2270603	165.289,26 €	34.710,74 €	200.000,00 €
2025	SERVIZOS E TRABALLOS TÉCNICOS	9207 2270603	165.289,26 €	34.710,74 €	200.000,00 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

3(43).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE EQUIPAMENTO INFORMÁTICO VARIADO. EXPTE. 10017/113.

Visto o informe xurídico do 23/01/2023 e o informe de fiscalización do 24/01/2023, dáse conta do informe-proposta de data 16/01/2023, asinado polo xefe do Servizo de Admón. Electrónica e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

- 1.- En data 19/12/2022 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación do subministro de equipamento informático variado.
- 2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:
 - Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 19/12/2022 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal da mesma data.
 - Documento económico sobre a existencia de crédito de data 11/01/2023 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
 - Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 13/01/2023 asinado polo xefe do servizo de Administración Electrónica.
 - Memoria económica do contrato de data 26/12/2022, asinada polo xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal .
 - Memoria xustificativa do contrato de data 13/01/2023, asinado polo xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.
 - Informe da Xefa do de Servizo de Contratación de data 13/01/2023, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
 - Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 13/01/2023.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polos decretos de delegación de Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 e 16/04/2021 e acordos da Xunta de Goberno Local de datas 20/06/2019, 04/07/2019, 11/07/2019, 05/09/2019 e 18/08/2020 e posteriores modificacións. A concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal mediante resolución de data 19/12/2022 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 16 da LCSP, tramítase como un contrato de subministros.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na Memoria establécese o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte



Concello de Vigo

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a *contratación* do subministro de equipamento informático variado, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 19/12/2022 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal da mesma data.
- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 11/01/2023 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 13/01/2023 asinado polo xefe do servizo de Administración Electrónica.
- Memoria económica do contrato de data 26/12/2022, asinada polo xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal .
- Memoria xustificativa do contrato de data 13/01/2023, asinado polo xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.
- Informe da Xefa do de Servizo de Contratación de data 13/01/2023, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 13/01/2023.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de **19.500,00 €**, que inclúe un I.V.E. de **3.384,30 €**, dende o 1 de marzo de 2023, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Exercicio	concepto	partida/Proxecto	base	ive	total
2023	Adquisición de medios informáticos	9207.6260000	16.115,70 €	3.384,30 €	19.500,00 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(44).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE DIVERSO MATERIAL CONSUMIBLE INFORMÁTICO. EXPTE. 10018/113.

Visto o informe xurídico do 24/01/2023 e o informe de fiscalización do 24/01/2023, dáse conta do informe-proposta de data 23/01/2023, asinado polo xefe do Servizo

de Admón. Electrónica e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 19/12/2022 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación do subministro de diverso material consumible informático.

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 19/12/2022 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal da mesma data.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 22/12/2022 asinado polo xefe do servizo de Administración Electrónica.

- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 13/01/2023 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Memoria económica do contrato de data 19/01/2023, asinada polo xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal e do Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.

- Memoria xustificativa do contrato de data 19/01/2023, asinada polo xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.

- Informe da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 20/01/2023, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 20/01/2023.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polos decretos de delegación de Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 e 16/04/2021 e acordos da Xunta de Goberno Local de datas 20/06/2019, 04/07/2019, 11/07/2019, 05/09/2019 e 18/08/2020 e posteriores modificacións. A concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal mediante resolución de data 19/12/2022 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 16 da LCSP, tramítase como un contrato de subministros.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de

contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación do subministro de diverso material consumible informático, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 19/12/2022 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal da mesma data.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 22/12/2022 asinado polo xefe do servizo de Administración Electrónica.
- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 13/01/2023 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- Memoria económica do contrato de data 19/01/2023, asinada polo xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal e do Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.
- Memoria xustificativa do contrato de data 19/01/2023, asinada polo xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.
- Informe da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 20/01/2023, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 20/01/2023.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de **30.000,00 €**, que inclúe un I.V.E. de **5.206,62 €**, dende o 1 de marzo de 2023, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

exercicio	concepto	partida/proxecto	base	ive	total
2023	Reposos de informática non inventariables	9207.2211200	24.793,38 €	5.206,62 €	30.000,00 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

5(45).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE MANTEMENTO DA APLICACIÓN DE XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS E NÓMINAS. EXPTE. 9958/113.

Visto o informe xurídico do 25/01/2023 e o informe de fiscalización do 27/01/2023, dáse conta do informe-proposta de data 17/01/2023, asinado pola adxunta á Xefatura do Servizo de Admón. Electrónica, o xefe do Servizo, a concelleira-delegada de Xestión Municipal e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Lexislación aplicable

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- RD Lex. 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- RD Lex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

Antecedentes

O Contrato de Mantemento da aplicación de Xestión de RRHH e Nóminas (expte. 9301/113), adxudicouse por Acordo da Xunta de Goberno Local de 12 de marzo de 2021, á empresa SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, S.L. por un prezo total do mantemento estándar de 56.291,62 euros (sendo o importe correspondente ao IVE de 9.769,62 euros) e un prezo total de soporte técnico adicional de 47.311,00 euros (sendo o importe correspondente ao IVE de 8.211,00 euros).

O contrato formalizouse en data 22/04/2021, entrou en vigor o 23/04/2021 e remata o 22/04/2023.

Fundamentos

1. O artigo 29 da LCSP dispón, no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, e que a prórroga será acordada polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos dous meses antes do prazo de duración do contrato, salvo que no prego do contrato se estableza un maior.
No apartado 4 do mesmo artigo, establécese que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de 5 anos, incluíndo as prórrogas, salvo que se trate dalgunha das excepcións recollidas nese apartado.
2. Neste contrato resulta que:
 - Na cláusula 7 “Prazo de execución”, do PCAP, figura que *“Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato”*.
 - No apartado 4.C das FEC indícase: *“Prórroga do contrato e en caso afirmativo, duración: dúas prórrogas de un ano de duración cada unha”*.
 - Prorrógase segundo os conceptos e importes dos exercicios 2021 e 2022.

- No apartado 11 das FEC, sobre o réxime de pagamento, indícase que:
“O importe a aboar ao contratista en concepto de mantemento farase efectivo durante o primeiro semestre do exercicio, previa presentación da correspondente factura que será conformada polo responsable do contrato. O importe correspondente ás horas aboarse semestralmente, unha vez realizadas e verificadas polas persoas técnicas responsables dos servizos correspondentes”.
3. Prezo da prórroga:
O prezo total da prórroga ascende a 51.801,31€, dos cales 8.990,31 corresponden ao IVE.
 4. Financiamento:
A prórroga financiarase con cargo á aplicación orzamentaria: 9207.2279902 (Mantemento Software).

Exercicio	Concepto	Aplicación orzamentaria	Importe
2023	Mantemento estándar	9207.2279902	28.145,81 €
2023	Soporte técnico adicional	9340.2270602	23.655,50 €
Total			51.801,31 €

5. A empresa *SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, S.L.*, no transcurso do período contractual desenvolveu os traballos de acordo cos criterios marcados no prego de condicións técnicas e tamén coa súa oferta polo que se considera que o servizo se prestou de xeito satisfactorio.
Precísase tramitar esta prórroga debido á necesidade de continuar co servizo mantemento da aplicación de xestión de RRHH e nóminas.
A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, posto que é continuación dun servizo que se ven desenvolvendo con anterioridade e polo tanto encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3: "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias: a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos."
6. Consta no expediente notificación número 1498/2023 recibida pola empresa con data 16/01/2023 que contén o preaviso de execución da prórroga que se comunica coa antelación mínima esixida, conlevando que dita prórroga sexa obrigatoria para o contratista.
7. O expediente de prórroga do contrato iniciárase polo órgano de contratación, estando delegada no Concello de Vigo polo acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro do 2020 polo que se aproba o texto consolidado de delegación de competencias nos concelleiros delegados da Área. A tal fin, consta no expediente resolución da concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, de data 3 de xaneiro de 2023, autorizando o inicio de este expediente da primeira prórroga do contrato.
8. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.
9. A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de



Concello de Vigo

contratación de conformidade ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público.

Á vista do exposto, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, coas conformidades da concelleira-delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal mailo concelleiro-delegado da Área de Facenda e Orzamentos, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- 1.- Acordar a PRÓRROGA DO SERVIZO DE MANTEMENTO DA APLICACIÓN DE XESTIÓN DE RR.HH. E NÓMINAS (EXPT 9301-113) polo período dun ano, do 23 de abril de 2023 ao 22 de abril de 2024, polo importe total de 51.801,31 € IVE engadido.
- 2.- Autorizar o gasto de **51.801,31 euros** (IVE incluído) que representa a prórroga, con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e exercicio:

<i>Partida</i>	<i>Exercicio</i>	<i>IVE</i>	<i>Base</i>	<i>Importe total</i>
9207.2279902 (Mantemento Software)	2023	4.884,81 €	23.261,00 €	28.145,81 €
9207.2279902 (Mantemento Software)	2023	4.105,50 €	19.550,00 €	23.655,50 €
Total exercicio 2023		8.990,31 €	42.811,00 €	51.801,31 €

3.- Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra el caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(46).-PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO INTEGRADO DE COMUNICACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 10039/113.

Visto o informe xurídico do 25/01/2023 e o informe de fiscalización do 27/01/2023, dáse conta do informe-proposta de data 25/01/2023, asinado xefe do Servizo de Admón. Electrónica, a concelleira-delegada de Xestión Municipal e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Legislación aplicable

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- RD Lex. 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- RD Lex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

Antecedentes

O Contrato do servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo (expte. 8685/113), adxudicouse por Acordo da Xunta de Goberno Local de 4 de xuño de 2019, á empresa UTE TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U. e TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. por un prezo de 522.141,94 euros anuais (sendo o importe correspondente ao IVE de 90.619,68 euros anuais).

O contrato formalizouse en data 01/07/2019, entrou en vigor o 01/07/2019 e remata o 30/06/2023.

Consta no expediente resolución da Concelleira-delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, de data 3 de xaneiro, dispoñendo se proceda a instruír a primeira e única prórroga do contrato por ser necesario continuar ca prestación do servizo da empresa contratada.

Fundamentos

1. O artigo 29 da LCSP dispón, no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, e que a prórroga será acordada polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos dous meses antes do prazo de duración do contrato, salvo que no prego do contrato se estableza un maior.
No apartado 4 do mesmo artigo, establécese que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de 5 anos, incluíndo as prórrogas, salvo que se trate dalgunha das excepcións recollidas nese apartado.
2. Neste contrato resulta que:
 - Na cláusula 7 “Prazo”, do PCAP, figura que *“Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato”.*
 - No apartado 4.C das FEC indícase: *“Prórroga do contrato e en caso afirmativo, duración: si, unha prórroga dun ano de duración”.*
 - Prorrógase segundo os conceptos e importes dos exercicios 2019 a 2023.
 - No apartado 11 das FEC, sobre o réxime de pagamento, indícase que:
*“O contrato aboarase por mensualidades fixas concertadas calculadas a partires da división entre 12 meses do importe anual da adxudicación, incluíndo o IVE correspondente.
O adxudicatario presentará anualmente un informe dos custos reais do servizo do ano anterior, de forma que queden reflectidas todas as posibles*



Concello de Vigo

variacións producidas polas modificacións realizadas no contrato nese intervalo de tempo. O informe deberá incluír unha proposta de regularización dos importes aboados. O adxudicatario deberá presentar o informe de regularización nun prazo máximo de 90 días despois da finalización de cada ano de contrato.

A proposta de regularización incluírá separadamente os consumos reais de tipo variable e os custos fixos dos servizos.

Este informe, unha vez validado e comprobado polo responsable municipal do contrato, xerará un expediente de proposta de regularización que se someterá a aprobación da Xunta de Goberno Local e que, segundo o caso, poderá supoñer un aboamento ou reintegro das cantidades regularizadas nun pago único.

O Concello resérvase a opción de solicitar o informe de regularización e proceder o trámite da mesma se o cre preciso por mor do volume ou natureza das modificacións realizadas.

Durante o período de transición os pagamentos terán en conta as condicións sobre a regulación do procedemento de cambio de operador do apartado 5.4 do PPT."

3. Prezo da prórroga:

O prezo total da prórroga ascende a 522.141,92 €, dos cales 90.619,68 € corresponden ao IVE.

4. Financiamento:

A prórroga financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e exercicios:

Exercicio	Concepto	Aplicación orzamentaria	Importe
2023	Servizo integral comunicacións	9200.2220000	261.070,96 €
2024	Servizo integral comunicacións	9200.2220000	261.070,96 €
Total			522.141,92 €

5. A empresa *UTE TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U. e TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U.*, no transcurso do período contractual desenvolveu os traballos de acordo cos criterios marcados no prego de condicións técnicas e tamén coa súa oferta polo que se considera que o servizo se prestou de xeito satisfactorio.

Precísase tramitar esta prórroga debido á necesidade de continuar co servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, posto que é continuación dun servizo que se ven desenvolvendo con anterioridade e polo tanto encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3: "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias: a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos."

6. Consta no expediente notificación número 1495/2023 recibida pola empresa con data 13/01/2023 que contén o preaviso de execución da prórroga que se comunica coa

antelación mínima esixida, conlevando que dita prórroga sexa obrigatoria para o contratista.

7. O expediente de prórroga do contrato iniciárase polo órgano de contratación, estando delegada no Concello de Vigo polo acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro do 2020 polo que se aproba o texto consolidado de delegación de competencias nos concelleiros delegados da Área. A tal fin, consta no expediente resolución da concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, de data 3 de xaneiro de 2023, autorizando o inicio de este expediente da primeira prórroga do contrato.
8. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.
9. A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público.

Á vista do exposto, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, coas conformidades da concelleira-delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal mailo concelleiro-delegado da Área de Facenda e Orzamentos, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- 1.- Acordar a PRÓRROGA DO SERVIZO INTEGRAL DE COMUNICACIÓNS (EXPTE 8685-113) polo período dun ano, do 1 de xullo de 2023 ao 30 de xuño de 2024, polo importe total de 522.141,94 € IVE engadido.
- 2.- Autorizar o gasto de **522.141,92 euros** (IVE incluído) que representa a prórroga, con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e exercicios:

Partida	Exercicio	IVE	Base	Importe total
9200.2220000 Servizo integral comunicacións	2023	45.309,84	215.761,12	261.070,96 €
Total exercicio 2023				261.070,96 €
9200.2220000- Servizo integral comunicacións	2024	45.309,84	215.761,12	261.070,96 €
Total exercicio 2024				261.070,96 €
TOTAL		90.619,68	431.522,24	522.141,92 €



Concello de Vigo

3.- Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra el caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(47).-PRÓRROGA DO SERVIZO DE MANTEMENTO DO SOFTWARE VMWARE. EXPTE. 10044/113.

Visto o informe xurídico do 24/01/2023 e o informe de fiscalización do 25/01/2023, dáse conta do informe-proposta de data 16/01/2023, asinado polo xefe do Servizo de Admón. Electrónica, pola concelleira-delegada de Xestión Municipal e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Lexislación aplicable

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- RD Lex. 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- RD Lex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

Antecedentes

O Contrato do servizo de mantemento do software VMWARE (expte. 9101/113), adxudicouse por Acordo da Xunta de Goberno Local de 11 de xuño de 2020, á empresa INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U. por un prezo de 25.177,53 euros (sendo o importe correspondente ao IVE de 4.369,65 euros).

O contrato formalizouse en data 12/06/2020, entrou en vigor o 13/06/2020 e remata o 12/06/2023.

Fundamentos

1. O artigo 29 da LCSP dispón, no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, e que a prórroga será acordada polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se

produza polo menos dous meses antes do prazo de duración do contrato, salvo que no prego do contrato se estableza un maior.

No apartado 4 do mesmo artigo, establécese que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de 5 anos, incluíndo as prórrogas, salvo que se trate dalgunha das excepcións recollidas nese apartado.

2. Neste contrato resulta que:
 - Na cláusula 7 “Prazo”, do PCAP, figura que *“Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato”*.
 - No apartado 4.C das FEC indícase: *“Prórroga do contrato e en caso afirmativo, duración: 2, dun ano de duración cada unha”*.
 - Prorrógase segundo os conceptos e importes dos exercicios 2020, 2021 e 2022.
 - No apartado 11 das FEC, sobre o réxime de pagamento, indícase que: *“O pagamento farase efectivo con periodicidade anual tras a actualización das correspondentes licenzas”*.
3. Prezo da prórroga:

O prezo total da prórroga ascende a 8.392,51 euros, dos cales 1.456,55 € corresponden ao IVE.
4. Financiamento:

A prórroga financiarase con cargo á aplicación orzamentaria: 9207.2279902 (Mantemento Software).
5. A empresa *INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U.*, no transcurso do período contractual desenvolveu os traballos de acordo cos criterios marcados no prego de condicións técnicas e tamén coa súa oferta polo que se considera que o servizo se prestou de xeito satisfactorio.

Precísase tramitar esta prórroga debido á necesidade de continuar co servizo mantemento do software VMWARE do Concello de Vigo.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, posto que é continuación dun servizo que se ven desenvolvendo con anterioridade e polo tanto encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3: "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias: a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos."
6. Consta no expediente notificación número 1497/2023 recibida pola empresa con data 16/01/2023 que contén o preaviso de execución da prórroga que se comunica coa antelación mínima esixida, conlevando que dita prórroga sexa obrigatoria para o contratista.
7. O expediente de prórroga do contrato iniciárase polo órgano de contratación, estando delegada no Concello de Vigo polo acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro do 2020 polo que se aproba o texto consolidado de delegación de competencias nos concelleiros delegados da Área. A tal fin, consta no expediente resolución da concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, de data 3 de xaneiro de 2023, autorizando o inicio de este expediente da primeira prórroga do contrato.



Concello de Vigo

8. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.
9. A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público.

Á vista do exposto, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, coas conformidades da concelleira-delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal mailo concelleiro-delegado da Área de Facenda e Orzamentos, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- 1.- Acordar a PRÓRROGA DO SERVIZO DE MANTEMENTO DO SOFTWARE VMWARE (EXPTE 9101-113) polo período dun ano, do 13 de xuño de 2023 ao 12 de xuño de 2024, polo importe total de 8.392,51 € IVE engadido.
- 2.- Autorizar o gasto de **8.392,51 euros** (IVE incluído) que representa a prórroga, con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e exercicio:

Partida	Exercicio	IVE	Base	Importe total
9207.2279902 (Mantemento Software)	2023	1.456,55 €	6.935,96 €	8.392,51 €
Total exercicio 2023				8.392,51 €

3.- Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra el caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(48).-PRÓRROGA DO SERVIZO DE MANTEMENTO E SOPORTE DE APLICACIÓNS PROPIEDAD DO CONCELLO. EXPTE. 10045/113.

Visto o informe xurídico do 23/01/2023 e o informe de fiscalización do 24/01/2023, dáse conta do informe-proposta de data 18/01/2023, asinado polo xefe do Servizo

de Admón. Electrónica, aconcalleira-delegada de Xestión Municipal e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Lexislación aplicable

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- RD Lex. 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- RD Lex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

Antecedentes

O Contrato do servizo de mantemento do software desenvolvido internamente (expte. 8952/113), adxudicouse por Acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de abril de 2020, á empresa IMATIA INNOVATION, S.L. por un prezo de 120.000,00 euros (sendo o importe correspondente ao IVE de 20.826,45 euros).

O contrato formalizouse en data 19/05/2020, entrou en vigor o 20/05/2020 rematando o 19/05/2021.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021, autorízase a primeira prórroga do contrato polo período dun ano, do 20/05/2021 ao 19/05/2022, por importe de 120.000,00 euros (sendo o importe correspondente ao IVE de 20.826,45 euros anuais).

Así mesmo, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/03/2022, autorízase a segunda prórroga do contrato polo período dun ano, do 20/05/2022 ao 19/05/2023, por importe de 120.000,00 euros (sendo o importe correspondente ao IVE de 20.826,45 euros anuais).

Fundamentos

1. O artigo 29 da LCSP dispón, no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, e que a prórroga será acordada polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos dous meses antes do prazo de duración do contrato, salvo que no prego do contrato se estableza un maior.
No apartado 4 do mesmo artigo, establécese que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de 5 anos, incluíndo as prórrogas, salvo que se trate dalgunha das excepcións recollidas nese apartado.
2. Neste contrato resulta que:
 - Na cláusula 7 "Prazo", do PCAP, figura que *"Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da*



Concello de Vigo

obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses”.

- No apartado 4.C das FEC indícase: “*Prórroga do contrato e en caso afirmativo, duración: si, catro prórrogas dun ano de duración cada unha*”.
 - O contratista, manifestou por escrito o día 10/01/2023 o seu interese en proceder coa prórroga mediante o documento co número de rexistro 230007951.
 - Prorrógase segundo os conceptos e importes dos exercicios 2020, 2021 e 2022.
 - No apartado 11 das FEC, sobre o réxime de pagamento, indícase que:
“*O pago farase efectivo a mes vencido tras a xustificación das horas empregadas para a realización das tarefas encomendadas*”.
3. Prezo da prórroga:
O prezo total da prórroga ascende a 120.000,00 €, dos cales 20.826,45 € corresponden ao IVE.
4. Financiamento:
A prórroga financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias en cada exercicio:

Partida	Exercicio	Base	IVE	Importe
9207.2279902 Mantemento Software	2023	43.363,64 €	9.106,36 €	52.470,00 €
2310.2279900 Estudios e traballos técnicos – Área de Benestar Social	2023	18.595,04 €	3.904,96 €	22.500,00 €
9320.2279900 Estudios e traballos técnicos – Xestión de Ingresos	2023	12.421,49 €	2.608,51 €	15.030,00 €
Total exercicio	2023	74.380,17 €	15.619,83 €	90.000,00 €
9207.2279902 Mantemento Software	2024	14.487,60 €	3.042,40 €	17.530,00 €
2310.2279900 Estudios e traballos técnicos – Área de Benestar Social	2024	6.198,35 €	1.301,65 €	7.500,00 €
9320.2279900 Estudios e traballos técnicos – Xestión de Ingresos	2024	4.107,44 €	862,56 €	4.970,00 €
Total exercicio	2024	24.793,39 €	5.206,61 €	30.000,00 €
TOTAL PRÓRROGA		99.173,56 €	20.826,44 €	120.000,00 €

5. A empresa *IMATIA INNOVATION S.L.*, no transcurso do período contractual desenvolveu os traballos de acordo cos criterios marcados no prego de condicións técnicas e tamén coa súa oferta polo que se considera que o servizo se prestou de xeito satisfactorio.

Precísase tramitar esta prórroga debido á necesidade de continuar co servizo mantemento de aplicacións desenvolvidas internamente e propiedade do Concello de Vigo.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, posto que é continuación dun servizo que se ven desenvolvendo con anterioridade e polo tanto encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3: "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias: a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos."

6. O expediente de prórroga do contrato iniciárase polo órgano de contratación, estando delegada no Concello de Vigo polo acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro do 2020 polo que se aproba o texto consolidado de delegación de competencias nos concelleiros delegados da Área. A tal fin, consta no expediente resolución da concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, de data 5 de xaneiro de 2023, autorizando o inicio de este expediente da terceira prórroga do contrato.
7. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.
8. A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público.

Á vista do exposto, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, coas conformidades da concelleira-delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal mailo concelleiro-delegado da Área de Facenda e Orzamentos, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- 1.- Acordar a TERCEIRA PRÓRROGA DO SERVIZO DE MANTEMENTO DO SOFTWARE DESENVOLVIDO INTERNAMENTE (EXPTE 8952-113) polo período dun ano, do 20 de maio de 2023 ao 19 de maio de 2024, polo importe total de 120.000,00 € IVE engadido.
- 2.- Autorizar o gasto de **120.000,00 euros** (IVE incluído) que representa a prórroga, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:

Partida		Exercicio	Base	IVE	Importe
9207.2279902	Mantemento Software	2023	43.363,64 €	9.106,36 €	52.470,00 €
2310.2279900	Estudios e traballos técnicos – Área de Benestar Social	2023	18.595,04 €	3.904,96 €	22.500,00 €
9320.2279900	Estudios e traballos técnicos – Xestión de Ingresos	2023	12.421,49 €	2.608,51 €	15.030,00 €
Total exercicio		2023	74.380,17 €	15.619,83 €	90.000,00 €
9207.2279902	Mantemento Software	2024	14.487,60 €	3.042,40 €	17.530,00 €
2310.2279900	Estudios e traballos técnicos – Área de Benestar Social	2024	6.198,35 €	1.301,65 €	7.500,00 €
9320.2279900	Estudios e traballos técnicos – Xestión de Ingresos	2024	4.107,44 €	862,56 €	4.970,00 €
Total exercicio		2024	24.793,39 €	5.206,61 €	30.000,00 €
TOTAL PRÓRROGA			99.173,56 €	20.826,44 €	120.000,00 €

- 3.- Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra el caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados



Concello de Vigo

do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccetes. da Lei 29/98).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(49).-MODIFICACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN CONCELEIROS-DELEGADOS DE ÁREA: CONCELLERÍA DE SEGURIDADE, CONTRATACIÓN E XESTIÓN MUNICIPAL. EXPTE. 601/1102.

Dáse conta do informe-proposta de data 26/01/2023, asinado pola secretaria de Admón. Municipal, a concelleira-delegada de Xestión Municipal e polo alcalde, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 20.06.2019 e posterior de data 4.07.2019, 11.07.2019 e 5.09.2019, 22.04.2021, 21.06.2021, 10.03.2022 e 8.09.2022 adoptou acordo de delegación de determinadas atribucións nas Concellerías Delegadas das Áreas delimitadas por Resolución desta Alcaldía de data 18 de xuño de 2019.

A necesidade de imprimir axilidade na tramitación dos expedientes de contratación aconsellan delegar na concelleira delegación de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal as competencias atribuídas á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación en materia de resolución de solicitudes de confidencialidade das ofertas (artigo 133 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), aceptación ou rexeitamento da xustificación dos valores anormais ou desproporcionados das ofertas (artigo 149.6 LCSP) e solicitudes de ofertas de acordos marco de Centrais de Contratación (artigo 226 LCSP).

E por isto polo que procede formular á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta

Primeiro.- Modificar o acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 20.06.2019 e posterior de data 4.07.2019, 11.07.2019 e 5.09.2019, 22.04.2021, 21.06.2021, 10.03.2022 e 8.09.2022 respecto o apartado sétimo e engadir un apartado undécimo e duodécimo resultando o seguinte **“Primeiro punto V.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DE SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, E XESTIÓN MUNICIPAL.**

(....)

En materia de Contratación

1. A programación da actividade contractual, propoñendo a súa aprobación á Xunta de Goberno Local.
2. A xestión prevista na normativa en materia de desindexación da economía española, para poder fixar a revisión periódica e predeterminada dos prezos do mesmo.
3. A aprobación da resposta ás aclaracións formuladas polos interesados nos procedementos de contratación durante o prazo de presentación de ofertas.
4. A aprobación da ampliación e modificación de prazos e outorgamento de prazos extraordinarios en expedientes de contratación para presentar ofertas ante posibles fallos técnicos, de interconexión entre as diversas plataformas que se empregan na contratación que poidan xerar problemas coa información que se lle facilita aos licitadores ou dificultades de estos á hora de presentalas súas ofertas electronicamente.
5. A aprobación da proposta de clasificación de licitadores formulada polo órgano correspondente.
6. Aprobar a autorización do inicio de modificación dos contratos salvo nos contratos de obras.
7. Acordo da aceptación ou rexeitamento das xustificación dos valores anormais ou desproporcionados das ofertas e, se procede, acordo de exclusión da clasificación
8. Exercicio das competencias, relativas á corrección de erros materiais ou aritméticos e a modificación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares sempre e cando non impliquen modificacións significativas consonte ó previsto no artigo 136.2 da LCSP ou normativa de aplicación.
9. Exercicio das competencias en materia de consultas preliminares de mercado (artigo 115 da LCSP)
10. Incoación de expedientes de resolución de contratos.
11. Resolución de solicitude de confidencialidade das ofertas
12. Solicitar de ofertas de acordos marco das Central de Contratación ás que se adhira



Concello de Vigo

o Concello.

(..)

Segundo.- Notificar a presente resolución ás concelleiras afectadas e demais concelleiros e concelleiras delegados de área, para o seu coñecemento e efectos.

Terceiro.- Comunicar a presente resolución ás persoas responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

Cuarto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na Sede Electrónica municipal aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

Quinto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(50).- TRANSFERENCIA Á ENTIDADE LOCAL MENOR BEMBRIVE CORRESPONDENTE AO ANO 2023. EXPTE. 19441/101.

Visto o informe xurídico do 12/01/2023 e o informe de fiscalización do 17/01/2023, dáse conta do informe-proposta do 10/01/2023, asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

I.- Antecedentes

Con data 3 de xaneiro de 2023, a Entidade Local Menor de Bembrive solicitou o pagamento por transferencia da anualidade correspondente ao ano 2023, de conformidade co consignado no vixente orzamento municipal aprobado polo Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria do día 23 de decembro de 2022 por importe de 288.952,39 euros.

O día 31 de decembro de 2021 pasado, expirou o convenio de colaboración que cunha vixencia de quince anos, o Concello de Vigo e a Entidade Local Menor de Bembrive asinaron con data 18 de maio de 2007 polo que, en aplicación do previsto nos preceptos 164.1.f) e 164.2 da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, o Concello de Vigo comprometéase a incluír nos

orxamentos municipais unha dotación por importe de 236.000,00 euros ao ano que tería que ser actualizada anualmente segundo a variación do IPC. Así mesmo, o convenio recollía na cláusula segunda as obrigas da Entidade Local Menor.

O artigo 164.1.f) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establece que a facenda das entidades locais menores estará constituída, entre outros, polos seguintes recursos: A participación nos impostos do Concello a que se refire a lexislación sobre facendas locais na contía que se establece no Decreto de Creación. Esta participación non será, en ningún caso, inferior ao 25 por 100 dos que se devenguen no ámbito territorial da Entidade.

Non hai constancia da existencia dun Decreto de Creación da Entidade Local Menor de Bembrive. Non obstante, consta a Acta de creación da Xunta Administrativa da Entidade Local Menor de Bembrive, asinada o 12 de xuño de 1945, e que achega no trámite nº 4 da guía deste expediente.

Faise constar que o antedito documento non recolle ningunha porcentaxe de participación nos impostos municipais aos que se refire a lexislación.

Constan anexados ao expediente nos trámites nº 4, 5, 6, 7 e 8 os seguintes documentos: Acta da sesión de constitución da Xunta Veciñal da Entidade Local Menor de Bembrive ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA VECIÑAL NÚM. 12/2022, DO DÍA 14 DE DECEMBRO DE 2022; credenciais da Alcaldesa Pedánea; o CIF da entidade e o DNI da Alcaldesa pedánea.

O vixente orzamento municipal dispón no programa 9420 (transferencias a Entidades Locais Territoriais) á aplicación orzamentaria 9420 4680000 (transferencias a entidade local menor de Bembrive) dunha dotación de 288.952,39 euros.

Polo exposto, en cumprimento do establecido no artigo 164.1.f) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e coa finalidade de a Entidade Local Menor de Bembrive poida atender ao esixido no artigo 163 da citada Lei 5/1997 de 22 de xullo, con data 9 de xaneiro de 2023 esta unidade administrativa da Alcaldía solicitou á Dirección de Ingresos, informe sobre os importes percibidos no exercicio 2021 correspondentes á Entidade Local menor de Bembrive.

Con data 9 de xaneiro de 2022 a Directora de ingresos e Xestión Catastral Delegada achega o informe solicitado pola Alcaldía (tramite nº 12 do expediente), sobre os importes percibidos no exercicio 2022 e que serviron de base para a partida orzamentaria 9420 4680000 transferencias á Entidade Local Menor de Bembrive do vixente orzamento de 2023. Sendo o importe do 25% a que se refire o artigo 164.1.f) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia a cantidade de **288.952,39 €**.



Concello de Vigo

II.- Lexislación aplicable.

- Lei 5/1997 de 2 de xullo de Administración local de Galicia, artigos 163, 164.1.f) e 164.2
- Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido de Facendas Locais artigo 156 (Recursos das entidades de ámbito territorial inferior ao municipio).

III.- Fundamentos técnicos.

Primeiro.- Solicitud da Entidade Local Menor de Bembrive de pagamento por transferencia da anualidade correspondente ao ano 2023 (documento nº 230002193) anexo a guía de tramitación do expediente no trámite nº 3.

Segundo.- Finalización o día 31 de decembro de 2021 do convenio de colaboración que cunha vixencia de quince anos, o Concello de Vigo e a Entidade Local Menor de Bembrive asinaron con data 18 de maio de 2007 polo que, en aplicación do previsto nos preceptos 164.1.f) e 164.2 da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, o Concello de Vigo comprometéase a incluír nos orzamentos municipais unha dotación por importe de 236.000,00 euros ao ano que tería que ser actualizada anualmente segundo a variación do IPC. Así mesmo, o convenio recollía na cláusula segunda as obrigas da Entidade Local Menor.

Terceiro.- Vixente orzamento municipal que dispón no programa 9420 (transferencias a Entidades Locais Territoriais) á aplicación orzamentaria 9420 4680000 (transferencias a entidade local menor de Bembrive) dunha dotación de 288.952,39 euros.

Cuarto.- Documentación achegada pola Entidade Local Menor de Bembrive: Acta da sesión de constitución da Xunta Veciñal da Entidade Local Menor de Bembrive Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta Veciñal núm. 12/2022, do día 14 de decembro de 2022; credenciais da Alcaldesa Pedánea; o CIF da entidade e o DNI da Alcaldesa pedánea, anexados ao expediente nos trámites nº 4, 5, 6, 7 e 8.

Quinto.- Informe da Directora de ingresos e Xestión Catastral Delegada de data 9 de xaneiro de 2023, solicitado pola Xefa Administrativa da Alcaldía en data 9 de xaneiro que determina que o cálculo do 25% dos importes correspondentes aos impostos percibidos pola Entidade Local Menor de Bembrive no exercicio 2022 ascende a **288.952,39 €**.

Sexto.- O importe da transferencia que ascende a 288.729,37 € deberá ser de aplicación aos créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación 9420 4680000 (transferencias á Entidade Menor de Bembrive).

A vista das anteriores circunstancias, e previos os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA:

“Autorizar unha transferencia por importe de 288.729,37 euros á favor da ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE en concepto de pagamento da anualidade 2023 con cargo á aplicación orzamentaria 9420 4680000 (transferencias á Entidade Menor de Bembrive)”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(51).- DECLARACIÓN DE DESERTO DOS LOTES 1 “FORMACIÓN EN LINGUA GALEGA” E LOTE 2 “FORMACIÓN EN LINGUA E CULTURA GALEGAS” DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE FORMACIÓN E DINAMIZACIÓN DA LINGUA E CULTURA GALEGAS. EXPTE. 3120/334.

Dáse conta do informe-proposta de data 27/01/2023, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación e a concelleira-delegada de Contratación, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación do servizo de formación e dinamización da lingua e cultura galegas (3120-334)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 29 de decembro de 2022 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do servizo de formación e dinamización en lingua e cultura galegas (3120-334).

Segundo.- A Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 27 de xaneiro de 2023, comprobou que non hai licitadores presentados a este procedemento para o lote 1: “Formación en lingua galega” e o lote 2: “Formación en lingua e cultura



Concello de Vigo

galegas” segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non hai licitadores presentados no lote 1: “Formación en lingua galega” e no lote 2: “Formación en lingua e cultura galegas” deste procedemento, procede declarar desertos os mesmos.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación do servizo de formación e dinamización da lingua e cultura galegas (3120-334) - Lote 1: “Formación en lingua galega” e Lote 2: “Formación en lingua e cultura galegas” por non terse presentado ningún licitador en ningún deles tal e como consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(52).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE PARA O FUNCIONAMENTO E GRATUIDADE DA ATENCIÓN EDUCATIVA DAS ESCOLAS INFANTÍS 0-3 E PUNTOS DE ATENCIÓN Á INFANCIA DE TITULARIDADE MUNICIPAL. EXPTE. 26269/332.

A Xunta de Goberno local devolve este expediente para a súa revisión polo Servizo de Educación.

13(53).- PROPOSTA DE PAGAMENTO DAS DIETAS POR ASISTENCIAS DOS REPRESENTANTES MUNICIPAIS ÁS SESIÓNS DOS CONSELLOS ESCOLARES DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO, NO PERIODO SETEMBRO A DECEMBRO DE 2022. EXPTE. 29137/332.

Visto o informe de fiscalización do 25/01/2023, dáse conta do informe-proposta de data 23/01/2023, asinado polo técnico medio de actividades culturais e educativas, a xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-

delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Consonte co establecido na lexislación educativa vixente, Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación (LOMLOE publicada no BOE Nº 340 do 30/12/2020), preténdese no seo dos Consellos Escolares promover unha mellora da capacidade da participación efectiva e eficaz da Comunidade Educativa e recóllese no seu artigo 127.i) que unha das competencias do Consello Escolar do centro pasa a ser a seguinte: “Promover progresivamente a conservación e renovación das instalacións e equipo escolar para a mellora da calidade e sustentabilidade ...”. Igualmente os Concellos deben asumir a xestión e execución das competencias e funcións que a lexislación vixente, recoñece ás corporacións locais como responsabilidade de obrigado cumprimento no ámbito da Educación, e segundo o artigo 25.2.n) da Lei 7/1985 LRBR teñen como competencia propia e responsabilidade legal a conservación, mantemento e vixianza dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación ...”

Por outra banda, a Lei Orgánica da Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) (BOE nº 295 martes 10/decembro/2013) que modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, recolle no seu artigo 126.1.c) que entre os membros que componen o Consello Escolar estará un Concelleiro/a ou representante do Concello do termo municipal onde esté radicado o centro.

En aras de cumprir esta obriga municipal e segundo acordo da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 13 de xaneiro de 2022, aprobouse entre outros, o nomeamento de Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público de Educación Infantil, Primaria e Secundaria para o ano 2022 (Expte 25604/332), e a autorización para que perciban en concepto de asistencias efectivas a cada sesión do órgano Colexiado a dieta de 39,78.-€ (TRINTA E NOVE CON SETENTA E OITO EUROS), para a categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos A e B; e a dieta de 36,72.-€ (TRINTA E SEIS CON SETENTA E DOUS EUROS) para a categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos C e D; cantidades homologadas por asistencia e participación en tribunais de oposicións, concursos, ou outros órganos encargados da selección de persoal, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo.

O referido R.D. recolle nos seus artigos 1.d) / 7.1.a) / 28.1 que: “Darán orixe a indemnización ou compensación as asistencias pola concurrencia, persoal ou por representación, as reunións de Órganos Colexiados da Administración, de Órganos de Administración de Órganos Públicos...”

Tal é o caso dos Consellos Escolares dos Centros Públicos, como Órgano Colexiado de Goberno dos centros de ensino público que dependen da Admón. Educativa Competente, neste caso a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, e que permiten participar na xestión dos centros aos distintos membros da comunidade escolar, ademais de constituir a canle para o control e xestión dos fondos públicos.

Tamén recolle no seu artigo 2e) que : “O presente R.D. será de aplicación para o persoal ao servizo das Corporacións Locais, tal e como prevé a súa lexislación específica”.

Contabilizadas as asistencias ós Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público, aportadas polos diferentes representantes municipais, **dende o 01 de setembro ate o 22 de decembro dos correntes, elévanse á cantidade de 163 consellos escolares.**

Na documentación que acompaña a este expediente, adxúntanse ademais dos xustificantes de asistencia expedidos polos centros de ensino, cada unha das fichas correspondentes ás sesións dos Consellos Escolares desenvolvidas polos representantes municipais, que con posterioridade quedarán arquivadas para a súa pertinente consulta nas dependencias do Servizo de Educación.



Concello de Vigo

Asemade, e a efectos de cómputo, de cada representante municipal relacionase cronolóxicamente a data de asistencia da primeira e última sesión do consello escolar por cada un deles efectuada. A competencia para acordar o pago das dietas establecidas por asistencias dos representantes municipais ás sesións dos Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público, no periodo xaneiro a xullo de 2022, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecido no artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

PROPOSTA:

Por todo o anteriormente exposto, solicítase á Xunta de Goberno Local o seguinte:

“Aproba-la cantidade de **6.162,84.-€** en concepto de asistencias ás sesións dos Consellos Escolares no periodo setembro a decembro de 2022, con cargo á **Partida Presupostaria 3230.233.00.00 dietas asistencia consellos escolares e bolsa de vinculación**, e desglosadas entre os representantes municipais do seguinte xeito:

Zona 1.- PEDRO MARÍA VÁZQUEZ IGLESIAS, NIF: ****4805, GRUPO A2 (05/09/2022 - 14/12/2022)	19 X 39,78.-€	755,82.-€
Zona 2.- MARIA JOSE LOUREIRO BADA, NIF: ****0259, GRUPO A1 (13/12/2022 - 13/12/2022)	2 X 39,78.-€	79,56.-€
Zona 3.- ROSA MARÍA TORRES BOUZAS, NIF: 3601****, GRUPO C1 (04/10/2022 – 30/11/2022)	9 X 36,72.-€	330,48.-€
Zona 4.- IGNACIO OJEA PÉREZ, NIF: ****6809, GRUPO A1 (05/09/2022 - 20/12/2022)	15 X 39,78.-€	596,7.-€
Zona 5.- VICTOR MARTÍNEZ OYA, NIF: 0118****, GRUPO C1 (08/09/2022 - 13/12/2022)	10 X 36,72.-€	367,2.-€
Zona 6.- ROCÍO BRUZON ALCAÑIZ, NIF: ****8643, GRUPO C1 (01/09/2022 - 14/12/2022)	12 X 36,72.-€	440,64.-€
Zona 7.- ÁNGELES LANDÍN LORENZO, NIF: ****1654 ,GRUPO C1 (05/09/2022 - 12/12/2022)	9 X 36,72.-€	330,48.-€
Zona 8.- MARÍA I. BILBAO ECHEGARAY, NIF: ****4812, GRUPO C1 (01/09/2022 – 22/12/2022)	15 X 36,72.-€	550,8.-€
Zona 9.- CONCEPCIÓN AMBOAGE GARCIA, NIF: 3607****, GRUPO A2 (26/10/2022 – 20/12/2022)	4 X 39,78.-€	159,12.-€
Zona 10.- MARIA RITA RIELO FRANCO, NIF: ****7074, GRUPO C1 (01/09/2022 - 13/12/2022)	14 X 36,72.-€	514,08.-€
Zona 11.- YOLANDA FAJIN TORRES, NIF: ****7554, GRUPO A2 (16/09/2022 - 15/12/2022)	8 X 39,78.-€	318,24.-€
Zona 12.- ESTELA ROSENDE VILLAR, NIF: 3606****, GRUPO A2 (02/09/2022 - 16/12/2022)	10 X 39,78.-€	397,8.-€

Zona 13.- MARIA GABRIELA ROMERO BANDEIRA, NIF: ****5364, GRUPO C1
(14/09/2022 - 14/12/2022) 9 X 36,72.-€ 330,48.-€

Zona 14.- IRIA MARÍA ÁLVAREZ CANELLA, NIF: ****2591, GRUPO C2
(02/09/2022 - 13/12/2022) 12 X 36,72.-€ 440,64.-€

Zona 15.- JOSÉ ANTONIO FRANCO REZA, NIF: ****7780, GRUPO C2
(06/09/2022 - 15/12/2022) 15 X 36,72.-€ 550,8.-€

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(54).- NOMEAMENTO INTERINO, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DE DEZ OPERARIOS PEÓNS E DOUS OFICIAIS CONDUTORES PARA O SERVIZO DE LIMPEZA. EXPTE. 41161/220.

Visto o informe de fiscalización do 23/01/2023, dáse conta do informe-proposta de data 19/01/2023, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Mediante escrito que obra unido ao expediente, asinado pola xefatura do Servizo de Limpeza e coa conformidade da concellería delegada competente solicítase á Área de Recursos Humanos e Formación persoal coa categoría de Operarios peóns (21) e Oficiais condutores (4)

II.- Acompaña ao escrito a declaración responsable formulada polo xefatura do Servizo e conformada polo concelleiro solicitando persoal funcionario interino para cubrir as necesidades puntuais e excepcionais existentes no seu servizo;

III.- Consta no expediente informe de verificación administrativa sobre o número de persoas que, a data de petición de informe, estiveran nomeados baixo a modalidade prevista no artigo 10.1 d) do TREBEP, indicando datas prevista de cese dos mesmos no Concello de Vigo.

IV.- En data 25/11/2022, polo órgano municipal competente, á vista das solicitudes, e informes que obran no expediente, procedeu a ordenar que: "*Dispoño ordenar que pola Área de Recursos Humanos e Formación se proceda á tramitación do expediente administrativo que proceda para a incorporación (con posterioridade ao 1 de decembro) de unicamente 10 operarios peóns ou axudantes de oficios e 2 condutores. Elo para dar cumprimento á limitación prevista no artigo 23 da lei de emprego público de Galicia, segundo a que o persoal interino por acumulación de tarefas non pode superar o 3% do persoal funcionario (1042 funcionarios no concello Vigo)*"



Concello de Vigo

V.- Consta informe de verificación administrativa, coas persoas en condicións de ser nomeadas. Así mesmo consta no expediente dilixencia para os efectos recollidos nos “*Criterios de xestión das listas de reserva*” en relación coas renuncias tácitas dos aspirantes así como dilixencia de emenda da mesma.

VI.- Consta anexado ao expediente informe técnico de cuantificación económica do gasto, segundo o cal “*Infórmase que salvo erro ou omisión, o custo para nove meses do ano 2023 no caso de que a relación laboral se iniciase no mes de febreiro sería o seguinte:*”

2023	N.º EFECTIVOS	RETRI.FIXAS	SEG.SOC.
9 meses PEON TRABALLOS EXTERIORES	10	183.334,09	52.250,21
OFICIAL CONDUTOR	2	39.616,52	12.518,82

O custo do referido nomeamento imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento do exercicio 2023 no que respecta a retribucións por importe de 222.950,60 €, e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social para o ano 2023 por importe de 64.769,03 €.

Indícase que para o cálculo dos importes do 2023 aplícase un incremento do 2,5%.”

En consecuencia, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

I.- Normativa de aplicación:

-Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que “el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se

hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por acumulación de tarefas:

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando conorra algunhas circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa “**el exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de nueve meses, dentro de un periodo de dieciocho meses**” (letra d) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que “los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos



Concello de Vigo

procedimentos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, apartado 3, letra c) pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, **sen dereito a compensación algunha**. Ademais a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino; no caso da modalidade de nomeamento por acumulación de tarefas, tómase como referencia a analoxía coas prazas (retribucións básicas) e postos de traballo (retribucións complementarias fixas e periódicas) da categoría profesional ofertada, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 23.09.2022; referencia que, no presente suposto e segundo o informe técnico emitido, tómase conforme ao posto de traballo de peón traballos exteriores (código retributivo 158) e de oficial condutor (código retributivo 233) por un período máximo de 9 meses.

Así mesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

III.- Observacións respecto da xornada e horario

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica unida ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no

artigo 19 da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2023, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

Vista a documentación obrante no expediente e segundo consta no informe de verificación administrativa, doce persoas están en condicións de ser nomeadas (dez operarios peóns e dous oficiais condutores) por presentar correctamente a documentación e aceptar o nomeamento.

V. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica emitido ao expediente, o custe do efectivo proposto por un período de 9 meses é o seguinte:

2023	N.º EFECTIVOS	RETRI.FIXAS	SEG.SOC.
9 meses PEON TRABALLOS EXTERIORES	10	183.334,09	52.250,21
OFICIAL CONDUTOR	2	39.616,52	12.518,82

O custo do referido nomeamento imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento do exercicio 2023 no que respecta a retribucións por importe de 222.950,60 €, e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social para o ano 2023 por importe de 64.769,03 €.

Indícase que para o cálculo dos importes do 2023 aplícase un incremento do 2,5%.

VI. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:

Segundo informe administrativo de verificación consta que:

- Sendo necesario necesario o nomeamento interino de 10 operarios peóns e 2 oficiais condutores e verificadas as listaxes de reserva para ditas categorías, existe persoal en condicións de ser notificado.*
- Obran no expediente administrativo de referencia, as renuncias a ditos nomeamentos manifestadas por escrito así como dilixencia asinada en data 26/12/2022 para os efectos recollidos nos “ Criterios de xestión das listas de reserva” en relación coas renuncias tácitas dos aspirantes, procedéndose ao chamamento da aspirante seguinte da lista.*
- Por conseguinte, e salvo de erro ou omisión, procede o chamamento na categoría de operarios peóns e oficiais condutores por acumulación de tarefas (art. 10.1.d) do TREBEP), de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados*



Concello de Vigo

pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, aos seguintes candidatas/os que presentaron a documentación requirida para o efecto:

OPERARIOS PEÓNS		
NÚM. ORDE	DNI**	NOME E APELIDOS
1	***6413**	Á. Cortegoso Salgado
2	***2974**	D. Balseiro Rodríguez
3	***5838**	Ó. Ballesteros Vázquez
4	***3118**	A. Costas Vázquez
5	***7680**	D. De Dios Fernández
6	***6752**	P. Dapena Pintos
7	***6403**	T. Alonso Vidal
8	***6042**	A. Bastero Álvarez
9	***5671**	J. Coido Rico
10	***1070**	E. Alonso Ferreira

OFICIAIS CONDUTORES		
NÚM. ORDE	DNI**	NOME E APELIDOS
1	***2883**	M. Lías Villar
2	***8217**	M. DaSilva Rivas

De todo o cal, e suxeito á verificación técnica, se deixa constancia aos estritos efectos do presente expediente electrónico.

VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo

2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“ 1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

VIII.- COMPETENCIA

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da área de Recursos Humanos e Formación e da Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal (delegacións competenciais por Decretos da Alcaldía do 16/04/2021 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021, Resolución da Alcaldía do 06/09/2022 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/09/2022), elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

“PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de doce funcionarios/as interinos/as nos termos e condicións seguintes:

- Categoría profesional: Operarios peóns (dez) e Oficiais condutores (dous).
- Modalidade legal: funcionario interino por acumulación de tarefas (artigo 10.1, letra d) do TREBEP).
- Destinos: Servizo de Limpeza
- Período temporal: 9 meses, expirando a vixencia do nomeamento ao remate sen dereito a compensación algunha (artigo 10.3, letra c) do TREBEP).



Concello de Vigo

- Custe económico: Segundo informe técnico obrante no expediente :
“ o custo para nove meses do ano 2023 no caso de que a relación laboral se iniciase no mes de febreiro sería o seguinte:

2023		N.º EFECTIVOS	RETRI.FIXAS	SEG.SOC.
9 meses	PEON TRABALLOS EXTERIORES	10	183.334,09	52.250,21
	OFICIAL CONDUTOR	2	39.616,52	12.518,82

O custo do referido nomeamento imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento do exercicio 2023 no que respecta a retribucións por importe de 222.950,60 €, e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social para o ano 2023 por importe de 64.769,03 €.

Indícase que para o cálculo dos importes do 2023 aplicouse un incremento do 2,5%.”

- Todo elo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos na tramitación administrativa do expediente electrónico nº 41161/220 obxecto de aprobación.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios interinos por acumulación de tarefas, nos termos e condicións do establecido no apartado primeiro do presente acordo, a:

OPERARIOS PEÓNS		
NÚM. ORDE	DNI**	NOME E APELIDOS
1	***6413**	Á. Cortegoso Salgado
2	***2974**	D. Balseiro Rodríguez
3	***5838**	Ó. Ballesteros Vázquez
4	***3118**	A. Costas Vázquez
5	***7680**	D. De Dios Fernández
6	***6752**	P. Dapena Pintos
7	***6403**	T. Alonso Vidal
8	***6042**	A. Bastero Álvarez
9	***5671**	J. Coido Rico
10	***1070**	E. Alonso Ferreira

OFICIAIS CONDUTORES		
NÚM. ORDE	DNI**	NOME E APELIDOS
1	***2883**	M. Lías Villar
2	***8217**	M. DaSilva Rivas

de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático existente para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

TERCEIRO: Dispoñer que a xornada laboral do efectivo nomeado desenvolverase no horario establecido pola Xefatura da Área ou Servizo, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

CUARTO: Notificar o presente acordo aos aspirantes nomeados, Xefatura do Servizo de Limpeza, Intervención Xeral Municipal, inspección de persoal, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación así como o persoal incluído no grupo 2, e ao Comité de Persoal para os efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(55).- NOMEAMENTO INTERINO, POR EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE XESTIÓN DAS AXUDAS NEXT GENERATION UE, DUNHA ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS, UNHA ENXEÑEIRA INDUSTRIAL E DOUS AUXILIARES DE ADMINISTRACIÓN XERAL PARA A ÁREA DE SERVIZOS XERAIS. EXPTE. 38903/220.

Visto o informe de fiscalización do 25/01/2023, dáse conta do informe-proposta de data 15/01/2023, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa



Concello de Vigo

de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Por acordo da Xunta de Goberno Local do 21 de xaneiro de 2022 se declarou a urxencia do nomeamento de sete funcionarios interinos por execución do programa de carácter temporal “*Xestión das axudas do programa next generation UE*” aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 18 de novembro de 2021(Expte 1058-441) por un prazo máximo de tres anos establecendo como data de finalización de ditos nomeamentos o 27/01/2025.

II.- Mediante escritos que obran unidos ao expediente de data 20/06/2022, asinados polo xefe do servizo administrativo e de control orzamentario conformado polo concelleiro delegado competente, solicítase á área de Recursos Humanos e Formación a cobertura urxente do persoal necesario para completar o persoal autorizado para o desenvolvemento do programa “*Xestión das axudas do programa next generation UE*”(Expte 1058-441); un enxeñeiro/a de camiños, canais e portos, un enxeñeiro/a industrial (Expte 1314/220) e dous auxiliares de Administración Xeral(Expte1316/441).

III.- A vista da petición formulada en data 11/11/2022, relativa ao antecedente I, a concelleira delegada da área de Contratación, Seguridade e Xestión Municipal dispuxo ordenar que pola área de Recursos Humanos e Formación “*se proceda á tramitación do expediente administrativo procedente para a incorporación de 1 enxeñeiro/a de camiños, canais e portos, 1 enxeñeiro/a industrial e 2 auxiliares de Administración Xeral na modalidade que legalmente resulte oportuna, finalizando os nomeamentos o 27/01/2025.*”

IV.- Vista a documentación obrante no expediente e segundo consta no informe de verificación administrativa de data 28/11/2022, existen candidatas/os en condicións de ser nomeadas/os por presentar correctamente a documentación e aceptar os nomeamentos.

V.- Consta no expediente informe técnico de cuantificación económica do gasto de data 13/12/2022, que inclúe a proposta de gasto para o nomeamento interino pola execución de programa de carácter temporal(artigo 10.1, letra c) do TREBEP) dun enxeñeira/o de camiños, canais e portos, un enxeñeira/o industrial e dous auxiliares de Administración Xeral.

En consecuencia, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Normativa de aplicación:

-Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que “el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la re-



Concello de Vigo

gulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por execución de programas de carácter temporal:

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorran algunhas das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa “la ejecución de programas de carácter temporal, que no podrán tener una duración superior a tres años, ampliable hasta doce meses más por las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto” (letra c) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que “los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, apartado 3, letra c) pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, **neste caso ao remate do programa temporal, que acontecerá a data de finalización dos nomeamentos 27/01/2025, sen dereito a compensación algunha.**

Ademais a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino; no caso da modalidade de nomeamento por execución de programa temporal, tómase como referencia a analoxía coas prazas (retribucións básicas) e postos de traballo (retribucións complementarias fixas e periódicas) da categoría profesional ofertada, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 23.09.2022; referencia que, no presente suposto tómase conforme aos postos de traballo de enxeñeiro/a de camiños, canais e portos (código retributivo 316), enxeñeiro/a industrial (código retributivo 281) e auxiliares de Administración Xeral (código retributivo 138).

Así mesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos

servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

III.- Observacións respecto da xornada e horario

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica unida ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

V. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:

Segundo informe administrativo de verificación de data 28/11/2022, consta que:

“Ao abeiro do disposto no artigo 169.1, apartado c) do Real Decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e no marco da tramitación administrativa do expediente electrónico nº 38.903/220 pola presente infórmase o seguinte:

- Que sendo necesario o nomeamento interino de 1 enxeñeira/o industrial, 1enxeñeira/o de camiños, canais e portos e 2 auxiliares de administración xeral, existen listas de reserva vixentes con candidatas/os en condicións de ser notificadas/os.*
- Que verificadas as lista de reserva, na categoría de auxiliares de administración xeral obran no expediente administrativo as renuncias manifestadas por escrito dos seguintes candidatas/os: L. Campos Rivas con DNI núm.***9657**, I. González*



Concello de Vigo

Sánchez con DNI ***5156**, G. Rodríguez Martínez con DNI núm.***5234**, P. García Márquez con DNI núm.***6040**, J. R. Iglesias Lores con DNI núm. ***6162** e M. B. Díaz Sixto con DNI núm.***4794** e dilixencia asinada electronicamente pola funcionaria que subscribe para os efectos da renuncia tácita da candidata/o L. Carrera Gómez con DNI núm. ***6037** procedéndose ao chamamento do aspirante seguinte da lista.

- Que, salvo de erro ou omisión, de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola XGL o 18/08/22 e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, procede o chamamento como enxeñeira/o industrial, enxeñeira/o de camiños, canais e portos e auxiliares de administración xeral, aos candidatas/os que se relacionan a continuación e presentaron a documentación requirida para o efecto:

Categoría: Enxeñeira/o Industrial		
NÚM. ORDE	DNI	NOME E APELIDOS
1	***3967**	S. De Peroy Pereira
Categoría: Enxeñeira/o de Camiños, Canais e Portos		
NÚM. ORDE	DNI	NOME E APELIDOS
1	***2007**	C. M. Amaro Area
Categoría: Auxiliar de Administración Xeral		
NÚM. ORDE	DNI	NOME E APELIDOS
1	***4551**	M. Vieites Rúa
2	***3131**	J. M. Soto Hermida

De todo o exposto, e suxeito á verificación técnica, deixase constancia para os estritos efectos do expediente electrónico de referencia.”

VI. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica emitido ao expediente en data 13/12/2022, o custe dun enxeñeira/o de camiños, canais e portos, dun enxeñeira/o industrial e dous auxiliares de administración baixo a modalidade prevista no artigo 10.1 c) do TREBEP, por un prazo máximo ata o 27/01/2025 sería o seguinte:

“Infórmase que o custo cun incremento do 2,5% para cada ano sería o seguinte:

Enx. Camiños, Canais e Portos	N.º EFECTI- VOS	RETRI.FIXAS	SEG.SOC	TOTAL
--------------------------------------	----------------------------	--------------------	----------------	--------------

2023	12 meses (aplic. Increment. 2,5%)	1	49.030,73	15.469,20	64.499,93
2024	12 meses (apl.incr. 2,5%)	1	50.256,50	15.855,93	66.112,43
2025	1 mes (apl.incr. 2,5%)	1	3.922,68	1.237,61	5.160,29
Enxeñeiro Industrial					
2023	12 meses (aplic. Increment. 2,5%)	1	49.030,73	15.469,20	64.499,93
2024	12 meses (apl.incr. 2,5%)	1	50.256,50	15.855,93	66.112,43
2025	1mes (apl.incr. 2,5%)	1	3.922,68	1.237,61	5.160,29
Auxiliar					
2023	12 meses (aplic. Increment. 2,5%)	2	51.561,15	16.267,54	67.828,69
2024	12 meses (apl.incr. 2,5%)	2	52.850,18	16.674,23	69.524,41
2025	1 mes (apl.incr. 2,5%)	2	4.401,56	1.388,69	5.790,25

O custo dos referidos nomeamentos, salvo erro ou omisión, imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento do exercicio 2023 no que respecta a retribucións por importe de 149.622,61 €, por importe de 153.363,18 € para o 2024 e de 12.246,2 € para 2025 e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social para o ano 2023 por importe de 47.205,94 € ; de 48.386,09 € para o 2024 e de 3.863,91€ para o 2025."

Remitímonos ao contido do informe técnico obrante no expediente, solicitando que os aspectos indicados no mesmo se contemplen no preceptivo informe de fiscalización.

VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

"1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones."*

VIII.- COMPETENCIA



Concello de Vigo

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Sra. Concelleira-Delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Alcaldía do 16/04/2021, acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021, Resolución da Alcaldía do 06/09/2022 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/09/2022, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

“**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de 4 funcionarios/as interinos/a nos termos e condicións seguintes:

- Categoría profesional: 1 enxeñeiro/a de camiños, canais e portos, 1 enxeñeiro/a industrial e 2 auxiliares de Administración Xeral.
- Modalidade legal: funcionario interino por execución dun programa temporal (artigo 10.1, letra c) do TREBEP).
- Destino: Área de Servizos Xerais e Vías e Obras.
- Período temporal: Prazo máximo ata o 27/01/2025, sen dereito a compensación algunha (artigo 10.3 letra c) do TREBEP).
- Custe económico: Segundo informe técnico obrante no expediente:

“O custo cun incremento do 2,5% para cada ano sería o seguinte:

		N.º EFECTI- VOS	RETRI.FIXAS	SEG.SOC	TOTAL
Enx. Camiños, Canais e Portos					
2023	12 meses (aplic. Incremento 2,5%)	1	49.030,73	15.469,20	64.499,93
2024	12 meses (aplic. increment. 2,5%)	1	50.256,50	15.855,93	66.112,43
2025	1 mes (aplic. increment. 2,5%)	1	3.922,68	1.237,61	5.160,29
Enxeñeiro Industrial					
2023	12 meses (aplic. Incremento 2,5%)	1	49.030,73	15.469,20	64.499,93
2024	12 meses (aplic. increment. 2,5%)	1	50.256,50	15.855,93	66.112,43
2025	1 mes (aplic. increment. 2,5%)	1	3.922,68	1.237,61	5.160,29
Auxiliar					
2023	12 meses (aplic. Incremento 2,5%)	2	51.561,15	16.267,54	67.828,69
2024	12 meses (aplic. increment. 2,5%)	2	52.850,18	16.674,23	69.524,41
2025	1 mes (aplic. increment. 2,5%)	2	4.401,56	1.388,69	5.790,25

O custo dos referidos nomeamentos, salvo erro ou omisión, imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento do exercicio 2023 no que respecta a retribucións por importe de 149.622,61 €, por importe de 153.363,18 € para o 2024 e de 12.246,2 € para 2025 e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos

custes da seguridade social para o ano 2023 por importe de 47.205,94 € ; de 48.386,09 € para o 2024 e de 3.863,91€ para o 2025.”

Todo elo, consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación administrativa do expediente electrónico obxecto de aprobación.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios interinos por execución de programa temporal “Xestión das axudas do programa next generation UE”, nos termos e condicións do establecido no apartado primeiro do presente acordo, como *enxeñeiro/a de camiños, canais e portos a candidata/o: C. M. Amaro Area con DNI ***2007***; como *enxeñeiro/a industrial a candidata/o: S. De peroy Pereira con DNI ***3967*** e como *auxiliares de Administración Xeral aos candidatas/os: M. Vieites Rúa con DNI ***4551*** e *J. M. Soto Hermida con DNI ***3131***, de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático existente para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

TERCEIRO: Dispoñer que a xornada laboral do efectivo nomeado desenvolverase no horario establecido pola Xefatura da Área ou Servizo, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

CUARTO: Notificar o presente acordo aos funcionarias/os interinos nomeados, á xefatura do servizo administrativo e control orzamentario, Intervención Xeral Municipal, persoal integrado no Grupo II da Área de RRHH e Formación, inspección de persoal, e ao Comité de Persoal aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(56).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DA XESTIÓN INTEGRAL DA VENDA DE ENTRADAS DOS ESPECTÁCULOS ORGANIZADOS POLA CONCELLERÍA DE CULTURA. EXPTE. 4750/330.



Concello de Vigo

Visto o informe xurídico do 23/01/2023 e o informe de fiscalización do 24/01/2023, dáse conta do informe-proposta da técnica media de actividades culturais e educativas, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

INFORME-PROPOSTA:

LEXISLACIÓN APLICABLE.

- RD Leg 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público. TRLCSP
- RD 1098/2001 Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- RD Leg 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- RD Leg 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

ANTECEDENTES

1. A Xunta de Goberno Local na sesión do 31 de marzo do 2021 acordou (expte 3508/330):

“Adxudicar a GIGLON, S.L. (B-86.410.198) o procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de xestión integral da venda de entradas dos espectáculos organizados pola Concellería de Cultura (3.508-330) por un prezo total de 41.285,73 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.165,29 euros, e co seguinte detalle:

- *Parte fixa por importe de 1.700,73 euros cunha porcentaxe de desconto do 25% a aplicar aos prezos unitarios do Bloque 4 (Materiais necesarios para a venda de entradas) previstos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- *Parte variable por un importe máximo de 39.585,00 euros coas seguintes porcentaxes de desconto sobres os prezos unitarios previstos no citado apartado 3G:*

<i>Prezo unitario</i>	<i>Porcentaxe de desconto</i>
-----------------------	-------------------------------

<i>Bloque 1: Sistema informático de venda de entradas</i>	<i>30,55%</i>
<i>Bloque 2: Xestión de eventos</i>	<i>55,02%</i>
<i>Bloque 3: Venda de entradas física o día dos eventos</i>	<i>33,59%</i>

Todo isto de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

2. Con data 3 de maio do 2021, asinouse o contrato administrativo entre o Concello de Vigo e a mercantil Gíglón S.L. (B-86.410.198) cun prazo de execución de DOUS anos naturais sendo a data de inicio o 1 de xuño do 2021.

3.- Este contrato estipula a posibilidade de unha prórroga de dous anos de duración, finalizando o periodo fixo de contrato o día 31 de maio do 2023

5.- Por escrito de entrada na sede electrónica municipal o 14.12.2022,(doc. núm. 220321893) D. Antonio Maroto Cervantes en representación da entidade "Gíglón S.L." (B-86.410.198) presta a súa conformidade á prórroga do contrato, cunha duración de dous anos, do 1 de xuño do 2023 ao 31 de maio do 2025.

6.- Consta no expediente resolución do concelleiro-delegado da Área de Cultura, de data 13/12/2022, dispoñendo se proceda a instruír a prórroga do contrato por ser necesario continuar coa prestación do servizo da empresa contratada para a execución dos devanditos traballos co persoal cualificado para a execución dos mesmos os resultados satisfactorios acadados.

7.- Esta técnica informa que a empresa *GIGLON, S.L. (B-86.410.198)* ten cumprido satisfactoriamente con todo o estipulado no dito contrato, desenvolvendo correctamente as obrigas encomendadas e sen ningún incumprimento pola súa parte.

CONSIDERACIÓNS XURIDICAS

1.- A Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público regula no seu artigo 29.4 que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de cinco anos, incluíndo as posibles prórrogas.

2.- Según o artigo 29.2 da LCSP, o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as características permanezan inalterables durante o periodo de duración destas. A prórroga acordarase polo órgano de Contratación e será obligatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza alomenos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.



Concello de Vigo

3.- Neste sentido, tanto a cláusula 4ª do contrato asinado, como a cláusula 7.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e apartado 4.c) das FEC, establecen que este contrato terá unha vixencia de dous anos a contar dende o día 1 de xuño do 2022, prevéndose a posibilidade de unha prórroga de dous anos.

4.- O expediente de prórroga do contrato iniciarásese polo órgano de contratación, estando delegada a competencia no concelleiro da Área de Cultura, por acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro do 2020 polo que se aproba o texto consolidado de delegación de competencias nos concelleiros delegados da Área. A tal fin, consta no expediente resolución do concelleiro da Área de Cultura, do 13 de novembro de 2022, autorizando o inicio deste expediente de prórroga do contrato.

5. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupuestaria.

6.- A competencia para a resolución deste expediente e aprobación do gasto correspóndese á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público.

Á vista do exposto, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire este expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Facenda e Orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

“**PRIMEIRO.-** Aprobar a prórroga do contrato de servizos de xestión integral da venda de entradas dos espectáculos organizados pola Concellería de Cultura (expediente 3508/330), polo período de dous anos, é dicir, dende o día 1 de xuño do 2023 ao 31 de maio do 2025.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por importe total de **41.285,73 € (corenta e un mil douscentos oitenta e cinco euros con setenta e tres céntimos)**, parte fixa: 1.700,73 € e parte variable: 39.585,00 € **a favor de Giglón S.L. (NIF B-86.410.198)**, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.227.99.00 “traballos e servizos”., segundo o seguinte detalle de imputacións en función do número máximo de eventos calculados por servizo:

- Ano 2023 (1 de XUÑO ao 31 decembro): 10.321,43 € ive incluído
- Ano 2024 (1 xaneiro ao 31 de decembro): 20.642,87 € ive incluído.
- Ano 2025 (1 de xaneiro ao 31 de maio): 10.321,43 € ive incluído

TERCEIRO.- Notificar este acordo ao adxudicatario”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

17(57).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE “URBANIZACIÓN DA RÚA VAL MIÑOR E AVDA. FRAGOSO”. EXPTE. 5565/443.

Visto o informe de fiscalización do 25/01/2023, dáse conta do informe-proposta de data 24/01/2023, asinado pola técnica de Xestión, o técnico de Admón. Xeral, a xefa do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- En virtude do contrato de servizos de redacción do proxecto das obras das novas gradas de Gol e Marcador, dun aparcadoiro soterrado e dun proxecto conxunto do estadio municipal de Balaídos (Expdte. 5.036-440), presentase borrador de proxecto de “URBANIZACIÓN DA RÚA VAL MIÑOR E AVDA. FRAGOSO”, redactado polo arquitecto Pedro de la Puente Crespo, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN OITOCENTOS TRINTA E UN MIL OITOCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS (1.831.856,40 €).

II.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, en data 19.05.2022 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

III.- O ámbito para humanizar atópase na rúa Val Miñor e Avda. Fragoso. Na actualidade o Estadio Municipal de Balaídos atópase en proceso de reforma e actualización, nun proceso por fases. Ligado a iso, proxéctase renovar tamén a contorna inmediata ao estadio.

O estadio atópase rodeado dunha estreita beirarrúa e unha ampla zona dedicada a aparcamento. A presente intervención pretende recuperar ese espazo de aparcamento para o uso peonil dos cidadáns, mellorando as infraestruturas da zona. Ao atoparse preto do leito do río Lagares, en situacións de fortes choivas prodúcense inundacións. É por isto que é necesario unha renovación da rede de drenaxe e saneamento de pluviais para aumentar a súa capacidade.

Así mesmo, realizarase unha mellora da iluminación pública, adecuándoo á zona peonil que se creará. As obras previstas son:

- Actuacións previas de desmonte e retirada de mobiliario urbano existente, desmonte e retirada de farois e sinais, demolición de beirarrúas e bordos, levantamento do pavimento viario e retirada das infraestruturas inutilizadas.
- Execución de firmes e pavimentos:
- Vial con capa de rodadura de 6 cm de M.B.C. tipo AC16 Surf B50/70 D, previo fresado de 6 cm de asfalto + Rego de adherencia ECR-1. A capa base será o asfalto existente.
- Pavimento de beirarrúa: O pavimento estará composto por un acabado en formigón pulido selado en 2 tonalidades, marcando un carril para a colocación de food trucks en ocasións puntuais. A separación entre ambos tipos de pavimento realizarase mediante un fleje de

aceiro inoxidable.

- Na zona de acceso de vehículos ao estadio, o pavimento será de adoquín serrado flameado de granito negro angola de 10x10x10 cm.
- Rede de pluviais: realizarase unha reposición da rede actual de drenaxe de pluviais, para solucionar o problema de inundacións que se xera na zona os días de choivas intensas. Colocaranse sumidoiros nos desniveis entre o pavimento peonil e rodado que poidan ser susceptibles de reter auga. Instalarase unha reixa sumidoiro de 150mm de ancho en todo o perímetro da nova bancada de Marcador e a bancada de tribuna. Instalaranse novas tubaxes de pluviais de maior capacidade que as existentes na actualidade.
- Rede de rego e xardinería. Instalarase un sistema de rego por goteo automatizado, que controlará a través de programadores a distribución de auga e arborado en alcorque.
- Renovación da rede de iluminación. Iluminación de soportais e iluminación de urbanización e fachada.
- Mobiliario urbano: Papeleiras, bancos e marquesiña en parada de autobús.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (SEIS) 6 meses.

IV.- Consta no expediente administrativo de referencia, resolución da Dirección de Augas de Galicia de data 01.09.2022, autorizando as obras de urbanización da R/Val Miñor e Avda.Fragoso, condicionada ó cumprimento das seguintes condicións particulares:

“(…)

1. *As obras consistirán no proxecto de “Urbanización da Rúa Val Miñor e Avda. Fragoso ” consistentes na renovación da pavimentación, da rede de alumeado, mellora do sistema de recollida e evacuación de augas pluviais superficiais e mais actuacións de xardinería e sinalización horizontal e vertical, en zona de policía e servidume, cun cruzamento por ribada ponte do río Lagares (IDCURSO=10037974), na contornado estadio municipal de Balaídos, no concello de Vigo.*

2. *Debe destacarse que a zona de actuación se atopa nun área de risco potencial significativo ARPSI, cualificado como zona de fluxo preferente e zona asolagable pra un período estatístico de retorno T=50/100/500 anos a que o titular da autorización coñece e asume o risco existente e as medidas de protección civil aplicables ao caso e comprométese a trasladar esta información aos posibles afectados, con independencia das medidas complementarias que estime oportuno adoptar para a súa protección.*

3. *Evitarase o toldamento das augas pola demolición de materiais ou operacións complementarias que teñan lugar nas proximidades do leito do río.*

4. *Prohibirase a corta ou destrución da vexetación arbustiva ou arbórea de ribeira, agás que conte con autorización específica para estes traballos.*

5. *Deixarase en todo momento expedita a zona de servidume para uso público, consistente nunha*



Concello de Vigo

banda de 5 m de ancho, medidos a partir do bordo ocupado polas augas nas máximas enchentes ordinarias.

6. Durante a fase de construción extremaranse as precaucións coa retirada de todo tipo de cascallos e material de refugallo das marxes, co obxecto de reducir posibles alteracións na calidade da auga circulante ou na capacidade hidráulica da canle.

De xeito especial, prohibese expresamente verter no propio leito do río restos de formigón ou cemento, ou lavar materiais ou ferramenta que estiveran en contacto con eles, así como cambio de aceite de maquinaria de construción.

Non se depositarán na zona de servidume nin en lugares próximos ningún tipo de material que poida incorporarse ao río por escorrentas ou cheas.

Os residuos xerados durante a construción terán que ser trasladados a vertedoiro de residuos de construción autorizado.

7. Una vez rematadas as obras ou durante a súa execución, en todas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria pola zona de policía) procederase á súa rehabilitación, descontaminando a terra e, se for preciso, aportando terra vexetal, sementando, plantando, etc. ata conseguir a súa situación primitiva.

8. O prazo para a realización das obras é de vinte e catro (24) meses, contado a partir do día seguinte da recepción desta resolución. Finalizado este prazo extinguirase a validez da autorización, salvo que se solicite e obteña unha prórroga antes do esgotamento do prazo.

9. Rematadas as obras, comunicaráselle a Augas de Galicia, que procederá ao seu recoñecemento final nos casos en que considere oportuno”.

V- A Enxeñeira Técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 19.01.2023 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“O ámbito da actuación desenvólvese sobre solo clasificado como solo urbano e cualificado como vía pública.

Conforme ao apartado 3.2.3.2 da normativa do PXOU do 93, referente ás Normas comúns sobre deseño e calidade da urbanización, o sistema vial do presente proxecto encontrase clasificado dentro do apartado 4 correspondente a “Vías tipo IV – Carreteras locais”.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" (en adiante, LCSP) e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei."

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).



Concello de Vigo

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o presenta proxecto de “**URBANIZACIÓN DA RÚA VAL MIÑOR E AVDA. FRAGOSO**”, redactado polo Arquitecto Pedro de la Puente Crespo, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN OITOCENTOS TRINTA E UN MIL OITOCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS (1.831.856,40 €) e data xaneiro de 2023, e con sinatura dixital de data 19.01.2023.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(58).- REVISIÓN DE TARIFAS DO APARCADORIO DA PRAZA DE PORTUGAL PARA O ANO 2023. EXPTE. 4013/449.

Visto o informe xurídico do 20/01/2023 e o informe de fiscalización do 26/01/2023, dáse conta do informe-proposta de data 13/01/2023, asinado pola xefa do Servizo de Transportes e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

A) ANTECEDENTES

PRIMEIRO: Na data 23 de febreiro de 2017, a Xunta de Goberno Local acordou a adxudicación a EMPARK APARCAMIENTOS Y SERVICIOS S.A. do procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo público do aparcadoiro situado na praza de Portugal.

SEGUNDO: Na data 14 de xuño de 2017 foi asinado o contrato entre o Concello de Vigo e a empresa concesionaria EMPARK APARCAMIENTOS Y SERVICIOS S.A

TERCEIRO: Na data 8 de decembro de 2018 inicio a súa actividade a citado aparcadoiro, trala aprobación e execución do correspondente proxecto de obra e acondicionamento do aparcadoiro.

CUARTO: Na data 6 de febreiro de 2020 por acordo da Xunta de Goberno Local autorizouse a Empark Aparcamientso y Servicios S.A. revisión das tarifas a aplicar no aparcadoiro da praza de Portugal . Expediente nº 2922/449

QUINTO: Na data 25 de marzo de 2022 por acordo da Xunta de Goberno Local autorizouse a Empark Aparcamientso y Servicios S.A. a revisión das tarifas a aplicar no aparcadoiro da praza de Portugal para o ano 2022. Expediente nº 3557/449

B) SOLICITUDE DE REVISIÓN TARIFARÍA

Na data 17 de novembro de 2022, D. Antonio Jimenez Torre actuando mancomunadamente con D. Pedro Luis Salvado Agapito, en representación da empresa EMPARK APARCAMIENTOS Y SERVICIOS S.A. con CIF A-78320736 solicita a revisión de tarifas do aparcadoiro da praza de Portugal, manifestando que de conformidade coa fórmula polinómica contida no prego de condicións administrativas particulares que rexe a concesión, corresponde un incremento de 7,2% das tarifas iniciais.

Consultado o prego de condicións administrativas particulares aprobado na Xunta de Goberno Local de data 30 de setembro de 2015 e que rexe a concesión (expte. 429/449) comprobouse o seguinte:

Na Cláusula 7ª do prego de prescricións administrativas particulares relativa ao canon concesional, nos nº 3 e 4, se establece:

3.- O canon proposto na oferta do licitador do contrato adxudicado, estará vixente sen revisión dende a data de adxudicación ata o 31 de decembro do ano seguinte ao que se inicie o servizo.

4.- O importe do canon será obxecto de revisión anual a partir do día seguinte á data prevista no apartado anterior, conxuntamente coas tarifas e na mesma porcentaxe, aplicándose a fórmula de revisión prevista na cláusula 8.3 deste prego.

As revisións autorizaranse por acordo da Xunta de Goberno Local.

E na Cláusula 8.3 do citado prego de prescricións administrativas particulares se establece a fórmula de actualización de tarifas e do canon :

a) A actualización das tarifas ou do canon require a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local. Para a actualización se empregará a seguinte fórmula:

$$\boxed{[(T-t)K_t]^x(1+y)}$$

T= Tarifa aplicable ao usuario, I.V.E. Incluído.

t= Cota tributaria do IVE.

K_t = Factor de revisión do contrato.

Y= Tipo impositivo aplicable á operación.

Os índices específicos cuxas variacións serán de aplicación as respectivas ponderacións, serán os seguintes:



Concello de Vigo

- Salarios.- Nivel salarial correspondente ao traballador coa categoría “axente de aparcadoiro” recollidos no apartado letra c.2 do artigo 39 do Convenio Colectivo Xeral de Ámbito Nacional para o Sector Aparcamentos e Garaxes (BOE 31/08/2009).
- Enerxía.- Índice oficial do custo da enerxía eléctrica.
- Conservación e mantemento da maquinaria e equipos.- Índice oficial do custo do cobre.
- Mantemento e conservación de edificios.- Índice oficial do custo do cemento.

E o factor de revisión calcularase consonte a seguinte fórmula:

$$K_t = \frac{0,40 \times M_t}{M_0} + \frac{0,04 \times E_t}{E_0} + \frac{0,05 \times C_{ut}}{C_{u0}} + \frac{0,03 \times C_t}{C_0} + 0,48$$

Onde,

K_t = Factor de revisión resultante.

M = Salarios convenio nacional.

E = Índice custo enerxía eléctrica.

C_u = Índice custo cobre.

C = Índice custo cemento.

Os subíndices $_t$ y $_0$ correspóndense coa situación do factor no momento da revisión ou execución e no de licitación, respectivamente.

C) CALCULO DA TARIFA SOLICITADA

Para o calculo da tarifa aplícanse os índices correspondentes ao mes de setembro de 2021 últimos publicados con anterioridade a presentación da solicitude de revisión:

	outubro 2015	setembro 2021(últimos publicados)
M mano de obra	14007,530	14897,51
E enerxía	78,703	117,361
C_u cobre	85,647	129,872
C. cemento	100,145	102,986

$$K_t = \frac{0,40 \times 14897,51}{14007,530_0} + \frac{0,04 \times 117,361}{78,703_0} + \frac{0,05 \times 129,872}{85,647_0} + \frac{0,03 \times 102,986}{100,145_0} + 0,48$$

$$K_t = 1,0717$$

Polo que as tarifas resultantes serían as seguintes :

Concepto	Tarifas oferta	Tarifa sen IVE	KT	Nova tarifa sin IVE	Nova tarifa con IVE
Tarifa minuto máxima en rotación (IVE incl.)	0,0276 €	0,0228 €	1,0717	0,0244 €	0,0296 €
Tarifa minuto máxima en rotación para estancias <60 min.(IVE incl.)	0,0274 €	0,0226 €	1,0717	0,0242 €	0,0293 €
Tarifa minuto máxima en rotación para estancias <15 min.(IVE incl.)	0,0090 €	0,0074 €	1,0717	0,0080 €	0,0096 €
Importe aboamento diúrno automóbil residente (IVE incl.)	79,26 €	65,5036 €	1,0717	70,2023 €	84,94 €
Importe aboamento nocturno automóbil residente (IVE incl.)	66,00 €	54,5455 €	1,0717	58,4581 €	70,73 €
Importe aboamento 24 h. automóbil residente (IVE incl.)	94,92 €	78,4473 €	1,0717	84,0744 €	101,73 €
Importe aboamento diúrno motocicleta residente (IVE incl.)	2,00 €	1,6529 €	1,0717	1,7715 €	2,14 €
Importe aboamento nocturno motocicleta residente (IVE incl.)	1,50 €	1,2397 €	1,0717	1,3286 €	1,61 €
Importe aboamento 24 h. motocicleta residente (IVE incl.)	3,10 €	2,5620 €	1,0717	2,7458 €	3,32 €
Importe aboamento diúrno automóbil xeral (IVE incl.)	6,00 €	4,9624 €	1,0717	5,3184 €	6,44 €
Importe aboamento nocturno automóbil xeral (IVE incl.)	5,00 €	4,1322 €	1,0717	4,4286 €	5,36 €
Importe aboamento 24 h. automóbil xeral (IVE incl.)	7,19 €	5,9430 €	1,0717	6,3693 €	7,71 €
Importe aboamento diúrno motocicleta xeral (IVE incl.)	2,00 €	1,6529 €	1,0717	1,7715 €	2,14 €
Importe aboamento nocturno motocicleta xeral (IVE incl.)	1,50 €	1,2397 €	1,0717	1,3286 €	1,61 €
Importe aboamento 24 h. motocicleta xeral (IVE incl.)	3,10 €	2,5620 €	1,0717	2,7458 €	3,32 €

Aplicando o mesmo porcentaxe ao canon inicial ofertado (118.000 €), de conformidade co disposto na cláusula 7. nº 4 do prego de prescricións administrativas particulares, supón un canon de 126.464 €.

Polo exposto sometese a aprobación da Xunta de Goberno Local, Órgano competente para a aprobación da revisión de tarifas de conformidade co disposto na vixente lexislación en materia contractual, o seguinte :

ACORDO:

PRIMEIRO: Autorizar a EMPARK APARCAMIENTOS Y SERVICIOS S.A. con CIF A-78320736, a revisión das tarifas a aplicar no aparcadoiro da praza de Portugal, como concesionario do mesmo, para o ano 2023, sendo as tarifas máximas a aplicar as seguintes:

Concepto	Nova tarifa sen IVE	Nova tarifa con IVE
Tarifa minuto máxima en rotación (IVE incl.)	0,0244 €	0,0296 €
Tarifa minuto máxima en rotación para estancias <60 min.(IVE incl.)	0,0242 €	0,0293 €



Concello de Vigo

Tarifa minuto máxima en rotación para estancias <15 min.(IVE incl.)	0,0080 €	0,0096 €
Importe aboamento diúrno automóbil residente (IVE incl.)	70,2023 €	84,94 €
Importe aboamento nocturno automóbil residente (IVE incl.)	58,4581 €	70,73 €
Importe aboamento 24 h. automóbil residente (IVE incl.)	84,0744 €	101,73 €
Importe aboamento diúrno motocicleta residente (IVE incl.)	1,7715 €	2,14 €
Importe aboamento nocturno motocicleta residente (IVE incl.)	1,3286 €	1,61 €
Importe aboamento 24 h. motocicleta residente (IVE incl.)	2,7458 €	3,32 €
Importe aboamento diúrno automóbil xeral (IVE incl.)	5,3184 €	6,44 €
Importe aboamento nocturno automóbil xeral (IVE incl.)	4,4286 €	5,36 €
Importe aboamento 24 h. automóbil xeral (IVE incl.)	6,3693 €	7,71 €
Importe aboamento diúrno motocicleta xeral (IVE incl.)	1,7715 €	2,14 €
Importe aboamento nocturno motocicleta xeral (IVE incl.)	1,3286 €	1,61 €
Importe aboamento 24 h. motocicleta xeral (IVE incl.)	2,7458 €	3,32 €

SEGUNDO: Aprobar a actualización do canon a abonar polo citado concesionario, de conformidade co previsto na cláusula 7, nº 4 e 8 de prego de condicións administrativas particulares, a contía de 126.464 €

TERCEIRO: Notificar o presente Acordo a empresa concesionaria EMPARK APARCAMIENTOS Y SERVICIOS S.A . aos efectos oportunos.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(59).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE NORMALIZACIÓN DE PREDIOS NO ÁMBITO DO SOLO URBANO CONSOLIDADO BC R02 E BC R01, BARRIO DO CURA. EXPTE. 5292/401.

Dáse conta do informe-proposta de data 19//01/2023, asinado pola técnica de administración xeral e a xefa da Área de Desenvolvemento Urbanístico, co conforme do xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES E FEITOS

Examinado o presente expediente, incoado en data 02 de marzo de 2022 pola entidade Barrio do Cura Desarrollo SL, en solicitude de tramitación e aprobación do Proxecto de normalización referido na cabeceira, co obxecto de proceder a unha operación de reorganización da propiedade no solo urbano consolidado do ámbito do Barrio do Cura, e coa finalidade de adaptar a configuración física das

parcelas á aliñación prevista pola Modificación puntual do PXOU/1993, emítase o seguinte informe con proposta de acordo, resultando como Antecedentes máis salientables, os que seguen:

I.- O Concello de Vigo conta cun Plan Xeral de Ordenación Urbana aprobado definitivamente o 29.04.1993 (DOG do 10.05.1993 e BOP do 14.07.1993). Asemade, está vixente o Instrumento de Ordenación Provisional aprobado definitivamente polo Pleno o 24.07.2019 ao abeiro da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (DOG do 26.08.2019 e BOP do 20.09.2019). O ámbito obxecto da modificación puntual non está afectado por ese Instrumento de Ordenación Provisional. O Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) do Casco Vello foi aprobado definitivamente o 12.04.2007 (DOG do 06.06.2007 e BOP do 18.05.2007).

II.- Logo da preceptiva tramitación consonte a normativa de aplicación, con información pública e oficial, con data do 23.07.2021 o Pleno do Concello de Vigo, acordaba prestar aprobación, con carácter definitivo, á Modificación puntual do PXOU/1993, para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura, instrumento de iniciativa pública promovido por esta administración, documentación presentada polo equipo redactor no rexistro electrónico do Concello de Vigo, con data do 30.06.2021 (Cod. Sol.: W572571-5583), na súa versión definitiva e que inclúe toda a documentación necesaria para a súa aprobación definitiva, datada en xuño de 2021, e asinada dixitalmente con firma válida polo arquitecto D. Alfonso Penela Fernández con data 29.06.2021.

Mediante Resolución da Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo do 29 de outubro de 2021, dispoñíase a inscrición da Modificación puntual do Plan xeral de ordenación urbana para a reordenación do ámbito do barrio do Cura (expediente 16980/411), no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia, da Sección II, do Libro I, Tomo I, folla rexistral nº 47, co número de rexistro ROTPG/P/65/2021, de conformidade co disposto nos artigos 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 208 e seguintes do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

En cumprimento do disposto no amentado acordo Plenario de aprobación definitiva, procedeuse a publicación no Diario Oficial de Galicia núm.160 do 20.08.2021, e das súas normas e ordenanzas, no BOP núm.217 do 11.11.2022 , polo que ten acadado plena eficiencia e executividade.

III.- Con data do 07 de xuño de 2022, o Consello da Xerencia municipal de urbanismo do Concello de Vigo, de conformidade coa proposta asinada conxuntamente pola técnica de administración xeral do servizo de planeamento e xestión e a Xefa da Área de desenvolvemento urbanístico, co conforme do Xerente de Urbanismo, adoptou o seguinte acordo:

“(.) Primeiro.- Proceder á aceptación da delimitación do ámbito de normalización de predios, proposta pola entidade Barrio do Cura, SLU, abranguendo dous ámbitos, unha parte do solo afectado pola Ordenanza BC R02 DE EDIFICACIÓN EN ALIÑACIÓN DE RÚA, cunha superficie de 3855,68m² e 22 predios, co 90,61% (3168,52m²) da superficie da ordenanza BC R02, deixando fora o 9,39% (328,48m²) para unha futura normalización independente; e outra parte a correspondente a totalidade do solo afectado pola Ordenanza BC R01 DE EDIFICACIÓN SINGULAR EN BLOQUE ABERTO, cunha superficie de 2281,44m² e 14 predios.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo, a todos os interesados no presente procedemento.

IV.- En cumprimento do dito acordado, procedeuse en legal forma, á notificación a todos os interesados no presente procedemento, e así consta acreditado no expediente dixital de razón.



Concello de Vigo

V.- Trala achega polo equipo redactor, de diferentes versións da documentación técnica integrante do presente proxecto de normalización de predios en datas 02.03.2022, 12.04.2022, 04.07.2022, 20.09.2022, 04.10.2022, 02.12.2022, 22.12.2022 e 16.01.2023, en cumprimento de senllos requirimentos municipais á vista dos informes técnicos que obran no expediente, finalmente con data do 16 de xaneiro de 2023, a entidade promotora da presente actuación, insería no Rexistro electrónico desta Xerencia Municipal de Urbanismo, (Cod. Sol. W847122-9418 e Doc. Núm.230012809) documento refundido do “Proxecto de Normalización de predios do Solo Urbano Consolidado BC-R01 e BC-R02 do Barrio do Cura, redactado pola Avogada Carmen Abuín Fernández e o arquitecto Cesar Álvarez Arines, datado en decembro de 2022, e asinado con firma dixital válida o 13.01.2023, que anula e substitúe a todas as anteriores versións presentadas.

IV.- Elevado o expediente completo a arquitecta xefa da área de Desenvolvemento Urbanístico, con data do 18.01.2023 emite informe técnico de carácter favorable ao presente trámite de aprobación inicial, do seguinte teor literal,

(...)A normalización de predios réxese polo artigo 110 da Lei do Solo de Galicia (en diante LSG) e polos artigos 280, 281 e 282 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia RLSG (en diante RLSG). O artigo 110 da LSG sinala que cando for necesario adaptar a configuración física das parcelas en solo urbano consolidado en aplicación das determinacións do planeamento urbanístico poderá delimitar zonas de normalización de predios, sen que iso produza minoración dos aproveitamentos atribuídos polo plan nin imposición de cesión de aproveitamento lucrativo a favor do municipio.

O procedemento iniciase, neste caso, por instancia de parte, segundo o artigo 282.2 do RLSG, ca solicitude da empresa promotora BARRIO DO CURA DESARROLLO, S.L.U. que acredita a aceptación de mais 50% da superficie do ámbito.

I) ACEPTACIÓN DA DELIMITACIÓN DO ÁMBITO

O artigo 280.3 do RLSG sinala que a normalización poderá facerse por cuarteiróns completos, parte deles ou ámbitos equivalentes e poderá afectar as edificacións existentes, na fase previa de aceptación da delimitación do ámbito xa se tiñan analizados os aspectos iniciais do proxecto como son:

I) Con respecto a delimitación, no proxecto achegado delimítanse dous ámbitos:

a) unha parte do solo afectado pola Ordenanza BC R02 DE EDIFICACIÓN EN ALIÑACIÓN DE RÚA, cunha superficie de 3855,68m² e 22 predios, equivalente o 90,61% (3168,52m²) da superficie da ordenanza BC R02, deixando fora o 9,39% (328,48m²) para unha futura normalización independente.

b) o correspondente a totalidade do solo afectado pola Ordenanza BC R01 DE EDIFICACIÓN SINGULAR EN BLOQUE ABERTO, cunha superficie de 2276,83m² e 14 predios.

II) En canto a aceptación dos propietarios que representen máis do 50%, Barrio do Cura Desarrollo S.L.U. é propietaria dun porcentaxe do 93,73% e achega acordo de aceptación asinado o 20/05/2022 polo administrador único David Ventoso Rañón polo tanto superior ao 50%

a) No ámbito BC R02, BARRIO DO CURA DESARROLLO, S.L.U. expresa ser propietaria dos predios 1,2,3,4,5,6,7,8,9,10,11,12,13,16,17,20 e 21 que supoñen o 88,19% e un proindiviso dos predios 15,18 e 19, o que fai un total de 93,73%

b) No ámbito BC R01, BARRIO DO CURA DESARROLLO, S.L.U. expresa ser propietaria do 97,75%, predios 2,3,4,5,6,7,8,9,10,11,12,13 e 14.

III) Na documentación achegada demostrase que non se produce a diminución dos aproveitamentos outorgados polo planeamento tanto nos ámbitos delimitados neste proxecto como o que queda para una normalización posterior, polo que os ámbitos se poden desenvolver dunha maneira independente. Nesta Normalización créase unha única parcela de resultado e óptase pola compensación en metálico dos dereitos dos propietarios minoritarios.

Se parte do cálculo dos aproveitamentos de cada predio dende a edificabilidade outorgada pola ordenación pormenorizada, definida polas aliñacións oficiais, as aliñacións interiores e as alturas sinaladas nos planos OD_02_Ordenación Xeral-Aliñacións e Alturas, que tradúcense nun porcentaxe da edificabilidade total, este coeficiente será tido en conta posteriormente na valoración da compensación económica contida no proxecto de normalización, segundo o artigo 110.1 da LSG

O proxecto de Normalización recolle no Apartado 6 e 16, respectivamente, Xustificación gráfica de volumes e porcentaxes, comprobándose a súa adecuación a ordenación e que reproducense exactamente nas contas das compensacións económicas das parcelas.

a) Zona de normalización BC-R02 ten unha superficie bruta de 3855,68m² corresponde cas parcelas das frontes da Rúa Llorente e Santa Marta, dos cales 687,16m² serán destinados a ampliación do viario existente e unha superficie neta de 3168,52 m² de ordenanza BC R02

b) Zona de normalización BC-R01 ten unha superficie bruta de 2276,m² composta polo frente da Rúa Pi y Margall na zona ocupada maioritariamente polo antigo asilo, dos cales 43,60m² serán destinados a ampliación do viario existente e unha superficie neta de 2233,23 m² de ordenanza BC-R01

Na zona excluída da normalización BC-R02 de 328,48m² composta pola fronte consolidado da rúa Pi y Margall, edificios do n.º 2 (Rúa Barrio do Cura n.º 2 e 3) do n.º 4 (Barrio do Cura n.º 4) e do n.º 6 e a calexa que os envolve polo norte e oeste, terá que producirse tamén unha normalización de fincas cando os propietarios que representen mais do 50% da superficie así o soliciten. Na documentación achegada Apartado 7 Xustificación da cabida nas parcelas non incluídas na Normalización demostrase que a edificabilidade outorgada pola ordenación detallada, definida polas aliñacións oficiais, as aliñacións interiores e as alturas sinaladas nos planos de ordenación detallada OD_02_Ordenación Xeral-Aliñacións e Alturas, alcanza os 1237,94m². e que pode materializarse nun sólido capaz de planta baixa, tres plantas e baixo cuberta de 1341,87m²

IV) Non existe imposición de cesión de aproveitamento lucrativo a favor do municipio. Non existen mais cesións que as resultantes das regularización de viario, de cesión obrigatoria e gratuíta.

V) En canto á adecuación da ordenación da subdivisión nos ámbitos de normalización

a) Ordenanza BC R02 a subdivisión entre a zona incluída e a excluída, se adecúan e non impiden a ordenación contida na modificación puntual, sendo o seu linde unha parede medianeira, que terá o tratamento de fachada, mentres non se execute o outro ámbito.



Concello de Vigo

b) Ordenanza BC R01 ao tratarse do 100% da superficie da ordenanza e constituír unha única parcela e un único edificio se adecúa plenamente a ordenación.

II) TRASLADO DO ACORDO AOS INTERESADOS

Tralo traslado do acordo do Consello da Xerencia de 07/06/2022 de aceptación do ámbito aos interesados, foron presentados os seguintes escritos de alegacións:

Iría Díaz López, número de documento 220163757 con data 29/06/2022, propietaria, en parte, do edificio sito en Santa Marta nº 10, no que pide acceso e copia do expediente, e que foi contestada dende a Xerencia o 14/07/2022, non procedendo a expedición de copias do proxecto de normalización por non ter nese momento ningún tipo de aprobación municipal.

Concepción Ludivina Álvarez Doval, número de documento 220183246 con data 21/07/2022, propietaria, en parte, do edificio sito en Santa Marta nº 8, escrito que foi remitido ao promotor, e na súa contestación de data 22/12/2022 expresa que non maniféstanse alegacións a delimitación do ámbito aprobado, se non que son propias do trámite de audiencia que abrirose trala aprobación inicial do proxecto de normalización. En canto as discrepancias de superficie do catastro e outros documentos, o proxecto de normalización, aínda sen aprobar, toma en consideración as superficies catastrais, como indica a alegante, polo que non procede modificalo. A alegación, neste sentido, debe ser desestimada por pertencer a un momento procedemental futuro.

III) PROXECTO DE NORMALIZACIÓN. CONTIDO E FORMATO

A empresa promotora formula o proxecto de normalización de predios dando cumprimento ao sinalado no artigo 281 do RLSG, incluíndo:

BC R-02

- a) memoria xustificativa, Apartado 1 Memoria Xustificativa do Proxecto de Normalización
- b) relación de propietarios, Apartado 2 Relación de propietarios das fincas afectadas, Anexo I, certificacións catastrais descritivas e gráficas e Anexo II Certificacións Rexistro da Propiedade do Proxecto de Normalización.
- c) descrición das parcelas afectadas, Apartado 3 Descrición das parcelas afectadas, Apartado 4 Descrición das parcelas normalizadas, Apartado 5 Cadro resumo de parcelas, 5.1 Cadro de Parcelas iniciais e 5.2 Cadro de Parcelas normalizadas do Proxecto de Normalización.
- d) conta de compensacións económicas, Apartado 8 valoración das fincas afectadas pola normalización. 8.1 Conta de compensacións económicas e 8.2 Valoración dos arrendamentos, 10 Anexos, 10. 3 Anexo III Informe de valoración e 10.4 Anexo IV Anexo ao informe de valoración do Proxecto de Normalización
- e) plano parcelario de información, Apartado 9 Planos, 9.1 Plano 1 Situación, emprazamento e ordenación e 9.3 Parcelario inicial do Proxecto de Normalización
- f) plano da delimitación da normalización, Apartado 9 Planos, 9.2 Delimitación do ámbito da normalización do Proxecto de Normalización
- g) planos dos predios normalizados, Apartado 9 Planos, 9.4 Plano 4 Predios normalizados xeorreferenciados do Proxecto de Normalización

BC R-01


- a) memoria xustificativa Apartado 11 Memoria Xustificativa do Proxecto de Normalización

- b) relación de propietarios, Apartado 12 Relación de propietarios das fincas afectadas, Apartado 19 Anexos, 19.1 Anexo I certificacións catastrais descritivas e gráficas e 19.2 Anexo II Certificacións Rexistro da Propiedade do Proxecto de Normalización.
- c) descrición das parcelas afectadas, Apartado 13 Descrición das parcelas afectadas, Apartado 14 Descrición das parcelas normalizadas, Apartado 15 Cadro resumo de parcelas, 15.1 Cadro de Parcelas iniciais e 15.2 Cadro de Parcelas normalizadas do Proxecto de Normalización.
- d) conta de compensacións económicas, Apartado 17 valoración das fincas afectadas pola normalización. 17.1 Conta de compensacións económicas, 19 Anexos, 19.3 Anexo III Informe de valoración do Proxecto de Normalización
- e) plano parcelario de información, Apartado 18 Planos, 18.1 Plano 1 Situación, emprazamento e ordenación e 18.3 Parcelario inicial do Proxecto de Normalización
- f) plano da delimitación da normalización, Apartado 18 Planos, 18.2 Delimitación do ámbito da normalización do Proxecto de Normalización
- g) planos dos predios normalizados, Apartado 18 Planos, 18.4 Plano 4 Predios normalizados xeoreferenciados do Proxecto de Normalización


Dáse tamén cumprimento ao artigo 220 do RLSG en canto a presentación en formato dixital asinado e a xeoreferenciación das parcelas de resultado en formato .qgs e capas correspondentes en formato .shp

IV) PREDIOS INICIAIS. XUSTIFICACIÓN GRÁFICA DE VOLUMES

BC R02



BC R01



No proxecto de normalización avhegado recóllense a totalidade das parcelas, mentres que nos seguintes apartados deste informe tan só centrámonos nas parcelas non pertencentes na súa totalidade a Barrio do Cura Desarrollo SLU. O proxecto de Normalización contén no Apartado 6 e 16, respectivamente para os dous ámbitos, a xustificación gráfica de volumes e porcentaxes do aproveitamento que lle asigna o planeamento urbanístico para esta clase de solo urbano consolidado, segundo o artigo 22.a da LSG.

BC R02 Resumo

Superficie do ámbito 3855,68 m²

Edificabilidade: 24122,27 m²

N.º total de parcelas 22



Concello de Vigo

N.º total parcelas propiedade de BC SLU: 17

N.º de parcelas de titularidade compartida co BC SLU: 3

Parcela n.º 15 de 70,16 m² de superficie, edificada, correspondente ao n.º 6 da Rúa Santa Marta.

Titularidade: 66,66% BC SLU e 33,34% Amalia María Carmen López Cajaraville.

Edificabilidade: 504,78 m², cun porcentaxe do aproveitamento do 2,10% do total,

Parcela n.º 18 de 117,91 m² de superficie, edificada, correspondente ao n.º 8 da Rúa Santa Marta.

Titularidade: 51,95% BC SLU e 48,05% José Álvarez Pérez.

Edificabilidade: 825,84 m² cun porcentaxe do aproveitamento do 3,43% do total,

Parcela n.º 19 de 196,83 m² de superficie, edificada, correspondente ao n.º 10 da Rúa

Santa Marta. Titularidade: 73,30% BC SLU, 5,93% e 5,91% Sem Carrasco

González e Adela González Ordoñez, 4,44% Francisco Javier Patoriza Enríquez e

Pilar Abeijón Barreiro, 4,44% Emilio Pastoriza Enríquez, 2,99% José Antonio

Carrasco González e 2,99% Sira Carrasco González

Edificabilidade: 1079,04 m² cun porcentaxe do aproveitamento do 4,48% do total.

N.º parcelas de titularidade municipal: 2

Parcela n.º 14 de 33,93 m² de superficie, cunha edificabilidade de 237,09m² cun porcentaxe do aproveitamento do 0,98% do total.

Parcela n.º 22 de 36,50 m² de superficie, cunha edificabilidade de 67,71 m² de superficie, cun porcentaxe do aproveitamento do 0,28% do total.

BC R01 Resumo

Superficie do ámbito: 2276,83 m²

Edificabilidade: 7199,04m²

N.º total de parcelas: 14

N.º total parcelas propiedade de BC SLU: 13

N.º parcelas titularidade municipal: 1

Parcela n.º 1 de 135,61 m² cun porcentaxe do aproveitamento do 2,46% do total e unha edificabilidade de 166,93 m².

V) VALORACIÓN

Os anexos III do proxecto de normalización, conteñen os Informes de valoración do ámbito do BC R02 e do ámbito do BC R01 e o Anexo IV contén a valoración da extinción de arrendamentos no ámbito do BC R02, están redactados polo arquitecto Germán Carballeira Martín, colexiado n.º 2747 e asinados con data 27/09/2022 e 1/12/2022, e axustados ao RD 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións de la Ley del Suelo.

O método de valoración das parcelas non edificadas é o método residual estático, artigo 22 do RVLS e para parcelas edificadas, artigo 23 do RVLS, o valor será o superior dos seguintes: taxación conxunta do solo e da edificación existente (método de comparación) e valoración do solo sen considerar a edificación (método residual).

Procedeuse aos axustes correspondentes polos erros materiais detectados no Apartado 4 Metodoloxía da valoración nos aspectos legais e criterios seguidos para efectuar a valoración, a data a que se refiren as valoracións é a do 7/06/2022, data da aceptación da delimitación do ámbito da normalización.

Pártese de que a maioría dos propietarios carecen da facultade de participar na normalización por causa da insuficiencia dos dereitos aportados para recibir unha parcela edificable resultante da actuación, polo que o promotor compensará economicamente a cada un deles, por incumprimento da parcela mínima do apartado 2.3.2.2 da Modificación Puntual aprobada definitivamente.

a) Método residual estático

El artículo 22 del RV dispone:

1. El valor en situación de suelo urbanizado no edificado, o si la edificación existente o en curso sea ilegal o se encuentre en situación de ruina física, se obtendrá aplicando a la edificabilidad de referencia determinada según lo dispuesto en el artículo anterior, el valor de repercusión del suelo según el uso correspondiente, de acuerdo con la siguiente expresión:

$$VS = \sum E_i \cdot VRS_i$$

Siendo:

VS = Valor del suelo urbanizado no edificado, en euros por metro cuadrado de suelo.

E_i = Edificabilidad correspondiente a cada uno de los usos considerados, en metros cuadrados edificables por metro cuadrado de suelo.

VRS_i = Valor de repercusión del suelo de cada uno de los usos considerados, en euros por metro cuadrado edificable

2. Los valores de repercusión del suelo de cada uno de los usos considerados a los que hace referencia el apartado anterior, se determinarán por el método residual estático de acuerdo con la siguiente expresión:

$$VRS = \frac{V_v}{K} - V_c$$

Siendo:

VRS = Valor de repercusión del suelo en euros por metro cuadrado edificable del uso considerado.

V_v = Valor en venta del metro cuadrado de edificación del uso considerado del producto inmobiliario acabado, calculado sobre la base

de un estudio de mercado estadísticamente significativo, en euros por metro cuadrado edificable.

K = Coeficiente que pondera la totalidad de los gastos generales, incluidos los de financiación, gestión y promoción, así como el beneficio empresarial normal de la actividad de promoción inmobiliaria necesaria para la materialización de la edificabilidad. Dicho coeficiente K, que tendrá con carácter general un valor de 1,40, podrá ser reducido o aumentado de acuerdo con los siguientes criterios:

a) Podrá reducirse hasta un mínimo de 1,20 en el caso de terrenos en situación de urbanizado destinados a la construcción de viviendas unifamiliares en municipios con escasa dinámica inmobiliaria, viviendas sujetas a un régimen de protección que fije valores máximos de venta que se aparten de manera sustancial de los valores medios del mercado residencial, naves industriales u otras edificaciones vinculadas a explotaciones económicas, en razón de factores objetivos que justifiquen la reducción del componente de gastos generales como son la calidad y la tipología edificatoria, así como una menor dinámica del mercado inmobiliario en la zona.

b) Podrá aumentarse hasta un máximo de 1,50 en el caso de terrenos en situación de urbanizado destinados a promociones que en razón de factores objetivos como puedan ser, la extraordinaria localización, la fuerte dinámica inmobiliaria, la alta calidad de la tipología edificatoria, el plazo



Concello de Vigo

previsto de comercialización, el riesgo previsible, u otras características de la promoción, justifiquen la aplicación de un mayor componente de gastos generales.

V_c = Valor de la construcción en euros por metro cuadrado edificable del uso considerado. Será el resultado de sumar los costes de ejecución material de la obra, los gastos generales y el beneficio industrial del constructor, el importe de los tributos que gravan la construcción, los honorarios profesionales por proyectos y dirección de las obras y otros gastos necesarios para la construcción del inmueble.

Todos los valores deberán estar referidos a la fecha que corresponda según el objeto de la valoración en los términos establecidos en el apartado 2 del artículo 21 del texto refundido de la Ley de Suelo.

3. En caso de parcelas que no se encuentren completamente urbanizadas o que tengan pendiente el levantamiento de cargas o el cumplimiento de deberes para poder realizar la edificabilidad prevista, se descontarán del valor del suelo determinado según el apartado 1 anterior la totalidad de los costes y gastos pendientes, así como el beneficio empresarial derivado de la promoción, de acuerdo con la siguiente expresión:

$$V_{So} = V_S - G \cdot (1 + TLR + PR)$$

Siendo:

V_{So} = Valor del suelo descontados los deberes y cargas pendientes, en euros.

V_S = Valor del suelo urbanizado no edificado, en euros.

G = Costes de urbanización pendientes de materialización y otros deberes y cargas pendientes, en euros.

TLR = Tasa libre de riesgo en tanto por uno.

PR = Prima de riesgo en tanto por uno.

La tasa libre de riesgo, a los efectos de determinar el beneficio de la promoción en este Reglamento, será la última referencia publicada por el Banco de España del rendimiento interno en el mercado secundario de la deuda pública de plazo entre dos y seis años. En cuanto a la prima de riesgo, a los efectos de determinar el beneficio de la promoción en este Reglamento, se fijará en función de los usos y tipologías correspondientes atribuidos por la ordenación urbanística, tomando como referencia los porcentajes establecidos en el cuadro del Anexo IV de este Reglamento en función del tipo de inmueble sin que pueda ser superior al porcentaje que se determine para el coeficiente corrector K establecido en el apartado 2 anterior, incluida la propia prima de riesgo como sumando de la totalidad de los gastos generales”.

b) Método de comparación.

Para a valoración das parcelas edificadas aplícase o artigo 24 do RV: Tasación conjunta del suelo y la edificación por el método de comparación.

1. Cuando exista un conjunto estadísticamente significativo de transacciones reales o de ofertas cuyo número sea igual o superior a seis muestras comparables, la determinación del valor del inmueble por tasación conjunta, establecida en la letra a) del artículo anterior, se realizará por el método de comparación de mercado según lo dispuesto a continuación:

La selección de comparables, que tendrá como objetivo la identificación de testigos que permitan la determinación del valor, se llevará a cabo con un grado de certidumbre suficiente para establecer el valor de sustitución en el mercado del inmueble objeto de valoración. A tal efecto, en la selección de los comparables deberán tenerse en cuenta las siguientes condiciones de semejanza o equivalencia básica:

a) Localización.

b) Uso.

- c) Configuración geométrica de la parcela.
- d) Tipología y parámetros urbanísticos básicos.
- e) Superficie.
- f) Antigüedad y estado de conservación.
- g) Calidad de la edificación.
- h) Gravámenes o cargas que condicionen el valor atribuible al derecho de propiedad.
- i) Fecha de toma de datos del comparable.

c) Estudios de Mercado

Para o uso residencial e de garaxe-aparcamento pártese como estudo de mercado de comparación o proxecto promovido e os valores en venta que ofértanse a través da empresa “Gestilar”, para los outros usos constan estudos de mercado con testemuñas suficientes que inclúen a data de obtención, os valores así obtidos poden considerarse aceptables.

Valor en venta uso vivenda (incluído rocho e praza de garaxe) 3055,97€/m²

Valor en venta uso garaxe-aparcamento 1131,67€/m²

Valor en venta uso terciario cota +41,00m, (incluído almacéns, contadores e praza de garaxe) 2821,49€/m²

Valor en venta uso terciario cotas inferiores a +41,00m (incluído almacéns, contadores e praza de garaxe) 1513,33€/m²

d) Convenio Urbanístico, parcelas municipais.

Na valoración das parcelas municipais tívose en conta o sinalado na estipulación Segunda, apartado 2, base B do “convenio urbanístico de execución de planeamento entre o Concello de Vigo e Barrio do Cura Desarrrollo S.L.U. para o desenvolvemento da Modificación Puntual do PXOU 93 e do Pepri Casco Vello, no ámbito Barrrio do Cura”, asinado con data 15/11/2021, na que se establece que nas parcelas municipais os custes de urbanización serán afrontados por Barrio do Cura Desarrrollo S.L.U.



Concello de Vigo

	AMBITO	Nº PARCELA	RUA STA. MARTA	PLANTA	FINCA REGISTRAL	PROPIETARIO/A	VALORACION
c	BC R02	14			8459	CONCELLO DE VIGO	258.539,66 €
	BC R02	15	10	BAIXA	60207	BARRIO DO CURA S.L.U.	74.439,58 €
	BC R02	15	10	PRIMEIRA	60208	AMALIA MARIA CARMEN LOPEZ CAJARAVILLE	170.446,28 €
l	BC R02	15	10	SEGUNDO	60209	BARRIO DO CURA S.L.U.	85.470,29 €
c	BC R02	18	8	TRASTEIRO	70936	JOSE ÁLVAREZ PÉREZ	2.131,44 €
	BC R02	18	8	LOCAL	70937	BARRIO DO CURA S.L.U.	83.312,86 €
€	BC R02	18	8	PRIMEIRA	70938	JOSE ÁLVAREZ PÉREZ	134.107,59 €
€	BC R02	18	8	SEGUNDA	70939	BARRIO DO CURA S.L.U.	130.265,70 €
	BC R02	18	8	TERCEIRA	70940	JOSE ÁLVAREZ PÉREZ	126.423,82 €
	BC R02	18	8	CUARTA	70941	JOSE ÁLVAREZ PÉREZ	125.668,77 €
v	BC R02	18	8	QUINTA	70942	JOSE ÁLVAREZ PÉREZ	67.706,97 €
	BC R02	19	6	LOCAL 1	60478	SEM CARRASCO GLEZ. E ADELA GLEZ. ORDÓÑEZ	102.327,49 €
	BC R02	19	6	LOCAL 2	60479	FCO. JAVIER E EMILIO PASTORIZA ENRIQUEZ E PILAR ABEUON	104.395,45 €
l	BC R02	19	6	PRIMEIRA D	60480	SEM CARRASCO GLEZ. E ADELA GLEZ. ORDÓÑEZ	116.758,70 €
c	BC R02	19	6	PRIMEIRA I	60481	BARRIO DO CURA S.L.U.	110.179,08 €
	BC R02	19	6	SEGUNDA D	60482	BARRIO DO CURA S.L.U.	113.413,78 €
v	BC R02	19	6	SEGUNDA I	60483	JOSE ANTONIO E SIRA CARRASCO GLEZ.	107.022,69 €
i	BC R02	19	6	TERCEIRA D	60484	BARRIO DO CURA S.L.U.	110.068,87 €
	BC R02	19	6	TERCEIRA I	60485	BARRIO DO CURA S.L.U.	103.866,30 €
	BC R02	19	6	CUARTA D	60486	BARRIO DO CURA S.L.U.	106.723,95 €
	BC R02	19	6	CUARTA I	60487	BARRIO DO CURA S.L.U.	100.709,91 €
	BC R02	19	6	QUINTA D		BARRIO DO CURA S.L.U.	53.870,08 €
	BC R02	19	6	QUINTA I		BARRIO DO CURA S.L.U.	56.048,41 €
	BC R02	22				CONCELLO DE VIGO	73.835,76 €
	BC R01	1				CONCELLO DE VIGO	244.330,19 €

demolidas e as obras, instalacións, plantacións e sementados que non podan conservarse

En canto a garantir o dereito de realoxamento, non só cotemplado na Lei, consta tamén no Convenio urbanístico de execución de planeamento entre o Concello de Vigo e Barrio do Cura, S.L.U. para o desenvolvemento da modificación puntual do “PXOU 1993” e do “PEPRI Casco Vello” no ámbito do “Barrio do Cura” na súa estipulación Segunda B) e Terceira B) 4. No expediente inclúese informe de estatística de data 26/07/2022 no que constan as persoas empadroadas nos inmobles sitios en Santa Marta n.º 6, 8 e 10, sobre os que probablemente existan dereitos de realoxamento e retorno, unha vez que, ao longo do procedemento, acrediten que efectivamente a vivenda constitúe a súa residencia habitual e a ocupan legalmente, polo que incluíranse ditas persoas como interesadas neste expediente.

O Anexo IV contén a valoración da extinción de arrendamentos no ámbito do BC R02, axustado ao RD 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións de la Ley del Suelo, está redactado polo arquitecto Germán Carballeira Martín, colexiado n.º 2747, e asinado con data 27/09/2022.

VII) Valoración de arrendamentos

No ámbito da normalización BC R01 non existe ningunha edificación con arrendamentos, no ámbito BC R02 están documentados dous contratos de arrendamento destinados a vivenda, no edificio sito na rúa Sta. Marta n.º 8 andar primeiro e andar terceiro.

N.º 8-1º contrato de 20 de marzo de 1984 entre a propiedade José Álvarez Pérez e o arrendatario Justo Covelo Rajo, importe actualizado da renda de 195,45€/mes, equivalente a 2345,40€/ano

N.º 8-3º contrato de 1 de agosto de 1963 entre a propiedade José Álvarez Pérez e o arrendatario Benito Pérez López, importe actualizado da renda de 222,00€/mes, equivalente a 2664,00€/ano

O método de valoración da extinción de arrendamentos está establecida no artigo 6.7 do RV de capitalización ao 10% a diferenza entre a renda de mercado e a satisfeita.

Do estudo de mercado achegado, cos coeficientes de homoxenización, obtense una renda actualizada de 575,83€/mes, 6909,90€/ano para o primeiro andar, e 542,92€/mes, 6515,08€/ano, para o segundo andar.

$$\text{Capitalización} = c \times \frac{(1 + i)^n - 1}{i}$$

Onde aplicado ao presente caso:

c = Renda anual i = Tipo de capitalización, 10,00% n = Número de períodos/anos ata la finalización do contrato, 10 anos.

Andar primeiro

Capitalización renda actual: 37.379,64€

Capitalización renda estimada: 110.126,97€

Indemnización 72.747,33€

Andar terceiro

Capitalización renda actual: 42.457,30€

Capitalización renda estimada: 103.833,57€

Indemnización 61.376,27€

A indemnización total por extinción de arrendamentos é de 134.123,60€

VIII) CONTA DE COMPENSACIONES ECONÓMICAS

A conta de compensacións económicas elévase a 1.633.694,81€

AMBITO	Nº PARCELA	RUA STA. MARTA	PLANTA	FINCA REXISTRAL	PROPIETARIO/A	VALORACION	PARTICULARE*	CONCELLO
BC R02	14			8459	CONCELLO DE VIGO	258.539,66 €		258.539,66 €
BC R02	15	10	PRIMEIRA	60208	AMALIA MARIA CARMEN LOPEZ CAJARAVILLE	170.446,28 €	170.446,28 €	
BC R02	18	8	TRASTEIRO	70936	JOSE ÁLVAREZ PÉREZ	2.131,44 €	2.131,44 €	
BC R02	18	8	PRIMEIRA	70938	JOSE ÁLVAREZ PÉREZ	134.107,59 €	134.107,59 €	
BC R02	18	8	TERCEIRA	70940	JOSE ÁLVAREZ PÉREZ	126.423,82 €	126.423,82 €	
BC R02	18	8	CUARTA	70941	JOSE ÁLVAREZ PÉREZ	125.668,77 €	125.668,77 €	
BC R02	18	8	QUINTA	70942	JOSE ÁLVAREZ PÉREZ	67.706,97 €	67.706,97 €	
BC R02	19	6	LOCAL 1	60478	SEM CARRASCO GLEZ. E ADELA GLEZ. ORDOÑEZ	102.327,49 €	102.327,49 €	
BC R02	19	6	LOCAL 2	60479	FCO. JAVIER E EMILIO PASTORIZA ENRIQUEZ E PILAR ABEUON	104.395,45 €	104.395,45 €	
BC R02	19	6	PRIMEIRA D	60480	SEM CARRASCO GLEZ. E ADELA GLEZ. ORDOÑEZ	116.758,70 €	116.758,70 €	
BC R02	19	6	SEGUNDA I	60483	JOSE ANTONIO E SIRA CARRASCO GLEZ.	107.022,69 €	107.022,69 €	
BC R02	22				CONCELLO DE VIGO	73.835,76 €		73.835,76 €
BC R01	1				CONCELLO DE VIGO	244.330,19 €		244.330,19 €
						TOTAIS	1056989,2	576.705,61 €

A indemnización total por extinción de arrendamentos elévase a 134.123,60€

AMBITO	Nº PARCELA	RUA STA. MARTA	PLANTA	FINCA REXISTRAL	PROPIETARIO/A	ARRENDATARIO/A	VALORACION
BC R02	18	8	PRIMEIRA	70938	JOSE ÁLVAREZ PÉREZ	JUSTO COVELO RAJO	72.747,33 €
BC R02	18	8	TERCEIRA	70940	JOSE ÁLVAREZ PÉREZ	BENITO PÉREZ LOPEZ	61.376,27 €
							134.123,60 €

O obrigado ao pago é BARRIO DO CURA DESARROLLO, S.L.U. con CIF B87969309

IX) PREDIOS NORMALIZADOS



Concello de Vigo

BC R02 Predio A 3168,52 m²
Predio B 1,15 m²
Predio C 686,01 m²



PARCELA A

Adxudicatario: Barrio do Cura Desarrollo, S.L.U

Superficie: 3.168,52 m²

Descrición: Parcela de forma irregular

Lindeiros: Norte: Parcela de resultado R3 do Proxecto de equidistribuciónn

Sur: Parcela resultante C desta Normalización de predios

Este: Calexa do Barrio do Cura

Oeste: Parcela resultante C de esta Normalización de fincas e rúa Santa

Marta

PARCELA B

Adxudicatario: Concello de Vigo.

Superficie: 1,15 m²

Descrición: Parcela de forma triangular

Lindeiros: Norte: Parcela de resultado VI-2 do Proxecto de equidistribución

Sur: Parcela resultante A de esta Normalización de predios

Este: Parcela resultante A desta Normalización de predios

Oeste: Rúa Santa Marta

PARCELA C


Adxudicatario: Concello de Vigo.

Superficie: 686,01 m²

Descrición: Parcela de forma irregular

Lindeiros: Norte: Parcela resultante A desta Normalización de predios
Sur: Rúa Llorente
Este: Rúa Pi e Margall
Oeste: Rúa Santa Marta

BC R01 Predio A 2233,23 m²
Predio B 43,60 m²



PARCELA A

Adxudicatario: Barrio do Cura Desarrollo, S.L.U

Superficie: 2233,23 m²

Descrición: Parcela de forma irregular

Lindeiros: Norte: Parcela de resultado EL-3 e VI-2 do Proxecto de equidistribución
Sur: Parcela resultante A do Normalización de predios da Ordenanza BCR02 do Barrio do Cura, Rúa Barrio do Cura e escaleira de conexión a rúa Pi e Margal
Este: Rúa Pi e Margall e parcela resultante B desta Normalización de predios
Oeste: Parcela de resultado R3 do Proxecto de equidistribución

PARCELA B

Adxudicatario: Concello de Vigo.

Superficie: 43,60 m²

Descrición: Parcela de forma rectangular

Lindeiros: Norte: Paseo de Alfonso



Concello de Vigo

Sur: Rúa Pi e Margall
Este: Paseo de Alfonso
Oeste: Parcela resultante B desta Normalización de predios

X) Relación de propietarios

Constan no anexo V do proxecto de normalización os datos persoais para a notificación aos interesados.

Notificarase aos titulares das fincas, a maiores a todos os interesados nas alegacións presentadas, e a relación de persoas empadroadas que constan no informe de estadística.

FUNDAMENTOS DE DEREITO OU VALORACIÓN XURÍDICA

I. Normativa básica aplicable

- TRLS/2015 (RD Lex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana),
- LSG (L.2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia),
- RLSG (Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia),
- L. 21/2013, do 9 de decembro, de Avaliación ambiental,
- L. 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio cultural de Galicia,
- L.8/2012, do 29 de xuño, de Vivenda de Galicia,
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),
- PXOU-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG núm 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P 133, o 14 de xullo de 1993,
- PEPRI do Casco Vello de Vigo, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo con data do 12.04.2007,DOG núm. 108 do 06.06.2007; BOP núm. 96 do 18.05.2007; A súa normativa foi integramente publicada no BOP núm. 96 do 18.05.2007.
- A Modificación Puntual do PXOU de 1993 para a ordenación do Barrio do Cura, aprobada definitivamente polo Pleno do Concello con data 23.07.2021 DOG n.º 160, de 20 de agosto de 2021 e BOP de 11 de novembro de 2021
- Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia (NNTT), aprobadas pola Orde do 10.10.2019 da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda (DOG 25.11.2019)
- O resto de disposicións que poidan afectar,

II.- Obxecto da normalización de predios

Nos previos antecedentes de feito, deixouse constancia dos obxectivos do presente proxecto de normalización, e que se reflicten na memoria xustificativa do proxecto refundido achegado, que non son outros que, proceder a realizar unha operación de reorganización da propiedade no solo urbano consolidado do ámbito do Barrio do Cura, coa finalidade de apartar a configuración física das parcelas á aliñación prevista pola Modificación puntual;

A totalidade do solo do ámbito do Barrio do Cura se atopa clasificado como solo urbano, delimitando no seu interior unha área de reparto, nomeada AR I-01, que comprende todo o solo urbano non consolidado, e o resto do ámbito que da fronte ás rúas Santa Marta, Llorente e Pi e Margall- Paseo de Alfonso, se ordena como solo urbano consolidado, Ordenanzas BC-R 01 e BC- R02.

Como obxectivos específicos figura a posibilidade de mellorar a comunicación e mobilidade transversal, entre o eixe de Paseo Alfonso XII- Pi e Margall e as zonas máis baixas da entorna da actuación, prevendo a tal obxecto:

- A conexión peonil entre o Paseo de Alfonso XII e a zona da ribeira, así como entre as rúas Santa Marta e Poboadores;

- A mellora da mobilidade rodada coa ampliación do viario de conexión entre o eixe do Pase de Alfonso XII- Pi y Margall e a rúa Torrecedeira (rúas Llorente e Santa Marta)

III.- Formulación e procedemento de tramitación

A vixente Lei do solo de Galicia- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, adica o artigo 110 a regulación da “Normalización de predios”, establecendo que, cando for necesario adaptar a configuración física das parcelas en solo urbano consolidado ou en solo de núcleo rural, en aplicación das determinacións do planeamento urbanístico, o municipio poderá delimitar zonas de normalización de predios, sen que iso produza minoración dos aproveitamentos atribuídos polo plan nin imposición de cesión de aproveitamento lucrativo a favor do municipio.

Pola súa banda, nos artigos 280, 281, e 282 do Regulamento da Lei do solo de Galicia, pautase o obxecto, contido e procedemento de aprobación do proxecto de normalización de predios; Establecendo o artigo 280 que, o procedemento poderá iniciarse en calquera momento de oficio ou a instancia da parte interesada, - tal e como acontece no presente expediente- polo que, con carácter previo, será necesario obter a aceptación municipal do ámbito de normalización proposto, se o mesmo non se contivera no planeamento coa ordenación detallada, aceptación que se produzo tralo acordo adoptado polo Consello desta XMU con data do 07 de xuño de 2022, do xeito e co resultado que se indicou nos antecedentes de feitos.

Respecto ao contido do proxecto de normalización estarase ao disposto, no artigo 281 do RLSG, que deberá incluír a seguinte documentación : Memoria xustificativa; relación de propietarios e interesados afectados debidamente xustificada; descrición das parcelas afectadas co contido esixido para a equidistribución, nos números 3 e 4 do artigo 251; conta de compensacións económicas cando proceda; plano parcelario de información; plano parcelario de información; plano que conteña a delimitación exacta do ámbito e plano dos predios normalizados; De conformidade co informe técnico que obra no expediente, de data 18.01.2022 o proxecto está completo aos efectos de proceder a súa aprobación inicial.

No que atinxe ao procedemento de aprobación, e a teor do pautado no artigo 282 do RLSG, o órgano municipal competente aprobará inicialmente o proxecto e o someterá a información pública polo prazo dun (1) mes, mediante anuncio que se publicará no Boletín oficial da provincia e notificación



Concello de Vigo

individualizada a todos os propietarios do ámbito, concluída a fase de información pública, o órgano municipal competente procederá a súa aprobación definitiva.

Con carácter posterior á aprobación definitiva do proxecto, a entidade promotora inscribirá no Rexistro da propiedade a nova configuración física das parcelas. A tal efecto deberá remitirse ao Rexistro da propiedade unha certificación administrativa expedida polo Concello na que se inclúa o acordo de aprobación definitiva e se faga constar as circunstancias relativas ás persoas, os dereitos e as parcelas ás que afecta o acordo. Igualmente, con carácter posterior á aprobación definitiva a entidade promotora instará do Catastro a actualización da titularidade e nova configuración física das parcelas.

IV.- Estudo das alegacións achegadas á delimitación do ámbito, acordado polo Consello da Xerencia de urbanismo con data do 07.06.2022

Trala notificación oficial aos interesados no presente procedemento, con data do 29.06.2022 e 21.07.2022 recibíronse no Rexistro desta XMU, sendas alegacións presentadas cos núm. de doc. 220163757 e 220183246, respectivamente; Dos ditos escritos de alegacións se lle deu traslado a entidade promotora da presente actuación, e no que a modo de resumo, conclúen que procede a súa desestimación, ao considerar que o seu estudo e contestación, procede a unha fase posterior do procedemento, e que correspondería achegala no presente trámite de aprobación inicial.

V.- Órgano competente

O artigo 127.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na redacción conferida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, atribúe á Xunta de Goberno Local a aprobación dos instrumentos de xestión urbanística, en relación co disposto nos Estatutos desta XMU, na súa versión consolidada - AD Pleno do Concello do 06.09.2010-;

Por canto antecede, e de conformidade co informe técnico incorporado ao expediente subscrito con data do 18 de xaneiro de 2023 que se incorpora e forma parte do presente, e lle serve de motivación, PROPONSE á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previo ditame do Consello da Xerencia municipal de urbanismo, a adopción do seguinte ,

ACORDO

Primeiro.- Prestar aprobación, con carácter inicial, ao documento nomeado “Proxecto de Normalización de predios do solo urbano consolidado BC R02 e BC R01” da Modificación puntal do PXOU de 1993, para a ordenación do ámbito do Barrio do Cura”, promovido pola entidade Barrio do Cura,SL, e que inclúe a documentación técnica inserida no rexistro electrónico da Xerencia municipal de urbanismo con data do 16 de xaneiro de 2023 (Cod.: Sol. W847122-9418 e oc. Núm.230012809) documento refundido redactado pola Avogada Carmen Abuín Fernández e o arquitecto Cesar Álvarez Arines, datado en decembro de 2022, e asinado con firma dixital válida o 13.01.2023, que anula e substitúe a todas as anteriores versións presentadas, abrangendo dous ámbitos, unha parte do solo afectado pola Ordenanza BC R02 DE EDIFICACIÓN EN ALIÑACIÓN DE RÚA, cunha superficie de 3855,68m² e 22 predios, co 90,61% (3168,52m²) da superficie da ordenanza BC R02, deixando fora o 9,39% (328,48m²) para unha futura normalización independente; e outra parte a correspondente a totalidade do solo afectado pola Ordenanza BC R01 DE EDIFICACIÓN SINGULAR EN BLOQUE ABERTO, cunha superficie de 2281,44m² e 14 predios.

Segundo.- Someter o presente expediente, inicialmente aprobado, con toda a documentación integrante do mesmo, a información pública polo prazo de un (1) mes, mediante anuncio que se publicará no “Boletín Oficial” da Provincia, na páxina web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal, -computándose o remate do período dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia-, a efectos de que durante o amentado prazo poida examinarse o expediente nunha ligazón web creada aos ditos efectos, e no departamento de información da Xerencia municipal de urbanismo do Concello de Vigo, en horario de oficina, previa cita telefónica, ou ben a través da sede electrónica.

Terceiro.- Proceder á notificación do presente acordo, a todas as persoas interesadas no presente procedemento, segundo a relación incorpora ao proxecto.”

Consta acordo do Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo de data 24/01/2023.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(60).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL . EXPTE. 9645/336.

Visto o informe xurídico do 18/01/2023 e o informe de fiscalización do 23/01/2023, dáse conta do informe-proposta de data 18/01/2023, asinado pola xefa do Servizo de Xuventude, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo a lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalidade e sustentabilidade da Administración Local, establece no artigo primeiro apartado oito a redacción que terá o artigo 25, mantendo entre as competencias do municipio: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre” .

O obxecto do presente Convenio é formalizar, para os efectos previstos no artigo 22.2.a) de a Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, a concesión directa por parte do Concello de Vigo á **ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES** dunha subvención nominativa consistente nunha axuda económica para o desenvolvemento das actividades de dinamización infantil e xuvenil para nenos e nenas de educación primaria (6 a 12 anos) e a realización de actividades lúdicas en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.O presente convenio está relacionado coa ocupación do tempo libre de nenos e nenas do municipio, polo que a Administración Local en base á citada lei, ten competencias propias para tal fin.

Dende a Concellería de Xuventude prantexamos a sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello e o Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores, para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil durante o ano **2023**.



Concello de Vigo

O Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores vén colaborando coa Concellería de Xuventude dende 2001 na realización de actividades.

O obxecto do presente convenio é desenvolver un PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL no que se refire ao desenvolvemento de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

Este programa será levado a cabo nas instalacións da asociación, axeitadas para o desenvolvemento do mesmo, por contar cun espazo de zona axardinada ao aire libre que facilita o desenvolvemento de ditas actividades.

Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público e social polo que o Concello de Vigo, a través da Concellaría de Xuventude, decide apoiar a realización destas actividades.

Que o Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores é a única entidade que desenvolveu en Lavadores este programa de dinamización infantil e xuvenil dun xeito continuado dende o ano 2001, contando cun espazo axeitado e con capacidade organizativa para afrontar esta actividade que ten un claro interese público e zonal, figurando no orzamento do presente ano unha partida nominativa específica 3370.489.00.02 cunha dotación de 28.000,00 €, destinada a tal fin.

Dadas as características desta actividade, así como o lugar no que se desenvolve, o Concello de Vigo entende que a organización da mesma debe recaer na entidade que a ven executando dende fai dezaseis anos, cos seguintes horarios: de luns a venres, en días hábiles, en horario comprendido entre as 16:00 e 20:00 hs. En xuño, a partir das vacacións escolares e en xullo, o horario será de 09:30 a 13:30 h, excepto o mes de agosto que non se prestará o servizo.

A asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores destinará á actividade un mínimo de dúas persoas que traballarán en equipo diariamente e de forma conxunta, non podendo por seguridade dos menores asistentes, estar unha sola persoa en ningún momento en que se desenvolva a actividade. Este persoal contará coa titulación de Monitor/a de Tempo Libre e un/ unha deles/as con formación en Grao nalgunha das áreas sociais.

Por todo elo propónse a necesidade da sinatura dun convenio de colaboración para a xestión do programa de dinamización infantil e xuvenil en Lavadores durante o ano **2023**. Esta subvención cun importe de 28.000,00 € establécese a través dun convenio coa Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores.

A normativa aplicable está de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos xerais do estado o das corporacións locais, sen perxuízo do que a este respecto estableza a súa normativa reguladora.

Cómpre subliñar que dita entidade é unha das tres coas que a Concellería de Xuventude asinará convenios para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil na cidade de Vigo.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL .

REUNIDOS

Dunha parte, dona MARÍA DEL CARMEN LAGO BARREIRO, na súa calidade de CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE TURISMO E XUVENTUDE DO CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, en virtude da MODIFICACIÓN DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS DE ÁREA de 17 de agosto de 2020 que modifica a Resolución da delegación de competencias (2019-2023) da Alcaldía nos concelleiros e concelleiras delegados e delegadas de área de data 26.06.2019 modificada posteriormente por Resolución de data 13.08.2020 respecto do punto segundo da parte resolutiva , apartados 3, 5, 8, 10, 12, 15 e engade un novo apartado 16; con enderezo na Praza do Rei, nº 1, CP 36202, no exercicio das facultades e demais función que lle foron concedidas por razón do seu cargo.

Doutra, **D. ANTONIO RODRÍGUEZ MARTÍNEZ**, con DNI: 53187380B, en calidade de presidente da **ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES** (en adiante A ASOCIACIÓN), con CIF: G36633618 e enderezo social na Rúa Ramón Nieto, nº 302, Vigo, en representación da mesma, segundo resulta da documentación que figura no expediente 9645-336.

Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a plena capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio.

MANIFESTAN

I.- Que a entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores é unha asociación sen ánimo de lucro que ten entre os seus obxectivos a defensa da calidade de vida dos/as veciños e veciñas en todos os seus eidos, a consecución dos medios materiais, sociais, culturais e deportivos que fagan da parroquia de Lavadores un lugar digno onde vivir e convivir.

Estes obxectivos concordan co desenvolvemento do programa de dinamización infantil e xuvenil que propoñen e coinciden cos da Concellaría de Xuventude no que se refire ao desenvolvemento de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

II.- De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2. l) e m) dá Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e co artigo 80 dá lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, nas materias de promoción do deporte, da cultura e na da ocupación de tempo libre.



Concello de Vigo

III.- Que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude, ten entre os seus obxectivos a dinamización xuvenil, así como o potenciar a participación, apoiando iniciativas xuvenís e das entidades prestadoras de servizos á xuventude.

Que unha das liñas de acción empregadas para cumprir os obxectivos citados é a potenciación de espazos lúdicos para nenas e nenos onde se poida combinar tempo de lecer, diversión e desenvolvemento persoal integral a través do xogo, a cal ven a coincidir coa proposta que realiza a ASOCIACIÓN, referida ao desenvolvemento da actividade de dinamización infantil e xuvenil, polo que considerase conveniente a concesión da subvención solicitada, tendo en conta que a actividade proposta na solicitude de subvención é, como sinala García de Enterría, “a actividade xurídica da Administración pública que comporta o outorgamento de auxilios directos ou indirectos para servizos ou actividades que complementan ou suplen os atribuídos ó ente público”.

IV.- Por todo elo, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria 3370.489.00.02, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 28.000 euros, a favor da ASOCIACIÓN.

V.- Que a ASOCIACIÓN non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo tramitado a estes efectos.

VI.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia o convenio será o instrumento xurídico habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, con arranxo as seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente Convenio é formalizar, para os efectos previstos no artigo 22.2.a) de a Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, a concesión directa por parte do Concello de Vigo á ASOCIACIÓN dunha subvención nominativa consistente nunha axuda económica para o desenvolvemento das actividades de dinamización infantil e xuvenil para nenos e nenas de educación primaria (6 a 12 anos) e a realización de actividades lúdicas en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES

A **ASOCIACIÓN** comprométese a desenvolver as funcións e accións previstas neste convenio e, concretamente, a:

1.- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.

2.- Ofrecer un espazo de lecer educativo estable e gratuíto, para rapaces e rapazas de educación primaria, con idades comprendidas entre os 6 e 12 anos, no inmovible denominado Villa Galicia, na rúa Ramón Nieto núm. 302, de acordo co programa presentado, de luns a venres en horario 16:00 e 20:00 horas agás nas vacacións de verán que será de 9:30 a 13:30 horas.

3.- Destinar á actividade un mínimo de dúas persoas, que traballarán en equipo diariamente e de forma conxunta, non podendo por seguridade dos menores asistentes, estar unha sola persoa en ningún momento en que se desenvolva a actividade.

3.- Promover o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e social das nenas e nenos destinatarios a través do xogo e de actividades lúdicas.

4.- Favorecer a participación e a integración social das persoas destinatarias, así coma das súas familias.

5.- Facilitar a adquisición de normas e hábitos saudables e de convivencia entre os persoas destinatarias, así como o desenvolvemento máximo de habilidades e capacidades persoais e grupais.

6.- Posibilitar o coñecemento da cultura e da lingua galega, a historia da cidade e os recursos dos que dispón.

7.- Procurar a conciliación da vida laboral e familiar axustando os horarios das actividades ás necesidades e características específicas das familias do contorno.

8.- Fomentar a educación en igualdade de oportunidades entre nenas e nenos así como promover a coeducación para previr a violencia de xénero.

Pola súa banda, o **CONCELLO DE VIGO**, a través da Concellería de Xuventude, comprométese a:

1º.- Garantir a prestación adecuada das actividades de dinamización infantil a través da supervisión das mesmas polo persoal técnico do Servizo de Xuventude, que será o encargado do seguimento da execución do convenio, así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.

2º.- Conceder directamente á ASOCIACIÓN unha subvención por importe de 28.000 €, co obxecto de coadxuvar ao financiamento da actividade de dinamización infantil no ano **2023**.

TERCEIRA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio enténdese vixente e sorte efectos **desde o 21 de novembro de 2022 ao 20 de novembro de 2023**, polo que ten efectos retroactivos a dita data desde o día da súa firma.

O presente convenio non será prorrogable.



Concello de Vigo

CUARTA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 37.138,47 TRINTA E SETE MIL CENTRO TRINTA E OITO CON CORENTA E SETE EUROS.

O Concello de Vigo financiará os gastos que se deriven do presente convenio de colaboración coa cantidade de **28.000,00 € (vinte e oito mil euros)**.

Este financiamento realizarase con cargo á aplicación presupostaria 3370.489.00.02 Subvención espazo de ocio infantil de Lavadores o vixente presuposto municipal.

QUINTA.- RECURSOS HUMANOS E INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A ASOCIACIÓN deberá destinar á actividade un mínimo de dúas persoas, que traballarán en equipo diariamente e de forma conxunta, non podendo por seguridade dos menores asistentes, estar unha sola persoa en ningún momento en que se desenvolva a actividade. Este persoal contará coa titulación de Monitor/a de Tempo Libre e un/ unha deles/as con formación en Grao nalgunha das áreas sociais.

De conformidade co esixido no artigo 13.5 de a Lei Orgánica 1/1996 de Protección Xurídica do Menor, modificado por a lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, non poderán adscribirse á execución das actividades obxecto deste convenio os profesionais que fosen condenados por sentenza firme por delitos contra a liberdade e indemnidad sexual.

A tales efectos, estarase ao disposto en artigo 9 do Real Decreto 1110/2015, do 11 de decembro (BOE non 312 do 30 de decembro), polo que se regula o Rexistro Central de Delincuentes Sexuais.

A documentación da acreditación destes antecedentes penais deberán ser entregados ao Concello antes de que os traballadores teñan contacto cos/as menores.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións subvencionadas que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria ó Concello de Vigo. A ASOCIACIÓN será a única responsable dos custos salariais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.

SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA

O prazo de xustificación **finalizará o 20 de novembro de 2023**. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste

apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan (Art. 70 do RD 887/2006).

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a ASOCIACIÓN está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención

e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org> e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

A beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, e conterá con carácter xeral a seguinte documentación:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b) **Memoria económica** xustificativa do custe das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitadas compulsadas das facturas en papel.
- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención de dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.
- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DA ACTIVIDADE

A ASOCIACIÓN debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade do Servizo de Xuventude.

O nome e anagrama do Concello de Vigo figurará, de forma visible, en todas as actividades que se realicen en execución do presente Convenio, así como nos medios que se empreguen para a súa difusión. Ao mesmo tempo, na difusión e publicidade que se faga en calquera das



Concello de Vigo

actividades levadas a cabo no marco deste convenio, destacarase en lugar preeminente a colaboración económica deste Concello.

A información sobre as actividades especialmente en carteis e programas estará integramente en idioma galego.

OITAVA.- PAGO DA SUBVENCIÓN

O pago da subvención realizarase previa xustificación por parte da entidade beneficiaria. Co obxecto de facilitar á entidade o pago de salarios de persoal e seguros sociais do mesmo, e tendo en conta que se trata dunha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada, o pago dos gastos derivados do presente convenio realizarase en dous prazos, cada un por importe do cincuenta por cento (50%) da cantidade consignada na aplicación presupostaria 3370.489.00.02.

- A primeira das entregas efectuarase a firma do presente convenio por importe de catorce mil euros (14.000 €).
- O 50% restante por importe catorce mil euros (14.000€), abonarase á finalización do mesmo, previa certificación de cumprimento.

Debido ás razóns anteriormente descritas, non se establecen réxime de garantías dos fondos entregados.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a Asociación beneficiaria presente previamente unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de Subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

Antes de proceder ao pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

NOVENA.- SUBCONTRATACIÓN

A entidade beneficiaria da subvención poderá subcontratar ata un porcentaxe do 75 por 100 do importe da actividade subvencionada cos límites e obrigacións establecidos no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Non poderán ser subcontratista as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei

DÉCIMA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Conforme á Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) no seu art. 31.1 consideraranse gastos a subvencionar os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o **21 de novembro de 2022 e o 20 de novembro de 2023**. O IVE soportado, que deberá constar desgalgado, será a subvencionar cando o beneficiario non poida deducilo, recuperalo ou compensalo.

Serán gastos directos a subvencionar os que figuran a continuación:

- a) As retribucións do persoal directamente vinculado ao desenvolvemento das actividades establecido na cláusula quinta do presente convenio.
- b) A contratación dos servizos necesarios para a realización das actividades de dinamización e o resto de actividades subvencionadas.
- c) Os seguros de accidentes e de responsabilidade civil que cubran estas continxencias para os nenos e nenas e persoas participantes nas actividades
- d) Os gastos de comunicación, publicidade e difusión das actividades.

En relación cos **gastos indirectos** ou gasto xerais da Asociación (alugueres, enerxía eléctrica, auga, calefacción, teléfono, Internet, e outros gastos como material de oficina e limpeza), imputaranse á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda e na medida en que estean relacionados de maneira indubitada e se realicen no período no que se desenvolva a actividade.

Os gastos indirectos non poden superar o 10% do presuposto que presenta a Asociación para o desenvolvemento das actividades.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais non poderán ser considerados gastos indirectos sendo subvencionable solo en caso que se traten de gastos directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan imprescindibles para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Os gastos que se subvencionan neste Convenio corresponderán a gastos correntes non admitíndose os gastos de investimento en bens de equipos.

Cando o importe do gasto a subvencionar supere as contías establecidas na Lexislación de contratos para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, salvo que non exista mercado para ditas contratacións.

Non serán admisibles xustificacións de gastos realizados para o cumprimento de fins distintos dos do proxecto subvencionado, e só admitiranse as xustificacións de gastos realizados dentro do prazo de execución establecido no parágrafo primeiro.

En virtude do art. 33 da LXS, o Concello de Vigo, poderá comprobar o valor de mercado dos gastos subvencionados empregando un ou varios dos medios taxados no referido artigo.

De conformidade co art. 30.4 da citada lei, cando as actividades fosen financiadas, ademais de con a subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

DÉCIMO PRIMEIRA.- OBRIGACIÓNS DO BENEFICIARIO.

A ASOCIACIÓN, comprométese ao cumprimento das obrigacións establecidas no art. 14 da Lei Xeral de Subvencións e das que a continuación se describen:



Concello de Vigo

1. Realizar as actividades para a que se concede a subvención, axustándose aos termos do presente Convenio.
2. Presentar mensualmente o programa das actividades a desenvolver, nos primeiros cinco días do mes seguinte.
3. Acreditar ante o Concello a realización da actividade e cumprir cos requisitos e condicións que determinan a concesión da subvención.
4. Someterse ás actuación de comprobación e facilitar canta documentación e datos lle sexan solicitados en relación coas facultades de control da actividade subvencionada.
5. Realizar a actividade co persoal requirido na cláusula quinta deste convenio para o desenvolvemento das actividades obxecto do mesmo.
6. Asumir toda a responsabilidade que puidese derivarse da organización e desenvolvemento das actividades definidas para alcanzar a finalidade deste Convenio de tal forma que o Concello de Vigo quede exonerada de calquera clase de responsabilidade. A tal fin, deberá
7. contratar unha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades. A ASOCIACIÓN entregará ao Servizo de Xuventude copia da póliza e do recibo de pago correspondente antes da firma do presente convenio.
8. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
9. Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
10. A ASOCIACIÓN será a responsable de velar polo estrito cumprimento da normativa vixente en relación ao COVID-19, e adoptar todas as medidas de seguridade e hixiene que se deriven da mesma.

DÉCIMO SEGUNDA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as

actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

DÉCIMO TERCEIRA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, así como a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polos servizos da Concellería de Xuventude.

O persoal técnico do servizo de Xuventude emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada, que será incorporado á conta xustificativa para a súa tramitación.

DÉCIMO CUARTA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Xuventude e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso a Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO QUINTA .- REINTEGRO

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de Galicia 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

O incumprimento da obriga de destinar á actividade un mínimo de dúas persoas configúrase como unha obriga esencial na actividade obxecto da subvención, cuxo incumprimento dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e ao reintegro das cantidades percibidas.

DÉCIMO SEXTA .- INFRACCIÓN E SANCIÓN



Concello de Vigo

En canto ás infracción e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarse ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

De acordo co previsto no artigo 64 do regulamento dá Lei 38/2003 xeral de subvencións, a resolución ou acordo de concesión poderase modificar, a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevenidas ou imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos da subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

En tal caso, a proposta de modificación haberá de comunicarse con carácter inmediato á aparición das circunstancias que a xustifiquen á Concellería de Xuventude estando suxeita á aprobación do órgano concedinte da subvención. Así mesmo, unha vez adoptada a resolución da concesión, poderá realizarse un reaxuste na distribución dos gastos da actividade subvencionada, previa autorización do órgano concedinte e sempre que a autorización non dane dereitos de terceiros.

O incumprimento, total ou parcial, dalgunha das condicións establecidas no presente convenio dará lugar á súa rescisión e ás accións que, no seu caso, correspondan a ambas as partes. Desta maneira, a ASOCIACIÓN quedaría obrigada ao reintegro delas cantidades percibidas indebidamente, sen prexuízo das responsabilidades en que puidese incurrir, en aplicación do disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO

De acordo co previsto no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.

Serán causas de resolución: motivo de resolución do convenio incurrir nalgunha das seguintes causas:

1. O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
2. Acordo unánime de todos os asinantes.
3. Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes neste convenio. Neste caso, calquera das partes poderá notificar a parte incumpridora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo, transcorrido o mesmo se persistira o incumprimento, notificarase as partes asinantes a causa de resolución e se entenderá resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados, atendendo ao valor económico das obrigas deixadas de cumprir.

4. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
5. Por calquera outra causa distintas anteriores prevista no convenio ou noutras leis vixentes.

DÉCIMO NOVENA.- PROTECCIÓN DE DATOS

A ASOCIACIÓN está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria

Os datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Xuventude.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Xuventude do Concello de Vigo.

VIXÉSIMA.- NATUREZA XURÍDICA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa e atópase excluído do ámbito da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en virtude do establecido no artigo 6 do devandito texto legal.

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e polo Regulamento de desenvolvemento desta Lei, aprobado polo RD 887/2006, de 21 de xuño, pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e

polas restantes normas de dereito administrativo: a lexislación básica do estado en materia de réxime local; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Dada a natureza administrativa do presente Convenio, as cuestións litixiosas que puidesen suscitarse na súa execución, liquidaranse ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

Por todo o exposto **proponse a Xunta de Goberno Local** a Adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO:”Aprobación do texto do convenio para desenvolver un Programa de Dinamización Infantil e Xuvenil entre o Concello de Vigo e o Asociación Veciñal,Cultural e Deportiva de Lavadores, que se achega ao presente expediente.



Concello de Vigo

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 28.000,00 EUROS a favor da entidade Asociación Veciñal de Lavadores CIF: G36633618 con cargo á aplicación orzamentaria 3370.489.00.02 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Que se libre a cantidade de 14.000 EUROS correspondentes ao 50% do total á sinatura deste convenio, e o 50% restante (14.000 EUROS) á finalización do mesmo por ser unha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada. Ao tratarse dunha entidade sen ánimo de lucro con fins estritamente de carácter social non se esixen garantías.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Proposta de aprobación do “Programa Vigo en Festas 2023”. Expte. 9631/335.
- .- Expediente de contratación do servizo para a xestión do centro de usos múltiples de Vigosónico. Expte. 9624/336.
- .- Informe sobre o recurso especial en materia de contratación interposto pola Federación de Servizos da Confederación Intersindical Galega, no procedemento aberto para contratación da contratación dos servizos de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais.Expte. 26210/332.
- .- Informe sobre o recurso especial en materia de contratación interposto pola Asociación Profesional de Empresas de Limpieza, no procedemento aberto para contratación da contratación dos servizos de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais.Expte. 26210/332.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu

Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

21(61).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO “PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2023”. EXPTE. 9631/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 1/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 31/01/2023, asinado pola xefa do Servizo de Festas e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locales (ROF)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

O artigo 25.1 da Lei 7/1985 determina que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e conforme o parágrafo segundo de dito artigo o municipio exercerá competencias propias.

É por isto que dentro da planificación das políticas públicas, como clave da xestión pública e coa fin de dotar maior transparencia e publicidade, proponse a elaboración dun Programa do Servizo de Festas, de actividades para o ano 2022, como documento que recolla de forma sistematizada todas aqueles actos que o conforman e que, unha vez publicitado, permita aos interesados ter una visión global do mesmos.

ANTECEDENTES DE FEITO

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 06 de febreiro de 2020, aprobou o “**Plan de dinamización e desenvolvemento do servizo de Festas: Liñas estratéxicas básicas de actuación no período 2020-2023**” (expediente 8385/335), que recolle os cinco obxectivos do Servizo de Festas e traza as liñas estratéxicas básicas e que son os/as seguintes:

Primeiro.- OBXECTIVOS:



Concello de Vigo

Obxectivo 1.- *Garantir unha oferta sociocultural completa e de calidade para a cidadanía que converta a Vigo nun centro de referencia de ocio e traslade ao exterior unha imaxe de cidade moderna, dinámica e participativa, así como un lugar de referencia de celebración de grandes eventos.*

Obxectivo 2.- *Conseguir a través da programación de actividades socioculturais una acción transformadora do municipio, cara á consecución da mellora da súa calidade de vida. Así como o fomento de valores sociais e culturais na cidadanía, a través da difusión da nosa identidade cultural e da nosa historia.*

Obxectivo 3.- *Favorecer a cooperación entre o sector público e as entidades sen ánimo de lucro no desenvolvemento de programas de actividades de animación sociocultural, de festas tradicionais e patronais que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal coa fin de apoiar e fortalecer o tecido asociativo.*

Obxectivo 4.- *Favorecer o apoio a actividades organizadas por entidades sen ánimo de lucro ou entidades privadas que sexan de interese xeral e complementen a programación sociocultural municipal.*

Obxectivo 5.- *Xestión e mantemento dos espazos vinculados ao servizo.*

Coa finalidade de evitar a afluencia de persoas e garantir o distanciamento social entre o público asistente ás actividades que se programen e tamén atendendo a un principio de descentralización, elabora un programa deste ano que pretende realizar actividades en diferentes puntos do termo municipal (repartidos entre barrios da cidade e parroquias), conseguindo así unha maior dispersión física de públicos e un achegamento e disfrute das actividades a toda a cidadanía.

Atendendo a situación actual e co fin de garantir un equilibrio entre a necesaria protección da saúde pública e o incremento no número e intensidade das actividades que dende o Servizo de Festas poidan favorecer a recuperación da vida social e económica emítense a seguinte

PROPOSTA DE PROGRAMACIÓN 2023

Obxectivo: O desenvolvemento, xestión, execución e seguimento dos diferentes programas e actividades festivas, socioculturais, lecer e tempo libre que garantan unha oferta sociocultural completa, de calidade, e contribúan á dinamización sociocultural e económica. O programa implicase na xeneración de actividade creativa e cultural dos barrios co fin de achegar o acceso á cultura e ocio a toda a cidadanía e en todo o termo municipal.

Lugares: Centro da cidade, barrios e parroquias do municipio.

Público obxectivo: Poboación en xeral, contendo actividades dirixidas a diferentes sectores de público..

Tarefas e accións: O desenvolvemento do programa concrétase no deseño, difusión, execución e seguimento de diversas accións e actividades. En liñas xerais a programación inclúe as seguintes:

1.- ACTIVIDADES DE ENTROIDO

Consiste nunha programación de actividades que teñen lugar nos meses de febreiro e marzo coa celebración do Entroido. Promove directamente a participación da cidadanía en actividades

socioculturais de lecer e de tempo libre que garantan unha oferta sociocultural completa, de calidade, e contribúan á dinamización sociocultural e económica.

Lugares: Centro da cidade.

Público obxectivo: Poboación en xeral, contendo actividades dirixidas a diferentes sectores de público infantil e familiar.

Tarefas e accións: O desenvolvemento do programa concrétase actividades de animación socioculturais diversas, de concursos de comparsas e carrozas, e disfraces; cun amplo programa de actuacións musicais, animación infantil; pregón, queima do meco, etc.

1.1.- Convenio Entroido.

O Concello de Vigo leva a cabo dende hai anos un labor importante de recuperación e impulso desta festividade. Dende o ano 1996 estanse a asinar convenios entre Agrupación de Centros Deportivos e Culturais e a Federación de Peñas "El Olivo" e o Concello de Vigo, cun resultado moi satisfactorio para ambas as partes. É por isto que no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.480.0002 se prevé a concesión dunha subvención para a organización do Entroido. No marco deste convenio se realizan as actividades directamente relacionadas co Entroido: o desfile de comparsas, concursos de disfraces, obradoiros e representacións artísticas coa temática do Entroido, etc.

1.2.- Concertos musicais

O Concello promoverá concertos musicais con artistas de recoñecido prestixio a nivel nacional.

2.- ACTIVIDADES VIGO EN FESTAS.

Obxectivo:

Consiste nunha programación de actividades que teñen lugar durante todo o ano. Promove directamente a participación da cidadanía en actividades socioculturais de lecer e de tempo libre que garantan unha oferta sociocultural completa, de calidade, e contribúan á dinamización sociocultural e económica.

Lugar:

Centro da cidade e nos barrios e parroquias do término municipal.

Público obxectivo:

Poboación en xeral.

Tarefas e accións:

O desenvolvemento do programa concrétase no deseño, difusión, execución e seguimento de diversas accións e actividades que se detallan a continuación:

2.1 - Actividades e espectáculos de pequeno formato por barrios, parroquias, centro da cidade e praias durante todo o ano.

O servizo programa para o público en xeral diversas actividades e espectáculos de pequeno formato en distintos puntos da cidade coa fin de achegar alternativas de ocio e lecer e dinamizar a vida social e económica dos barrios. Estes eventos poden ter formato de concertos musicais, contacontos, música tradicional, danza, teatro, maxia, recitais, etc.

2.2.- Festas, Verbenas, Galas e Certames



Concello de Vigo

Celebración de Festas, Galas e Certames relacionados cunha temática concreta, como a Festa das Escolas Municipais de Música e Arte, Festa dos Maios, Certame musical Cancións dos Nossos Barrios, Galas de danza, Festival de Promesas viguesas, Inicio de tempada de Verbenas, etc. cunha duración dun ou de varios días dirixidos ao público xeral e que promoven valores culturais e contribúen á dinamización sociocultural e económica.

2.3 Festival Internacional “O Marisquiño”.

Ao longo dos seus dezasete anos de historia, Festival “O Marisquiño” posicionouse dentro da élite exclusiva de eventos que reúne a cualificación de “Word Cup” para tres disciplinas deportivas urbanas. A repercusión publicitaria da cidade a nivel nacional e internacional vinculada ao evento transformouse nunha plataforma de comunicación cun gran valor estratéxico.

A sociedade Ulisesproject Eventos Especiales SLU, CIF B-36.957.132, vén realizando a organización do programa “O Marisquiño”, o Concello de Vigo, está interesado en apoiar e potenciar a oferta cultural da cidade, así como en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades dirixidas a todos os sectores culturais, e por isto que no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.470.0001 (Convenio Marisquiño), prevé a concesión dunha subvención para a organización do festival “O Marisquiño”.

O evento ten lugar na primeira quincena de agosto.

2.4. Festival Folclórico Internacional Concello de Vigo edición XXIX.

O Festival folclórico internacional recolle unha serie de actuacións en barrios e parroquias da cidade de grupos de folclore doutras rexións ou países. Este programa ten sido desenvolvido en todas as súas edicións anteriores pola Asociación cultural Interfolc (CIF G-36.892.271), que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, os de: difundir o folclore; defender e conservar a difusión da danza autóctona de Galicia; organizar festivais; propagar o nome de Galicia a través das súas danzas e música; o estudo, investigación e arquivo de datos folclórico-culturais. A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

Tramítase a través dunha subvención nominativa a favor da Asociación Cultural Interfolc (CIF G-36.892.271) con cargo ao capítulo 4 do orzamento do servizo de festas (transferencias correntes).

2.5.- Concertos musicais de Castrelos

O programa de concertos e espectáculos nacionais e internacionais celebrados no Auditorio ao aire libre de Castrelos é o que aglutina un maior número de público e conleva un maior esforzo organizativo, administrativo e orzamentario.

2.6.- Semana da música Clásica e Jazz na Praza de Compostela

No ano 2021 desenvolveuse un ciclo de música clásica e jazz na Praza de Compostela durante cinco días que acadou unha grande aceptación polo público. Durante estes días tamén se desenvolveron propostas e actividades infantís, de maxia, percusión e escénicas, que completaron unha proposta de ocio nun emprazamento singular e nun formato novedoso.

Preténdese no ano 2023 dar maior énfase e presenza ás propostas de música clásica e jazz, en formato concerto, talleres infantís e outras actividades relacionadas co xénero musical, que foron as máis exitosas. Inclúense nesta semana outras actividades de ocio e entretenimento que complementen e completen a oferta sociocultural.

2.7.- Festas gastronómicas.

O programa Festas gastronómicas da cobertura aos obxectivos nº 2 e 4 do servizo de Festas: Conseguir a través da programación de actividades socioculturais una acción transformadora do municipio, cara á consecución da mellora da súa calidade de vida. Así como o fomento de valores sociais e culturais na cidadanía, a través da difusión da nosa identidade cultural e da nosa historia, e favorecer o apoio a actividades organizadas por entidades sen ánimo de lucro ou entidades privadas que sexan de interese xeral e complementen a programación sociocultural municipal.

Sendo a tres festas as seguintes:

- ✓ Festa do Mexillón: A Festa Gastronómica do Mexillón ven organizándose nos últimos anos no Parque de Castrelos. Este programa o desenvolve a “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” (CIF G-36.704.666), que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, os de: organizar e desenvolver eventos recreativos e o apoio ás iniciativas desenvolvidas en pro do engrandecemento cultural de Vigo.
Tramítase a través dunha subvención nominativa a favor da Federación de Peñas El Olivo con cargo ao capítulo 4 do orzamento do servizo de Festas.
- ✓ Festa do Polbo: A “Festa Gastronómica do Polbo” ven organizándose no Parque Forestal do Monte dos Pozos. Este programa vén sido desenvolvido polo Centro Veciñal e Cultural de Valladares (CIF G-36.805.158), que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, os de: organizar actividades educativas, culturais, deportivas e sociais diversas.
Tramítase a través dunha subvención nominativa a favor do Centro Veciñal e cultura de Valladares con cargo ao capítulo 4 do orzamento do servizo de Festas.
- ✓ Festa da Sardiña: A Festa Gastronómica da Sardiña organizáse na carballeira do monte da Guía. Este programa vén sido desenvolvido pola “Asociación de Comisión de Fiestas Nuestra Señora de las Nieves de la Guía” (CIF G-36.731.404), que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, os de: a organización de festas populares, actividades culturais recreativas e festivas e todos aqueles actos relacionados con ditos fins sociais.
Tramítase a través dunha subvención nominativa a favor da Asociación de “Comisión de Fiestas Nuestra Señora de las Nieves” con cargo ao capítulo 4 do orzamento do servizo de Festas.

2.8.- Actividades socioculturais de Outono

Estes ciclos de actividades teñen lugar nos meses de outubro e novembro, e consiste nunha programación de actividades de pequeno formato en distintos puntos da cidade, barrios e parroquias:

- ✓ Samaín: Este programa desenvólvese anualmente coincidindo coa festividade de Todos os Santos o 1 de Novembro. O servizo organiza obradoiros, animación de rúa, e



Concello de Vigo

espectáculos infantís en diferentes puntos da cidade relacionados coa temática de Samáin. O publico destinatario é infantil e familiar.

- ✓ Outono: Este programa desenvólvese anualmente entre setembro e novembro. O servizo organiza obradoiros, animación de rúa, e espectáculos infantís en diferentes puntos da cidade relacionados coa temática da castaña e o Magosto. O publico destinatario é infantil e familiar.
- ✓ Festa do Magosto. Convenio coa Federación de Peñas El Olivo (CIF G-36.704.666) para a organización da Festa do Magosto na Praza do Berbés. A Federación de Peñas El Olivo, que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, os de: organizar e desenvolver eventos recreativos e o apoio ás iniciativas desenvolvidas en pro do engrandecemento cultural de Vigo, conta cunha subvención nominativa para organizar este eventoc on cargo ao capítulo 4 do orzamento do servizo de Festas.

2.9.- Patrocinios publicitarios

Dentro do obxectivo 4 se encadra o patrocinio publicitario co fin da promoción e difusión da cidade de Vigo no ámbito de ocio e esparcemento incluída nas competencias desta Corporación, a través da celebración do evento, como o que nos ocupa, ao converterse nunha fonte xeradora de beneficios directos.

O contrato de patrocinio ten por obxecto unha publicidade de carácter indirecto que se deu en chamar «retorno publicitario», e que consiste fundamentalmente en que o patrocinado permite que o patrocinador faga pública a súa colaboración económica na actividade do patrocinado. O patrocinador, a cambio, goza da notoriedade. Desta forma increméntase o coñecemento do seu nome ou marca e favorece a súa imaxe.

Co fin de facer posible a actuación de artistas internacionais que non fan concertos no formato dos programados no Auditorio de Castrelos, con entrada de balde principalmente, precísase a promoción mediante o procedemento de patrocinio. O obxectivo é que os artistas internacionais inclúan a cidade de Vigo nas súas xiras 2023. Trátase de artistas de primeiro nivel con cachés que superan os tres millóns de euros, o que resulta inasumible no presuposto asignable ao programa de concertos de verán do programa de Vigo en Festas 2023, que é de 2.500.000,00 €, partida presupuestaria 3380 2260906.

Con esta liña preténdese chegar a un tipo de artistas que na actualidade non son accesibles tanto polo custe como polo formato incompatible con programa de Castrelos. A fórmula de patrocinio permitiría, nunha mixtura de iniciativa privada con apoio público, que na cidade de Vigo actuasen artistas de primeiro nivel mundial coa repercusión publicitaria que suporía. A cidade de Vigo entraría no circuío noroeste peninsular xunto coas cidades de Lisboa e Porto, o que supón un importantísimo valor publicitario.

Dentro desta liña o Concello ven dende hai varios anos o Festival Underfest cun exitoso resultado, cuantificado nun retorno publicitario que duplica a inversión do patrocinio. A figura do patrocinio considérase neste caso a máis adecuada fronte a outro tipo de acción publicitaria, porque conleva un grao de implicación do patrocinador coa formulación e o contido da acción desenvolvida pola empresa.

3.- ACTIVIDADES DE NADAL 2023-2024

Obxectivo:

Consiste nunha programación de actividades que teñen lugar no mes de Nadal. Promove directamente a participación da cidadanía en actividades socioculturais vinculadas a celebración do Nadal.

Lugar:

Centro da cidade e nos barrios e parroquias do término municipal.

Público obxectivo:

Poboación en xeral inda que as actividades están orientadas principalmente ao público infantil e familiar.

Tarefas e accións:

O desenvolvemento do programa concrétase no deseño, difusión, execución e seguimento de diversas accións e actividades que se detallan a continuación:

3.1.- Parque infantil de Nadal

O obxecto desta actividade é a organización dun Parque infantil temático no Auditorio Mar de Vigo que ofrece aos nenos e nenas de Vigo no período de vacacións de Nadal a posibilidade de desfrutar de diversas actividades de ocio e lecer: obradoiros, actividades de aventura e deportivas, xogos.

3.2.- Nadal polos barrios.

Selección e posterior organización e contratación de actuacións de pequeno formato (corais, grupos folclóricos, animacións infantís, espectáculos de rúa) en diversos puntos da cidade.

3.3.- V Certame de Rondallas

Preténdese manter e fomentar a tradición musical e cultural das Rondallas típicas da provincia de Pontevedra mediante a realización dun certame de Rondallas. Dende hai 30 anos vense celebrando en Vigo a celebración de concursos e posteriormente certames de Rondallas que xeneran unha grande expectación na cidadanía sendo moi numeroso o público asistente en certames anteriores .

3.4.- Visita dos Reis Magos e Carterio Real aos hospitais e centros asistenciais.

O servizo organiza a visita aos principais centros sanitarios e asistenciais de Vigo. Este programa inclúe a caracterización dos reis, a contratación do transporte dos reis e paxes e máis a compra de agasallos para os nenos/nenas hospitalizadas e dos centros asistenciais.

3.5.- Cabalgata de Reis

O 5 de xaneiro prevese o desfile das carrozas da Comitiva Real formada polos Reis Magos, Carterio/a Real e a entidades que queiran colaborar no evento. O desfile pode ser en formato estático, dinámico ou unha combinación de ambos e se desenvolverá coa temática e o emplazamento e/ou recorrido que se decida en función das oportunidades.

3.6.- Concertos de Nadal

Prevese a realización de concertos singulares con motivo dos datas singulares no período de Nadal. Preténdese a realización de concertos realizados por agrupación musicais de recoñecido prestixio con aceptación polo público en xeral e que poida suscitar a interese do público máis novo.



Concello de Vigo

4.- PROGRAMA DE SUBVENCÍONS EN CONCORRENCIA COMPETITIVA.

A convocatoria anual de subvencións en concorrencia competitiva esta destinada a entidades sen ánimo de lucro para festas tradicionais, patronais, gastronómicas e desenvolvemento de actividades socioculturais.

A concesión de subvencións do Servizo de Festas da Concellería de Festas e Turismo do Concello de Vigo, dentro dos límites dos créditos aprobados nos orzamentos do servizo.

5.- OUTRAS SUBVENCÍONS.

Subvención nominativa a favor da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais para organización do programa “Vente con Nos”.

O programa “Vente con Nós” foi creado e rexistrado pola Agrupación de Centros deportivos e culturais do Concello de Vigo co fin de desenvolver un circuíto de actuacións polos barrios e parroquias do termo municipal de Vigo. A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

O Concello de Vigo e a Agrupación de Centros deportivos e culturais veñen asinando dende o ano 2004 convenios de colaboración para desenvolver o programa “Vente con Nós” cuns resultados acadados moi satisfactorios para ambas as partes.

A través desta subvención nominativa a favor da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais para organización do programa “Vente con Nos” a entidade comprométese ao desenvolvemento dos programas “**Vente con Nós**” que acollen un ciclo de actuacións de música, canto e danza tradicionais e a Semana de Teatro Afeccionado.

Subvención nominativa a favor da Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas para o financiamento do “Festival poético-piromusical Cidade de Vigo – Vila de Bouzas” 2023.

A Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas vén ocupándose da organización, desenvolvemento e execución das festas anuais que se celebran na Vila de Bouzas – Cidade de Vigo, na segunda quincena do mes de xullo, en honra do “Bo Xesús dos Aflixidos” e cuxo programa comprende tanto actividades lúdicas como relixiosas. Dentro do dito programa, e como principal e máis salientábel actividade, véñse celebrando no terceiro domingo do mes de xullo o chamado “Festival poético-piromusical Cidade de Vigo – Vila de Bouzas”.

Dito Festival, declarado de interese turístico de Galicia desde o ano 2004, constitúe unha tradición consolidada dentro da oferta cultural e lúdica da cidade de Vigo, sendo o máis relevante dos da súa clase, así como un dos máis prestixiosos da Comunidade autónoma de Galicia, tanto pola calidade e custo da súa execución, o número de espectadores directos do Festival, o seu seguimento e cobertura mediáticos, e a antigüidade da súa celebración, constituíndose por todos estes motivos nun obrigado referente nas celebracións lúdico-culturais de todo o territorio nacional. Todos estes motivos fan que o Concello de Vigo considere necesario contribuír ao seu mantemento e financiamento.

En virtude disto, o Concello de Vigo e a “Confraría do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas” veñen asinando dende o ano 1996 convenios de colaboración similares para desenvolver este evento, acadando uns resultados moi satisfactorios para ambas as partes.

Subvención nominativa a favor da Asociación Amigos de la Historia de Bouzas para o financiamento da Festa da Brincadeira 2023.

A Festa da Brincadeira, na Vila de Bouzas, tratáse dunha festa de gran arraigo na cidade que persigue como principais fins:

- Dar a coñecer a historia da cidade de Vigo
- Fomentar a participación da cidadanía dunha forma lúdica
- Dinamizar cultural e socioeconomicamente a Vila de Bouzas

Dende o ano 2012 se veñe organizando a Festa da Brincadeira, sendo en 2019 cando pasa a ser competencia da Asociación Amigos de la Historia de Bouzas. O Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para potenciar, difundir e apoiar o folclore entre toda a cidadanía, especialmente nos distintos barrios do termo municipal, achegando as tradicións e as culturas doutros países e do resto de comunidades autónomas.

O Concello de Vigo e a Asociación Amigos de la Historia de Bouzas veñen asinando este convenio de colaboración á vista dos resultados moi satisfactorios acadados nas edicións anteriores.

Subvención directa por interese xeral á Irmandade de Festas Patronais de San Blas de Bembrive para o financiamento da Festa Patronal de San Blas 2023

A Festa de San Blas de Bembrive conta con máis de 350 anos de historia. Trátase dun evento de especial singularidade no que se mestura a tradición relixiosa coa exaltación dos costumes populares máis arraigados na Parroquia. Destaca a apertura de furanchos onde se degusta o propio da gastronomía do lugar e que congrega cada ano a milleiros de persoas, sendo este un elemento diferenciador respecto do resto das festas patronais e populares.

Esta actividade complementa a actividade de cultural organizada polo Concello, trátase dunha festa de especial singularidade e marcada diferenza coa oferta doutras entidades.

Subvención directa por interese xeral á “Sociedad Cultural Fiestas Consolación Coia” para o financiamento da Festa da Consolación de Coia 2023.

As festas da Consolación de Coia naceron hai mais de 500 anos como unha romaría tradicional da parroquia de Coia. Co paso dos anos, transfórmase na festa que é a día de hoxe, adaptada a todos os públicos, que enche de contido cada recuncho do barrio de Coia (con grupos de bailes rexionais, pasarrúas, charangas, bandas de música...) visitando todas as prazas e rúas do barrio, e incluso levándolle a festa a todos aqueles que non se poden achegar a elas como os usuarios de residencias de anciáns, centros de día ou centros de discapacitados.

O Concello de Vigo leva a cabo dende hai anos unha importante labor para apoiar, potenciar e difundir entre toda a cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades dirixidas a todos os sectores culturais.



Concello de Vigo

Dentro da especificidade desta festa atópase unha importante tirada de fogos pirotécnicos de destacada sona que congrega, por si só, a ducias de milleiros de persoas, sendo un elemento central e diferenciador desta festa a respecto do resto das festas patronais e populares. Esta actividade complementa a actividade de cultural organizada polo Concello, trátase dunha festa de especial singularidade e marcada diferenza coa oferta doutras entidades.

6.- XESTIÓN DAS ACCIÓNS PRECISAS PARA O FUNCIONAMENTO, CONSERVACIÓN, MANTEMENTO E REPARACIÓNS DO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS.

O Auditorio ao aire libre de Castrelos e unha instalación adscrita ao servizo de Festas que obriga a realizar ao longo do ano diversas accións e contratación coa fin de asegurar o seu correcto funcionamento e que son as seguintes:

- ✓ Revisión xeral das instalacións do auditorio antes do inicio dos espectáculos.
- ✓ Reparacións necesarias que poidan xurdir trala revisión das instalacións antes da tempada dos espectáculos de verán, as derivadas das probas de carga realizadas no escenario no ano 2021 así como aquelas actualizacións necesarias nas infraestruturas escénicas conforme aos requerimentos técnicos dos artistas.
- ✓ Contratación do mantemento do Auditorio a fin de realizar as pequenas reparacións que demande a posta en funcionamento das instalacións para os espectáculos de verán, así como o control do recinto cando se ceda a súa utilización a entidades sen ánimo de lucro para a realización de diferentes eventos.
- ✓ Contratación das asistencias técnicas para certificar a seguridade estrutural da cuberta do escenario, cálculo de cargas da cuberta para cada espectáculo, certificación da seguridade de utilización do recinto, elaboración do plan de auto protección do Auditorio de Castrelos.
- ✓ Realización de obras de reforma nas instalacións do Auditorio co fin de actualizalo aos requerimentos das producións artísticas, en canto as infraestruturas e ás necesidades de espazos.

Ademais das accións anteditas a xestión inclúe a cesión do recinto ás entidades sen ánimo de lucro para a realización de diferentes eventos.

PROPOSTA:

Primeiro.- Aprobar a “**PROPOSTA DO PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2023**”.

Segundo.- Ordenar a súa **publicación no “Portal de Transparencia”** conforme ao disposto no artigo 6.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(62).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A XESTIÓN DO CENTRO DE USOS MÚLTIPLES DE VIGOSÓNICO. EXPTE. 9624/336.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 30/01/2023 e o informe de fiscalización do 31/01/2023, dáse conta do informe-proposta de data 01/02/2023, asinado pola xefa do Servizo de Xuventude, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 13 de decembro de 2022, iniciase o expediente 9624-336 para a contratación da xestión do Centro de Usos Múltiples de Vigosónico
Incorpóranse ao citado expediente:

- *Informe de necesidade coa resolución do concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 13 de decembro de 2022,.*
- *Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP) de data 27 de xaneiro de 2023.*
- *Anexo III Inventario de material de data 12 de xaneiro de 2023.*
- *Declaración de neutralidade do redactor do proxecto de data 13 de decembro de 2022.*
- *Memoria económica de data 16 de xaneiro de 2023.*
- *Memoria xustificativa de data 27 de xaneiro*
- *Certificado de retención de crédito de data 17 de xaneiro de 2023 (operación nº 202300004733 - RC - e operación nº 202300004734 - RCFUT1 -).*

Constitúe obxecto deste contrato a prestación do servizo de xestión do centro de usos múltiples VIGOSÓNICO e o desenvolvemento das accións relacionadas coa actividade musical, outras disciplinas artísticas e actividades de dinamización xuvenil.

Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2022, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 13 de xaneiro de 2022 e publicado no perfil de contratante

O importe do valor estimado do contrato determina a tramitación do presente expediente de contratación como un procedemento aberto. A forma de tramitación será a Ordinaria con múltiples criterios de valoración

-ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (IVE incluído): 85.591,28 €

-Parte fixa: 84.978,03 €

-Parte variable: 613,25 €

-IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN: 7.781,02 €

-IVE parte fixa: 7.725,27 €

-IVE parte variable: 55,75 €

-VALOR ESTIMADO DO CONTRATO:233.430,78 €. No cálculo do valor estimado do contrato, cun prazo de vixencia de 1 ano e a posibilidade de dúas prórrogas de un ano cada unha.



Concello de Vigo

-PARTIDA ORZAMENTARIA: O importe para a presente licitación poderá tramitarse con cargo ás aplicación orzamentarias do orzamento municipal:

3370.227.9901 "GASTOS DE XESTIÓN E MANTEMENTO DE VIGOSÓNICO"

O expediente será preceptivo que sexa informado favorablemente polo Servizo de Asesoría Xurídica do Concello.

Por todo elo , propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

"1º.- Autorizar o gasto de 85.591,28 euros , correspondente ao valor total do contrato de Servizos para a prestación do servizo de xestión do centro de usos múltiples VIGOSÓNICO consistente no desenvolvemento das accións relacionadas coa actividade musical, outras disciplinas artísticas e actividades de dinamización xuvenil, no que se inclúen todos os conceptos relacionados no artigo 101 da LCSP, así como os custes laborais, para a contratación da xestión da xestión do Centro de Usos Múltiples de Vigosónico.

O orzamento para o ano 2023 será 70.029.22 euros , que se imputará á partida orzamentaria 3370.227.99.01 "Gastos de Xestión e mantemento de Vigosónico".

O orzamento para o ano 2024 será de 15.562,05 euros con cargo 3370.227.99.01 do orzamento corrente e a súa bolsa de vinculación.

Anualidades.-

ANO 2023.- 9 meses(20 de febreiro -31 de decembro)agás o mes de agosto.

ANO 2024.- 2 meses(1 de xaneiro-20 febreiro).

ANUALIDADES CON IVE:

ANO	IMPORTE
2023	70.029.22 €
2024	15.562,05 €

2º.- Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares asinado en data 1 de febreiro de 2023

3º.- Acordar a apertura do procedemento de licitación para a selección de contratista/s na forma prevista na lexislación vixente".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(63).-INFORME SOBRE O RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO POLA FEDERACIÓN DE SERVICIOS DA CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA, NO PROCEDEMENTO ABERTO PARA CONTRATACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVICIOS DE LIMPEZA DOS COLEXIOS PÚBLICOS E ESCOLAS MUNICIPAIS.EXPTE. 26210/332.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 01/02/2023 asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais dependentes do concello de Vigo (PCAP).



Concello de Vigo

- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais dependentes do concello de Vigo (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 29 de decembro de 2022, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante XGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais dependentes do concello de Vigo, así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- O anuncio de licitación deste procedemento publicouse o 4 de xaneiro de 2023 no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, iniciándose o prazo de presentación de ofertas ese mesmo día o cal rematará o día 7 de febreiro de 2023 as 23.59. Ata o momento non se presentou ningunha oferta.

Terceiro.- En data 24 de xaneiro de 2023, D^a. María do Transito Fernández Fernández, en nome e representación da Federación de Servizos Da Confederación Intersindical Galega, na súa cualidade de secretaria da mesma, interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), impugnando os pregos que rexen a presente licitación. O escrito de recurso presentouse no Rexistro Xeral do Tribunal.

Cuarto.- En data 30 de xaneiro de 2023 MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L., presenta informe, a solicitude do servizo xestor, sobre o recurso. Este informe é completado en data 1 de febreiro.

Quinto.- En data 31 de xaneiro de 2023, o servizo xestor, emite informe sobre as alegacións formuladas polo recorrente no escrito de recurso.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto da presente impugnación os pregos que rexen o procedemento aberto do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais dependentes do concello de Vigo.

-II-

Legislación aplicable

É preciso comezar por determinar a legislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola legislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso

A legislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscripción dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.



Concello de Vigo

- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando estas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comenzo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

A) En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a

imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.

- c) Os acordos de adxudicación.
- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.

Así, a impugnación dos pregos é susceptible de recurso especial en materia de contratación.

B) En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpra as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senón que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*. Existe unha doutrina consolidada ao respecto no ámbito dos tribunais especiais en materia de contratación. Citaremos por todas a Resolución nº 201/2022, de 10 de febreiro, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, que di que:

“En relación con la legitimación de las organizaciones sindicales (recurso 40/2022), procede acudir al criterio sentado por este Tribunal en Resoluciones como la 534/2018, e 1 de junio, en la que, tras exponer la doctrina del Tribunal Constitucional sobre el reconocimiento a los sindicatos de un interés



Concello de Vigo

legítimo en la impugnación de resoluciones y actos administrativos que les confiere legitimación para el acceso a la jurisdicción, se afirma que:

“La aplicación de la citada doctrina al presente recurso nos lleva a entender que la legitimación del sindicato recurrente sólo será admisible si los motivos de impugnación de los pliegos esgrimidos por el sindicato recurrente tienen una relación directa e incuestionable con la defensa de los intereses corporativos de los trabajadores de seguridad privada, sin que pueda admitirse dicha legitimación en el caso de que los motivos del recurso rebasen este ámbito o se refieran a cuestiones relativas a la competencias del órgano de contratación para definir el objeto y características del contrato”.

En el presente supuesto, el sindicato reclamante impugna la forma en que se han determinado los costes salariales de los trabajadores a la hora de determinar el importe del presupuesto base de licitación. Así las cosas, advertimos que existe una relación directa de la reclamación con la defensa de los intereses de los trabajadores, de manera que debe reconocerse legitimación a dicho sindicato.”

Á vista desta doutrina, e no caso que nos ocupa, a recorrente tería lexitimación na súa cualidade de organización sindical, so no caso de que das actuacións impugnadas, neste caso o prego de cláusulas administrativas particulares, se poida deducir fundadamente que o empresario que resulte adxudicatario do contrato en fase de execución non cumprirá as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. Sostén que ilo é así porque o prezo do contrato lle parece insuficiente para garantilo. Á vista desta circunstancia, e por razóns de seguridade xurídica, a xuízo da informante, é conveniente concederlle lexitimación e así comprobar se co presuposto base de licitación fixado no pcap se garante o respecto dos dereitos sociais e laborais dos traballadores que prestan o servizo.

C) Como requisitos formais a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O **escrito de interposición do recurso** deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderá solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.

- b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- c) A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.
- e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ó que enviar, de conformidade coa disposición adicional décimo quinta, as comunicacións e notificacións.

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberanse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro Xeral do TACGAL.

D) Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

- a) Cando se interpoña contra o anuncio de licitación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación no perfil de contratante.
- b) Cando o recurso se interpoña contra o contido dos pregos e demais documentos contractuais, o cómputo iníciarase a partir do día seguinte a aquel en que se publicou no perfil de contratante o anuncio de licitación, sempre que neste se indicase a forma en que os interesados poden acceder a eles. Cando non se fixese esta indicación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se lle entregaron ao interesado ou este puidese acceder ao seu contido a través do perfil de contratante.

O recurso foi interposto no Rexistro do TACGAL en data 24 de xaneiro de 2023. Dado que o anuncio publicouse no DOUE o día 4 de xaneiro de 2023, presentouse dentro do prazo conferido ao efecto.

Podemos concluír, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a admisión do recurso.

-V-

Motivos de impugnación da resolución recorrida



Concello de Vigo

No escrito de recurso a recorrente formula dúas alegacións:

1. A insuficiencia do prezo do contrato para cubrir os custes laborais.
2. A incorrección do listado de persoal a subrogar facilitado pola actual contratista.

Analizaremos a continuación cada unha delas:

1.- A insuficiencia do prezo do contrato para cubrir os custes laborais

Hai que interpretar que a recorrente refírese ao presuposto base de licitación, posto que o prezo será o que oferte o licitador que resulte adxudicatario.

Considera que o “prezo do contrato” é “manifestamente insuficiente”, porque non cubre os custes laborais, o que implicará, na súa opinión que “a empresa que resulte adxudicataria non vai poder cumprir a normativa laboral co que claramente se está vulnerando o art. 122.2 da Lei 9/2017”. En apoio desta tese argumenta que o PCAP recolle como convenio colectivo de aplicación ao persoal con dereito a subrogación o de limpeza de edificios e locais da provincia de Pontevedra, sendo así que este ten un convenio colectivo propio cunhas mellores condicións, razón pola que a empresa adxudicataria terá uns custes superiores aos reflectidos nos pregos.

Convén por de releve que o artigo 102.3 da LCSP determina que “3. Os órganos de contratación coidarán de que o prezo sexa adecuado para o efectivo cumprimento do contrato mediante a correcta estimación do seu importe, atendendo ao prezo xeral de mercado, no momento de fixar o orzamento base de licitación e a aplicación, de ser o caso, das normas sobre ofertas con valores anormais ou desproporcionados. Naqueles servizos en que o custo económico principal sexan os custos laborais, deberanse considerar os termos económicos dos **convenios colectivos sectoriais, nacionais, autonómicos e provinciais** aplicables no lugar de prestación dos servizos”.

Este foi o criterio seguido por esta Administración. Así, informa a responsable do contrato que “En consecuencia co disposto neste artigo os cálculos dos custes laborais realizáronse tendo en conta o Convenio colectivo do sector limpeza de edificios e locais da Provincia de Pontevedra (Código de Convenio número 36000895011981 - BOPPO número 164, de 28 de agosto de 2019, e modificación publicada no BOPPO número 31 do 15 de febreiro de 2022)”.

Segundo a doutrina dos tribunais especiais en materia de contratación, o convenio aplicable para calcular os custes laborais, en aplicación do citado artigo, é o convenio sectorial que proceda, nunca o convenio de empresa, que so ten validez entre a empresa e os seus traballadores. Citaremos por todas, a Resolución nº 961/2022 do TACRC, de 28 de xullo de 2022, ditada nos recursos nº 797 y 809/2022, que di ao respecto que:

“El tenor literal de este precepto conduce a este Tribunal a afirmar que la Ley se refiere únicamente a los convenios sectoriales, nacionales, autonómicos y provinciales aplicables en el lugar de prestación de los servicios; no así a los convenios de empresa. Resulta por ello evidente que el órgano de contratación no se encuentra vinculado, a la hora de elaborar el presupuesto

base de licitación, al convenio colectivo de empresa que pueda existir, lo que es lógico habida cuenta que el Convenio colectivo de empresa resulta aplicable únicamente a la empresa y a los trabajadores que lo han suscrito, y no a terceras empresas que puedan concurrir a la licitación”.

Examinadas as disposicións da lei e a doutrina administrativa acerca da mesma podemos soste que é indubitado que para calcular o presuposto base de licitación, con relación aos custes laborais, hai que acudir ao convenio sectorial de aplicación, nunca ao convenio de empresa, como sostén a recorrente, polo que se propón ao Tribunal a desestimación desta primeira alegación.

2.- A incorrección do listado de persoal a subrogar facilitado pola actual contratista

Manifesta a recorrente que *“O número de traballadores/as que prestan o servizo actualmente é de 130, segundo se desprende do censo electoral facilitado pola empresa actual “Mantelnor Limpezas, S.L.U.”. Pero, de xeito inexplicable, o número de persoas que se acompañan ó Prego é de 210 persoas, case o dobre do real, ademais de que para moitas persoas figuran uns complementos e pluses salariais ata agora descoñecidos polas delegadas e por este sindicato. Isto fai de todo imposible a prestación do servizo nas condicións que se ofertan, polo prezo establecido, pois cunha simple operación aritmética pódese comprobar a imposibilidade de prestar o servizo polo prezo ofertado. Por outro lado, tamén pode constituír falsidade en documento público”.*

No entanto, a recorrente non achega proba ningunha das súas afirmacións. O servizo xestor do contrato deu traslado do recurso á actual contratista e solicitoulle un informe ao respecto.

D. Bartolomé Pidal Diéguez, en representación da empresa MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L., presenta escrito no Rexistro Xeral deste Concello o 30 de xaneiro de 2023, no que manifesta que:

“Polo sindicato impugnante afirmase que se produce unha distorsión do persoal a subrogar porque difere o censo electoral que a empresa entregou no recente proceso electoral ó que procede opoñer que os criterios que a empresa debe de seguir para a confección do censo electoral non son coincidentes cos que se teñen que ter en conta para informar do persoal que presta servizos na contrata.

Recordamos que a confección do censo electoral debe axustarse ó establecido no artigo 6 do Real Decreto 1844/1994, de 9 de setembro, por el que se aprueba el Reglamento de elecciones a órganos de representación de los trabajadores en la empresa, segundo o modelo normalizado.

No censo electoral inclúese ás persoas do centro de traballo pero pode darse a circunstancia de que haxa traballadores noutros centros vinculados á contrata administrativa que se ben non forman parte do censo de ese concreto proceso electoral sí deben integrar o listado de persoal subrogado.

No censo electoral recollense ós electores e elexibles e polo tanto aquelas persoas traballadoras que no momento en que se confecciona o censo contan cun mes de antigüidade na empresa e pertencen ó centro no que se promove o proceso electoral.



Concello de Vigo

Por outra parte as datas nas que se elaboran un e o outro listado de persoas traballadoras son diferentes o que tamén provoca diferenzas entre ambos listados.

O listado de persoas a suborgar pola empresa que resulte adxudicataria do servizo presentado por MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L. é correcto xa que inclúe a tódolos traballadores e traballadoras da empresa vinculados ó servizo de de Limpieza de Colexios Públicos e Escolas Municipais dependentes do Concello de Vigo.

Por outra banda, coa finalidade de xustificar o número de traballadores incluído no listado de subrogación, faise un desglose onde se especifica a situación contractual no momento da realización do listado, tendo as seguintes circunstancias:

- Hai 15 pax de IT: cubríndose estas baixas con 31 pax

- Hai 2 excedencias: que se cubren con 5 pax

- Debido as necesidades de reforzo en distintos colexios, ampliacións e servizos con periodicidade superior á mensual, reforzamos con 27 pax

Estos datos xustifícanse nunha elevada taxa de absentismo, o que obrigou a contínuos axustes e apoios ó servizo.”.

Á vista do exposto, en opinión da técnica que subscribe, procede solicitar a desestimación desta alegación polo TACGAL.

-VI-

Conclusiones

Á vista do exposto ó longo deste informe, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a admisión do recurso.

Con respecto ao fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o mesmo, unha vez analizados, no fundamento xurídico V deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación dos pregos que rexen este procedemento, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo mesmo no seu escrito de recurso, polas razóns esgrimidas no citado fundamento xurídico.

-VII-

Medidas cautelares

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento.

No caso que nos ocupa o recorrente non solicitou a suspensión do procedemento. Esta Administración considera adecuado para o interese público suspender o mesmo, pois de continuar coa tramitación se producirían danos de difícil ou imposible reparación se se estimase o recurso, por canto é probable que o contrato poida adxudicarse e formalizarse antes de que se resolva o presente recurso.

Á vista do exposto solicítase ao órgano de contratación e ao Tribunal a adopción da medida cautelar de suspensión.

-VIII-

Acordo

En mérito ao exposto, se propón á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar o presente informe.

2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

3º.- Acordar a suspensión cautelar deste procedemento ata que o TACGAL dite resolución no presente recurso”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(64).-INFORME SOBRE O RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO POLA ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESAS DE LIMPIEZA, NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA CONTRATACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE LIMPEZA DOS COLEXIOS PÚBLICOS E ESCOLAS MUNICIPAIS.EXPTE. 26210/332.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 01/02/2023 asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:



Concello de Vigo

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais dependentes do concello de Vigo (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais dependentes do concello de Vigo (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 29 de decembro de 2022, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante XGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais dependentes do concello de Vigo, así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- O anuncio de licitación deste procedemento publicouse o 4 de xaneiro de 2023 no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, iniciándose o prazo de presentación de ofertas ese mesmo día o cal rematará o día 7 de febreiro de 2023 as 23.59. Ata o momento non se presentou ningunha oferta.

Terceiro.- En data 25 de xaneiro de 2023, D. Juan Díez de los Ríos de San Juan, en nome e representación da Asociación Profesional de Empresas de Limpieza- ASPEL-, inscrita no Rexistro de asociacións do Ministerio de Trabajo, co número de depósito 7.850, interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), impugnando os pregos que rexen a presente licitación. O escrito de recurso presentouse no Rexistro Xeral deste Concello, sendo remitido polo servizo de Contratación ao Tribunal.

Cuarto.- En data 1 de febreiro de 2023, o servizo xestor, emite informe sobre as alegacións formuladas polo recorrente no escrito de recurso, no que se remite ao informe da empresa INTOCONSULTING, empresa que asistiu ao servizo xestor para a redacción da documentación contractual en virtude dun contrato de servizos, de data 31 de xaneiro de 2023.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto da presente impugnación os pregos que rexen o procedemento aberto do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais dependentes do concello de Vigo.

-II-

Lexislación aplicable

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).



Concello de Vigo

- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso

A lexislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscripción dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.
- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando estas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación

(artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comenzo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

A) En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.
- c) Os acordos de adxudicación.
- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.



Concello de Vigo

- f) Os acordos de rescate de concesións.

Así, a impugnación dos pregos é susceptible de recurso especial en materia de contratación.

B) En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpre as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senón que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*.

No caso que nos ocupa non hai dúbida da lexitimación do recorrente na súa cualidade de organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados os motivos esgrimidos para a impugnación, o erro no cálculo do prezo, teñen una relación directa e incuestionable coa defensa dos intereses corporativos dos seus representados (Resolución nº 201/2022, de 10 de febreiro, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales).

C) Como **requisitos formais** a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O **escrito de interposición do recurso** deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderá solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.
- b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.

- c) A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.
- e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ó que enviar, de conformidade coa disposición adicional décimo quinta, as comunicacións e notificacións.

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberanse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro Xeral do Concello e remitido polo servizo de contratación ao TACGAL.

D) Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

- a) Cando se interpoña contra o anuncio de licitación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación no perfil de contratante.
- b) Cando o recurso se interpoña contra o contido dos pregos e demais documentos contractuais, o cómputo iniciarase a partir do día seguinte a aquel en que se publicou no perfil de contratante o anuncio de licitación, sempre que neste se indicase a forma en que os interesados poden acceder a eles. Cando non se fixese esta indicación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se lle entregaron ao interesado ou este puidese acceder ao seu contido a través do perfil de contratante.

O recurso foi interposto no Rexistro do concello en data 25 de xaneiro de 2023. Dado que o anuncio publicouse no DOUE o día 4 de xaneiro de 2023, presentouse dentro do prazo conferido ao efecto.

Podemos concluír, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a admisión do recurso.

-V-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

As alegacións do recorrente no escrito de recurso se limita a un único motivo de impugnación:

- A desagregación do presuposto base de licitación non é correcta e incumpre o previsto nos artigos 100 a 102 da LCSP por canto non contempla algúns custos



Concello de Vigo

relevantes necesarios para a prestación do servizo, (singularmente, a antigüidade do persoal, así como que para o seu cálculo utiliza un convenio distinto ao aplicable) polo que considera que o prezo é insuficiente.

Informa sobre esta alegación INTOCONSULTING, empresa que asistiu ao servizo xestor para a redacción da documentación contractual en virtude dun contrato de servizos. Este informe é asumido polo servizo xestor en informe de 1 de febreiro:

“E argumenta (segundo extráese do literal -pax.10 do recurso-): “tal y como acreditaremos a continuación el presupuesto base de la presente licitación no cubre los costes laborales del personal que actualmente viene prestando el servicio”.

Pois ben, o anterior queda nunha mera apreciación teórica que carece de soporte documental probatorio, como se pode comprobar ao analizar o recurso presentado, debido a que en ningún momento inclúese cálculo algún do custo laboral total do persoal que xustifique a argumentación anterior. Entendemos que devandito cálculo sería necesario para comparalo co custo que o órgano de contratación si incluíu na documentación do expediente.

O recorrente recalca a súa teoría (páx. 11): “fundamentamos y legitimamos el recurso que nos ocupa, por cuanto el precio otorgado al servicio es absolutamente insuficiente para atender los costes de personal necesario para ejecutar el servicio de limpieza, así como la demanda de servicios exigida, por lo que resulta antieconómico y a pérdidas para el próximo adjudicatario”

Dita afirmación non susténtase con ningún tipo de cálculo xustificativo que confronte o suposto prezo que o recorrente pretende “suficiente” co prezo do servizo recollido na Memoria Económica que forma parte do expediente de licitación e que se puxo ao dispor dos licitadores.

Ou recorrente límitase a expoñer o disposto no artigo 100 e seguintes da LCSP 9/2017 que -na súa opinión- “da base suficiente para admitir el recurso y pedir al órgano de contratación que lo corrija y vuelva a licitarlo” (literal páx. 12). Reproduce unha serie de artigos da LCSP e subliña unha serie de frases (que entende significativas) pero en ningún momento introduce literalmente da lei indicación algunha de que o órgano de contratación incumpra taxativamente devanditos preceptos senón que (páx.14) límitase a trasladar unha mera posibilidade: “puede haber (el subrayado es nuestro) una vulneración de lo establecido en los artículos citados de la ley (...) habida cuenta que el presupuesto de licitación fijado en los pliegos que se impugnan lo han sido por importe inferior al de los costes laborales (...) el pliego no contempla algunos costes relevantes necesarios para la prestación del servicio (...) y el precio de salida es insuficiente”.

SEGUNDO. Todo o anterior (que dificilmente pode superar o status de conxecturas ou suposicións) trata someramente de xustificalo nun apartado (SEGUNDO) denominado:

“Cálculos” que pasamos a analizar a continuación:

En primeiro lugar, o recorrente alude a unha “posible incoherencia” (o subliñado é noso) pola aplicación de distintos convenios para o cálculo do custo de persoal da presente licitación. Pois ben: Non se identifica tal incoherencia, pois como se

especifica no PCAP (páx.60):" A subrogación de persoal está prevista non Convenio colectivo do sector limpeza de edificios e locais da provincia de Pontevedra (Código de Convenio número 36000895011981 - BOPPO número 164, do 28 de agosto de 2019, e modificación publicada non BOPPO número 31 do 15 de febreiro de 2022), consonte ao cal calculouse o orzamento base de licitación de acordo co previsto no artigo 102.3 parágrafo final LCSP". E non só neste documento, senón que isto mesmo indícase na propia Memoria Económica (que o recorrente parece non analizar con atención) respecto do prezo do contrato e a súa xustificación. En concreto na Memoria Económica detállase que:

Todos os datos incorporados á presente xustificación do prezo foron obtidos como resultado de analizar polo miúdo a prevista estrutura de custos, o que permite definir as liñas directrices para o bo funcionamento futuro das prestacións, así como definir e xustificar técnica e economicamente a viabilidade do proxecto obxecto de análise.

Os cálculos realizados tiveron en conta as disposicións, regulamentos e preceptos contidos na vixente lexislación, entre outros:

- Normativa de Seguridade Social, tipos de cotización no ano en curso e proxeccións.
- Convenio colectivo de aplicación: Convenio colectivo do sector de limpeza de edificios e locais da provincia de Pontevedra.
- Normativa de Prevención de Riscos Laborais e demais normas que resulten de aplicación.

En segundo lugar o recorrente inclúe un cadro no que, partindo do custo anual de persoal incluído na Memoria Económica e o cómputo das horas totais valoradas anualmente, obtén o seu custo hora:

	Horas anuales	Coste personal anual	Coste hora valorado (con SS incluído)	Salario hora valorado (sin SS al 34%)
Limpiador/a	150.319,00	2.376.000,59 €	15,81 €	11,80 €
Peón especializado	2.660,00	53.135,27 €	19,98 €	14,91 €
Responsable de equipo	950,00	14.052,35 €	14,79 €	11,04 €
Encargado de grupo	1.330,00	23.679,82 €	17,80 €	13,29 €
Supervisor o encargado de sector	2.660,00	55.820,38 €	20,99 €	15,66 €
Administrativo	1.330,00	20.150,96 €	15,15 €	11,31 €
TOTAL	159.249,00	2.542.839,37 €		

Pág.15 Recurso ASPEL

E a continuación a recorrente adxunta un cálculo (propio) para obter o custo hora segundo o Convenio colectivo do sector de limpeza de edificios e locais na provincia



Concello de Vigo

de Pontevedra e segundo o Convenio colectivo para o persoal de limpeza de colexios do Concello de Vigo, actualizados para 2023 cun incremento do 2,5%.

A continuación, se adjunta el cálculo para obtener el coste hora Según el Convenio colectivo del sector de limpieza de edificios y locales en la provincia de Pontevedra por categoría de trabajador. Dado que solo existen tablas salariales para este convenio hasta el 2022, se ha obtenido el valor para el 2023 con un incremento del 2,5% (siguiendo el razonamiento que el organismo realiza en la memoria económica):

CATEGORÍA	S.BASE	S.BASE ANUAL	PAGAS EXTRAS	P.E. ANUAL	PLUS TRANSPORTE	P.T. ANUAL	SBA	Horas anuales de convenio	Coste hora 2022	Coste hora 2023 (2,5% incremento)
Número de pagas		12		4		12				
ENCARGADO/A SECTOR	1.258,89 €	15.106,68 €	1.258,89 €	5.035,56 €	120,64 €	1.447,68 €	21.589,92 €	1.663,00	12,98 €	13,31 €
ENCARGADO/A GRUPO O EDIFICIO	1.111,86 €	13.342,32 €	1.111,86 €	4.447,44 €	120,64 €	1.447,68 €	19.237,44 €	1.663,00	11,57 €	11,86 €
RESPONSABLE DE EQUIPO	1.074,15 €	12.889,80 €	1.074,15 €	4.296,60 €	120,64 €	1.447,68 €	18.634,08 €	1.663,00	11,21 €	11,49 €
PEÓN ESPECIALIZADO	1.044,61 €	12.535,32 €	1.044,61 €	4.178,44 €	120,64 €	1.447,68 €	18.161,44 €	1.663,00	10,92 €	11,19 €
LIMPIADOR/A	1.035,44 €	12.425,28 €	1.035,44 €	4.141,76 €	120,64 €	1.447,68 €	18.014,72 €	1.663,00	10,83 €	11,10 €
ADMINISTRATIVO	1.044,61 €	12.535,32 €	1.044,61 €	4.178,44 €	120,64 €	1.447,68 €	18.161,44 €	1.663,00	10,92 €	11,19 €

A continuación, se adjunta el cálculo para obtener el coste hora según el Convenio colectivo para el personal de limpieza de colegios y colegios públicos Ayuntamiento de Vigo por categoría de trabajador según tablas del 2023:

CATEGORÍA	S.BASE	S.BASE ANUAL	PAGAS EXTRAS	P.E. ANUAL	PLUS TRANSPORTE	P.T. ANUAL	PLUS ASISTENCIA	P.A. ANUAL	SBA	Horas anuales de convenio	Coste hora
Número de pagas		12		4		12		12			
ENCARGADO/A SECTOR	1.272,35 €	15.268,20 €	1.272,35 €	5.089,40 €	101,65 €	1.219,80 €	72,38 €	868,56 €	22.445,96 €	1.638,00	13,70 €
ENCARGADO/A GRUPO O EDIFICIO	1.100,73 €	13.208,76 €	1.100,73 €	4.402,92 €	101,65 €	1.219,80 €	72,38 €	868,56 €	19.700,04 €	1.638,00	12,03 €
RESPONSABLE DE EQUIPO	1.056,53 €	12.678,36 €	1.056,53 €	4.226,12 €	101,65 €	1.219,80 €	72,38 €	868,56 €	18.992,84 €	1.638,00	11,60 €
PEÓN ESPECIALIZADO	1.021,96 €	12.263,52 €	1.021,96 €	4.087,84 €	101,65 €	1.219,80 €	72,38 €	868,56 €	18.439,72 €	1.638,00	11,26 €
LIMPIADOR/A	1.011,22 €	12.134,64 €	1.011,22 €	4.044,88 €	101,65 €	1.219,80 €	72,38 €	868,56 €	18.267,88 €	1.638,00	11,15 €
ADMINISTRATIVO	1.532,46 €	18.389,52 €	1.532,46 €	6.129,84 €	101,65 €	1.219,80 €	72,38 €	868,56 €	26.607,72 €	1.638,00	16,24 €

Pág.16 Recurso ASPEL

Hai que sinalar que no caso de ambos os convenios non se fixa un límite de horas anuais de convenio (xornada máxima anual de traballo a desempeñar), como si sucede por exemplo no caso do convenio provincial da Coruña: A efectos de referencia para el cálculo del valor de la hora ordinaria, así como otro tipo de conceptos, el límite de la jornada máxima anual de trabajo a desempeñar por los trabajadores de este sector será de 1770 horas”. Polo que se facemos un cálculo por exemplo no caso do convenio provincial de Pontevedra este sería:

Días vacaciones	Días de licencia por convenio	Días de descanso semanal	Festivos no trabajados	Subtotal	Días anuales de traballo	Horas anuales de traballo
30	4	96	14	144	221	1704

É dicir: se tomamos 1.704 horas anuais fronte ás 1.663 incluídas no cálculo do recorrente,

levaríanos a que o resultado do custo hora calculado sería aínda menor que o que se mostra no recurso. Polo que hai que deixar constancia de que hai un erro nas horas anuais de convenio expostas no recurso, porque non se corresponde coa realidade dos dous convenios aludidos.

Tras realizar este “cálculo propio” (que serán os únicos cálculos que vexamos en todo o documento do recurso), o recorrente inclúe unha táboa comparativa para ver as diferenzas entre os custos hora:

Por lo que se puede observar la siguiente diferencia entre los costes hora valorados por el organismo y los correspondientes convenios:

Categoría	Coste/hora Organismo	Coste/hora Pontevedra	Coste/hora Vigo
Limpiador/a	11,80 €	11,10 €	11,15 €
Peón especializado	14,91 €	11,19 €	11,26 €
Responsable de equipo	11,04 €	11,49 €	11,60 €
Encargado de grupo	13,29 €	11,86 €	12,03 €
Supervisor o encargado de sector	15,66 €	13,31 €	13,70 €
Administrativo	11,31 €	11,19 €	16,24 €

Pág.17 Recurso ASPEL

En primeiro lugar, aínda dando por bo o cálculo do custo/hora achegado polo recorrente (que demostramos que está baseado en menos horas anuais que as reais, o que encarece o prezo hora ao que se alude) apréciase unha diferenza (á alza) entre o prezo hora derivado da Memoria Económica (cálculo do Concello para o ano 1 (2023) do servizo e os prezos hora extraídos dos dous convenios. Debe subliñarse pois que non hai discrepancia en termos de custo hora e categoría, xa que os achegados polo órgano de contratación son mesmo superiores aos achegados polo recorrente no seu cálculo. Ademais, introduce o recorrente o concepto de que “la diferencia (a favor del órgano de contratación) no puede ser considerada como parte proporcional para el coste de la antigüedad del personal”. É dicir, cremos entender (xa que non está expresado con suficiente claridade) que o recorrente especula (ou intúe, xa que en ningún caso procede a valorar nin a calcular o custo da antigüidade aludida) que estas diferenzas non serían suficientes para cubrir o custo desa antigüidade “oculta” dos traballadores susceptibles de ser subrogados.

A continuación, no seu escrito de recurso “observa” que na memoria económica non se tivo en conta na desagregación achegada (apartado 2.b.8) unha partida para o custo da antigüidade. Debemos responder a esta apreciación con total rotundidade que o feito de que non se inclúa este custo de maneira independente ou desagregada non significa que non se tivo en conta para o cálculo de persoal, como aventura o recorrente na seguinte afirmación literal:

“Tal y como hemos mostrado, en el cálculo de la memoria económica (...) no han tenido en cuenta este valor” (páx.17 do recurso).

Non contido do recurso non acredítase tal afirmación. Parece igualmente non ler con detenemento a documentación que forma parte do expediente. Tal e como se demostra a continuación:

Lembremos que todos os cálculos recolleitos na memoria (económica) axústanse ao efectivo cumprimento do contrato, e en consecuencia no prezo do mesmo non só se tivo en conta o custo de persoal senón tamén aqueles gastos correspondentes a investimentos e outros gastos variables de explotación. No relativo aos custos de persoal, e tal e como se reflicte na Memoria Económica tívose en conta o custo derivado da categoría e a carga horaria dos traballadores, e ademais (tal e como se reflicte no seguinte extracto da memoria inclúese no custo total a antigüidade do



Concello de Vigo

persoal para subrogar e os incrementos salariais para todas as anualidades do contrato.

Tendo en conta as táboas salariais estímase o custo correspondente derivado das categorías profesionais do persoal e da súa carga horaria semanal.

Por outra banda, e dentro dos custos totais de persoal deberán terse en conta os custos derivados da **antigüidade do persoal** susceptible de ser subrogado, así como **posibles incrementos salariais futuros**.

Pártese das táboas salariais vixentes **actualizadas a 2023**, e sobre estas incrementase para as seguintes anualidades un **2,5% anual durante os cinco anos de duración do contrato**.

Pág.3 Memoria Económica

O feito de que o capítulo correspondente á antigüidade dos traballadores non vaia desagregado de forma independente non quere dicir que non se tivo en conta, xa que como se indicou está incluído no custo total de persoal.

A feixes, procede indicar que o órgano de contratación si dispón do cálculo dese capítulo referido á antigüidade, calculándoa como consolidada en 127 traballadores integrantes da totalidade do persoal (xa que non todos teñen este complemento). Dita antigüidade supón no ano 1 (2023) un total de 155.244,05 euros anuais, o que representa un 6,11% do custo total de persoal (2.542.839,37 €) para o primeiro ano do servizo.

E ademais, unha vez realizados os cálculos necesarios para a obtención do custo de persoal, do persoal equivalente necesario para a realización dos traballos e do dimensionamiento do servizo incluíndo o resto de custos de explotación contemplados, procédese á presentación dun CADRO RESUMEN onde se recollen desagregados todos estes capítulos de gasto para a totalidade do contrato (5 anualidades) e reitérase que se considera un incremento dun 2,5% anual a modo de revisión á alza para todos os conceptos (salvo no caso da amortización e financiamento do investimento)

2.b.8) DESGLOSE DE ORZAMENTO – CADRO RESUMO.

Preséntase a continuación en cadro resumen unha táboa de custos **para os cinco (5) anos de contrato**. Considerouse un **incremento anual do 2,5 %** para todos os conceptos (salvo o caso da amortización e financiamento da maquinaria no que se contempla unha amortización lineal a 8 anos, ao non existir reversión).

Pág.7 Memoria Económica

Os epígrafes da **parte fixa** do contrato durante os cinco anos da súa duración recóllense na seguinte táboa:

EPÍGRAFES PARTE FIXA DO CONTRATO	IMPORTE ANO 1	IMPORTE ANO 2	IMPORTE ANO 3	IMPORTE ANO 4	IMPORTE ANO 5	IMPORTE TOTAL
1. GASTO DE PERSOAL						
Postos de execución directa	2.429.135,86	2.489.864,25	2.564.560,18	2.641.496,99	2.720.741,90	12.845.799,18 €
Mandos intermedios	93.552,56	95.891,37	98.768,11	101.731,15	104.783,09	494.726,28 €
Administración	20.150,96	20.654,74	21.274,38	21.912,61	22.569,99	105.562,69 €
TOTAL GASTOS PERSOAL	2.542.839,38	2.606.410,36	2.684.602,67	2.765.140,75	2.848.094,98	13.447.088,14 €
2. GASTOS DE EXPLOTACIÓN						
Consumibles e material auxiliar	38.142,59	39.096,16	40.269,04	41.477,11	42.721,42	201.706,32 €
Produtos de limpeza e aprovisionamentos	43.228,27	44.308,98	45.638,25	47.007,39	48.417,61	228.600,50 €
Vestuario, utilaxe e pequena maquinaria	55.942,47	57.341,03	59.061,26	60.833,10	62.658,09	295.835,94 €
Renting vehículos	1.650,00	1.691,25	1.741,99	1.794,25	1.848,07	8.725,56 €
Combustible	7.980,00	8.179,50	8.424,89	8.677,63	8.937,96	42.199,98 €
Seguros e impostos	1.500,00	1.537,50	1.583,63	1.631,13	1.680,07	7.932,33 €
Subministracións e comunicacións	2.200,00	2.255,00	2.322,65	2.392,33	2.464,10	11.634,08 €
Outros custos	12.714,20	13.032,05	13.423,01	13.825,70	14.240,47	67.235,44 €
TOTAL GASTOS EXPLOTACIÓN	163.357,53	167.441,46	172.464,71	177.638,65	182.967,79	863.870,14 €
3. AMORTIZACIÓN E FINANCIACIÓN						
Amortización	14.307,50	14.307,50	14.307,50	14.307,50	14.307,50	71.537,50 €
Financiación	1.998,06	1.998,06	1.998,06	1.998,06	1.998,06	9.990,29 €
EXECUCIÓN MATERIAL	2.722.502,46	2.790.157,38	2.873.372,94	2.959.084,96	3.047.368,34	14.392.486,08 €
GASTOS XERAIS (4%)	108.247,88	110.954,07	114.282,70	117.711,18	121.242,51	572.438,33 €
BENEFICIO INDUSTRIAL (6%)	162.371,81	166.431,11	171.424,04	176.566,76	181.863,77	858.657,50 €
SUBTOTAL PARTE FIXA	2.993.122,15	3.067.542,56	3.159.079,67	3.253.362,90	3.350.474,62	15.823.581,91 €
IVE (21%)	638.555,65	644.183,94	663.406,73	683.206,21	703.499,67	3.322.952,20 €
TOTAL ANUAL PARTE FIXA	3.621.677,80	3.711.726,50	3.822.486,41	3.936.569,11	4.054.074,29	19.146.534,11 €

O órgano de contratación en todo momento recolleu nas especificacións da licitación a desagregación necesaria do orzamento do contrato, cumprindo co disposto no artigo 100.2 da LCSP, con indicación dos custos directos e indirectos e detalle do gasto de persoal, todo o cal corrobora que devandito órgano cumpriu a súa función de analizar e determinar as condicións da licitación, sen que no recurso analizado móstrese claramente que existe erro ou deficiencia que determine a nulidade do orzamento por impedir a viabilidade da licitación.

TERCEIRO. Para finalizar indicar que tamén é obxecto de crítica (aínda que volve aparecer nin fundamentada nin argumentada) a porcentaxe de gastos xerais e beneficio industrial incluído no orzamento basee de licitación. Unha vez máis, o recorrente parece non ler a documentación que forma parte do expediente, onde se recolle en máis dunha ocasión que devanditas porcentaxes son do 4% e do 6% respectivamente, e que en todo caso á hora de presentar as ofertas por parte dos licitadores "Á totalidade dous custos aplicaráselle unha porcentaxe fixa obrigatoria do 4% en concepto de gastos xerais, deixando liberdade ao licitador para establecer o seu beneficio industrial esperado. A non aplicación desta porcentaxe supoñerá a exclusión do licitador. A suma dous custos de execución material, máis a aplicación dous gastos xerais do 4% e do beneficio industrial, determinará o custo total sobre



Concello de Vigo

ou que o licitador calculou o prezo proposto na súa oferta económica". (apartado 6 PCAP).

O recorrente argumenta contra a memoria económica que ".....no se explicita por qué se considera lícito un 3%. El precio del mercado no deja de ser un concepto jurídico indeterminado que debe ser respetado por el presupuesto base de licitación" "..... (páx.21 do recurso).

Ante a anterior argumentación simplemente cabe dicir que en ningún caso o órgano de contratación fala dun 3% que mereza ser cuestionado, xa que é claro que nin a porcentaxe de gastos xerais proposto (4%) nin o beneficio industrial (6%) coincide con ese 3% ao que alude.

CONCLUSIÓN. En suma, quen subscribe, entende que o recurso presentado non demostra o erro ou inconsistencia nas condicións da licitación que a fagan inviable, senón que unicamente pretende substituír os criterios técnicos e económicos do órgano de contratación polos seus "cálculos" propios, superficiais, e parciais, que como se demostrou nin son suficientes nin están xustificadas e adoecen de erros.

É relevante ter en conta que tal e como establece a normativa de contratación (LCSP) sobre o cálculo do orzamento dunha licitación, e a xurisprudencia que emana das resolucións dos tribunais administrativos de contratación: "la determinación de los diversos elementos que se refieren al valor del contrato es función esencial del órgano de contratación, a fin de obtener "un uso eficiente de los fondos públicos" (art. 1 LCSP) y permitir así la correcta ejecución contractual." (Resol. 46/2018 TACGAL).

Deste xeito, "la determinación del presupuesto de la licitación es competencia del órgano de contratación y, como tal, integrada en su ámbito discrecionalidad técnica, por lo que corresponde al recurrente la carga de probar (...) error o inconsistencia clara y suficiente o que determina necesariamente una imposibilidad de cumplir la estipulación contractual." "(Resol. 167/2022 TACGAL).

Tal como indicamos no presente informe derivado da análise do recurso presentado, o recorrente non proba nin total nin parcialmente a suposta "insuficiencia económica" do orzamento do contrato".

Compre engadir a este informe, con respecto á determinación do convenio colectivo aplicable para o cálculo dos custes laborais que integran o presuposto base de licitación que o artigo 102.3 da LCSP determina que "3. Os órganos de contratación coidarán de que o prezo sexa adecuado para o efectivo cumprimento do contrato mediante a correcta estimación do seu importe, atendendo ao prezo xeral de mercado, no momento de fixar o orzamento base de licitación e a aplicación, de ser o caso, das normas sobre ofertas con valores anormais ou desproporcionados. Naqueles servizos en que o custo económico principal sexan os custos laborais, deberán considerarse os termos económicos dos **convenios colectivos sectoriais, nacionais, autonómicos e provinciais** aplicables no lugar de prestación dos servizos".

Este foi o criterio seguido por esta Administración. Así, informa a responsable do contrato que "En consecuencia co disposto neste artigo os cálculos dos custes laborais realizáronse tendo en conta o Convenio colectivo do sector limpeza de

edificios e locais da Provincia de Pontevedra (Código de Convenio número 36000895011981 - BOPPO número 164, de 28 de agosto de 2019, e modificación publicada no BOPPO número 31 do 15 de febreiro de 2022)”.

Segundo a doutrina dos tribunais especiais en materia de contratación, o convenio aplicable para calcular os custes laborais, en aplicación do citado artigo, é o convenio sectorial que proceda, nunca o convenio de empresa, que so ten validez entre a empresa e os seus traballadores. Citaremos por todas, a Resolución nº 961/2022 do TACRC, de 28 de xullo de 2022, ditada nos recursos nº 797 y 809/2022, que di ao respecto que:

“El tenor literal de este precepto conduce a este Tribunal a afirmar que la Ley se refiere únicamente a los convenios sectoriales, nacionales, autonómicos y provinciales aplicables en el lugar de prestación de los servicios; no así a los convenios de empresa. Resulta por ello evidente que el órgano de contratación no se encuentra vinculado, a la hora de elaborar el presupuesto base de licitación, al convenio colectivo de empresa que pueda existir, lo que es lógico habida cuenta que el Convenio colectivo de empresa resulta aplicable únicamente a la empresa y a los trabajadores que lo han suscrito, y no a terceras empresas que puedan concurrir a la licitación”.

Examinadas as disposicións da lei e a doutrina administrativa acerca da mesma podemos soste que é indubitado que para calcular o presuposto base de licitación, con relación aos custes laborais, hai que acudir ao convenio sectorial de aplicación, nunca ao convenio de empresa, como sostén a recorrente.

En consecuencia, á vista do alegado, procede propoñer ao Tribunal a desestimación das alegacións do recorrente.

-VI-

Conclusiones

Á vista do exposto ó longo deste informe, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a admisión do recurso.

Con respecto ao fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o mesmo, unha vez analizados, no fundamento xurídico V deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación dos pregos que rexen este procedemento, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo mesmo no seu escrito de recurso, polas razóns esgrimidas no citado fundamento xurídico.

-VII-

Medidas cautelares

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.



Concello de Vigo

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento.

No caso que nos ocupa o recorrente non solicitou a suspensión do procedemento. Esta Administración considera adecuado para o interese público suspender o mesmo, pois de continuar coa tramitación se producirían danos de difícil ou imposible reparación se se estimase o recurso, por canto é probable que o contrato poida adxudicarse e formalizarse antes de que se resolva o presente recurso.

Á vista do exposto solicítase ao órgano de contratación e ao Tribunal a adopción da medida cautelar de suspensión.

-VIII-

Acordo

En mérito ao exposto, se propón á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o presente informe.

2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

3º.- Acordar a suspensión cautelar deste procedemento ata que o TACGAL dite resolución no presente recurso”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(65).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez